


CONCELLO DE CULLEREDO



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

**TOMO III: ESTUDO DO MEDIO RURAL E DA ÁREA URBANA DE CULLEREDO.
ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO**



MONTEOLIVA ARQUITECTURA S.L.P.

DOCUMENTO DE APROBACIÓN INICIAL

DECEMBRO 2.012

<u>CAIXA 1</u>		<u>CAIXA 3</u>		ÍNDICE XERAL
TOMO I.	ESTUDO DO MEDIO FÍSICO E XEOGRÁFICO	(1 Volume. DIN A3)	PLANOS	
TOMO II.	INFORMACIÓN E DIAGNOSE DAS INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS. LEXISLACIÓN SECTORIAL E INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO	(1 Volume. DIN A3)	ORDENACIÓN:	
TOMO III.	ESTUDO DO MEDIO RURAL E DA ÁREA URBANA DE CULLEREDO. ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO	(1 Volume. DIN A3)	- CLASIFICACIÓN DO SOLO (1 Plano E:1/10.000)	
PLANOS	INFORMACIÓN:		- SISTEMAS XERAIS (1 Plano E:1/10.000)	
	- INFORMACIÓN DO MEDIO FÍSICO	(23 Planos. Varios formatos y escalas)	- ESTRUCTURA XERAL (10 Planos. Formato DIN A1)	
	- INFORMACIÓN DA ÁREA URBANA	(15 Planos. Varios formatos E: 1/5.000)	- ORDENACIÓN DETALLADA	
	- ESTUDO DO MODELO DE ASENTAMENTO	(21 Planos. Varios formatos y escalas)	OD-01 (42 Planos. DIN A1 E:1/2.000)	
			OD-02 (42 Planos. DIN A1 E:1/2.000)	
			OD-03 (42 Planos. DIN A1 E:1/2.000)	
			REDES DE INFRAESTRUTURA DE SERVIZOS (1 Volume. DIN A3 E:1/4.000)	
			- SERVIDUMES AERONAÚTICAS E RADIOELÉCTRICAS (7 planos. DIN A1 E:1/20.000)	
			- ZONIFICACIÓN E SERVIDUMES ACÚSTICAS (3 planos. E:1/10.000)	
<u>CAIXA 2</u>		<u>CAIXA 4</u>		
TOMO IV.	MEMORIA XUSTIFICATIVA	(1 Volume. DIN A3)	PLANOS	
TOMO V.	ESTRATEGIA DE ACTUACIÓN E ESTUDO ECONÓMICO. INFORME DE SOSTIBILIDADE ECONÓMICA PROPOSTA DE CONVENIOS	(1 Volume. DIN A3)	- ÁREAS CON PLANEAMENTO DETALLADO INCORPORADO AO PXOM	
TOMO VI.	NORMATIVA URBANÍSTICA	(1 Volume. DIN A3)	APD-Sector R6 CARBALLEIRA	(15 Planos. DIN A1 E:1/1.000)
TOMO VII.	ANEXOS Á NORMATIVA URBANÍSTICA	(1 Volume. DIN A3)	APD-Sector I1 ALVEDRO NOVO	(18 Planos. DIN A1 E:1/1.000-2.000)
TOMO VIII.	CATÁLOGO DE PATRIMONIO	(1 Volume. DIN A4)	APD-Sector I2 PAZOS LESTE	(11 Planos. DIN A1 E:1/500-1.000)
TOMO IX.	INFORME DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL	(1 Volume. DIN A3)		

ÍNDICE

1	A ESTRUTURA DE ASENTAMENTO DE CULLEREDO.....	2
1.1.	O CONTEXTO METROPOLITANO.....	3
1.2.	AS DINÁMICAS E OS MOTIVOS DE CRECEMENTO AO LONGO DO TEMPO.....	6
1.3.	ASPECTOS MORFOLÓXICOS E TIPOLÓXICOS DO ASENTAMENTO.....	8
2	O MEDIO RURAL E OS SEUS ASENTAMENTOS. O TERRITORIO HUMANIZADO.....	11
2.1.-	ÁMBITOS TERRITORIAIS E OS SEUS LÍMITES. A PARROQUIA.....	12
2.2.-	OS USO DO SOLO.....	22
2.3.-	A ESTRUTURA VIARIA E PARCELARIA.....	26
2.4.-	OS ASENTAMENTOS, SITUACIÓN E MORFOLOXÍA.....	29
2.5.-	A ARQUITECTURA RURAL E DO TERRITORIO.....	31
3	A ÁREA URBANA DE CULLEREDO.....	38
3.1.-	O MARCO XEOGRÁFICO E OS SEUS LÍMITES.....	39
3.2.-	O RECOÑECEMENTO DO MEDIO URBANO A TRAVÉS DOS PLANOS DE INFORMACIÓN.....	41
3.3.-	O ESTUDO DA ÁREA URBANA A TRAVÉS DAS SÚAS PARTES. OS DISTRITOS.....	43
4	ESTUDO DA PAISAXE DE CULLEREDO.....	49
4.1.-	INTRODUCCIÓN.....	50
4.2.-	UNIDADES DA PAISAXE.....	52
<u>ANEXO 1:</u>		
	PLANOS-FICHAS DO ESTUDO DA PAISAXE.....	63
<u>ANEXO 2:</u>		
	METODOLOXÍA E SÍNTESE DO ESTUDO DO MODELO DE ASENTAMENTO RURAL. PROPOSTA DO SISTEMA DE NÚCLEOS RURAIS.....	82
<u>ANEXO 3:</u>		
	CENSO DE POBOACIÓN DO INSTITUTO NACIONAL DE ESTATÍSTICA.....	97
<u>ANEXO 4:</u>		
	NOMENCLATOR.....	102
<u>ANEXO 5:</u>		
	PADRON DE HABITANTES. ESTRUTURA POR IDADES.....	104

1 A ESTRUTURA DE ASENTAMENTO DE CULLEREDO



2

1.-a estrutura de asentamento de Culleredo

1.1. O CONTEXTO METROPOLITANO



Coroa metropolitana da Coruña.
Vista dos concellos de Culleredo e Oleiros



Instalacións da antiga fábrica CROS

Para comprender o modelo actual de asentamento de Culleredo convén primeiro facer un enfoque a escala metropolitana. Isto implica un exercicio de observación dos procesos acontecidos nunha área de territorio que abrangue varios concellos do entorno da Coruña, tomando como referencia a cidade central e a influencia que esta exerceu sobre o desenvolvemento periférico.

Apoiándonos nos traballos realizados ata agora sobre o tema, destacamos algúns aspectos a ter en conta.

- O proceso de desenvolvemento metropolitano da Coruña e o seu entorno ten lugar nun período de tempo moi curto no cal se producen cambios sociais e económicos que deixan unha pegada no territorio que se podería cualificar de precipitada.

A ausencia de instrumentos de planificación e de mecanismos de control fan que o proceso sexa incerto; podemos recoñecer a súa xénese pero descoñecemos o seu futuro. Por definición é dinámico e polo tanto dificilmente aprehensible nun intre preciso ou nunha concepción estática.

- O desenvolvemento metropolitano non entende de límites administrativos e si de límites físicos, tanto naturais como artificiais, que actúan como condicionantes.

É un proceso no cal existe un polo ou centro, a cidade da Coruña, e unhas dinámicas de atracción e de expulsión en relación ao mesmo.

A pegada que estas forzas deixan no territorio ten un efecto degradado, máis intenso canto máis próximo ao centro sempre baixo a tensión centrífuga das principais vías de comunicación.

Algúns autores definen, neste senso, unha primeira coroa metropolitana formada polos concellos de Arteixo, Culleredo, Oleiros e Cambre, como espazo no cal se producen relacións de interdependencia máis intensas.

- O desenvolvemento metropolitano supuxo a ruptura dun sistema de asentamento ancestral no cal os conceptos campo-cidade eran precisos. Hoxe non se sabe onde termina a cidade da Coruña, os seus límites históricos perdéronse, e o sistema de asentamento rural disperso, propio da sociedade autárquica, é irrecoñecible ou inexistente en determinadas áreas da periferia.

A nivel teórico xorde a necesidade de redefinir conceptos ou ben buscar novas palabras para nomear os novos fenómenos ou formas de ocupar o territorio. É obxecto deste traballo expor a forma en como se está a transformar o territorio de Culleredo no contexto metropolitano, máis que acertar na súa definición semántica.

- A área metropolitana constitúese como área de funcións relacionadas na que xorde a especialización e a descentralización de usos e actividades respecto á cidade principal.

A función residencial, historicamente representada pola cidade central, experimenta un forte desenvolvemento por igual nos catro municipios da primeira coroa metropolitana.


As funcións sociais e económicas, materializadas en diversos usos e actividades sobre o territorio xorden tamén máis alá dos límites da cidade histórica: industria, comercio, servizos administrativos, equipamentos, turismo, lugares de ocio, etc. distribúense polo territorio periférico.

Segundo Precado Ledo, estas novas funcións que asume a periferia apóianse en catro corredores de urbanización coincidentes coas principais e históricas vías de comunicación que converxen na Coruña: eixo de Fisterra, eixo de Castela, eixo de Santiago, e polo último, o eixo de Cambre-O Burgo.

Varios autores inciden sobre a enorme influencia que as vías de comunicación, e en particular a mobilidade individual motorizada, exercen no desenvolvemento urbano da área metropolitana.



A barreira natural da Ría do Burgo



Dado que existen estudos recentes que analizan a área metropolitana da Coruña, imos recordar os aspectos máis destacados do fenómeno metropolitano que afectan directamente ao termo municipal de Culleredo.

- Culleredo como territorio de paso e de acceso á Coruña.

Motivos xeomorfolóxicos e fisiográficos que teñen relación coa posición da península da Coruña e as posibilidades de cruzar a Ría do Burgo fixeron que dende a antigüidade, o que hoxe é Culleredo se constituía como territorio de paso obrigado para acceder á Cidade dende o interior.

A barreira natural do Monte da Zapateira e as súas estribacións que se desenvolven cara á Ría (Monte Alfeirán) deixa unha estreita franxa de paso á altura do nivel do mar. Os enclaves antigos do Burgo e O Portádego son evidencias da existencia dunha ruta adaptada ás condicións do medio físico. As vías de comunicación da etapa preindustrial (estrada nacional a Santiago, ferrocarril, ...) apértanse tamén nesta estreita franxa costeira.

A decisión de construír o aeroporto da Coruña na dorsal de Alvedro nos anos 60 reforzou novamente o papel de Culleredo como porta de entrada á Cidade.

Outras vías de acceso máis recentes volven a atravesar transversalmente o termo municipal, primeiro a autoestrada do Atlántico (AP-9) e logo a A-6 que en vez de apuntar directamente á Cidade, opta por buscar a conectividade con outra nova porta da Cidade: o porto exterior.

O proxecto da terceira rolda, a variante de acceso ao aeroporto así como outras previsións enmarcadas en estratexias metropolitanas (Plan MOVE, etc.) terminan de situar ao territorio de Culleredo no complexo sistema de interrelación .

Outras infraestruturas, neste caso de subministro e saneamento de auga, de transporte de enerxía (electricidade, petróleo, gas) cruzan o termo municipal poñendo en evidencia a complexidade de certos sistemas compartidos que transcenden do ámbito local.

- Culleredo e o proceso de descentralización de actividades.

A mediados do século XX iniciouse na Coruña o desmantelamento da industria que ata entón se tiña desenvolvido no propio tecido urbano, ocupando a fronte do Orzán. A expansión residencial e o desenvolvemento social e económico da Cidade levou implícita unha nova demanda de solo industrial que xa non tiña cabida no seu interior.

Unha proba de que o proceso de expulsión de usos industriais tiña comezado foi a escasa representación que o Plan Cort de 1945 daba a actividade industrial. A oficina técnica municipal propuxo, nas súas emendas ao Plan Cort, a implantación da industria nas marxes da Ría do Burgo. Aínda que nunca chegou a materializarse aquela visión plasmada nun proxecto dos enxeñeiros Salorio, Solórzano, Cebrían e Pérez Alcalde, o certo é que a marxe esquerda da Ría foi obxecto de transformación, consecuencia do que poderíamos chamar inicio do proceso de descentralización de actividades ou de inicio do proceso de metropolitanización.

Algunhas áreas inicialmente ocupadas para tal fin, caso da fábrica CROS, foron obxecto de reconversión en resposta a outro proceso característico das áreas metropolitanas do que se falará máis adiante.

Durante as cinco derradeiras décadas a implantación de usos industriais concretada en grandes polígonos responde ás forzas de expulsión e apóiase nos principais eixos de comunicación de penetración á cidade central. Culleredo participa neste proceso a través de dous eixos: eixo da Ría do Burgo (A Marisqueira e Alvedro) e eixo da autovía A-6 (Ledoño).

A función terciaria presenta unha maior complexidade no espazo de relación metropolitano, observándose que se dan simultaneamente forzas centrífugas e centrípetas dependendo de factores como o uso, a accesibilidade, necesidades de solo, prezo do solo, etc.



Desenvolvemento lineal no Concello de Arteixo



Asentamento estendido en Sigrás, no Concello de Cambre

Por un lado, a cidade central consolidouse na función terciaria sustentada nos poderes públicos (administración pública) e nas forzas económicas (función financeira, empresas, pequeno e mediano comercio, etc.); porén, certas actividades, algunhas xurdidas na sociedade máis contemporánea, situáronse novamente no espazo periférico á cidade, entre elas poderíamos citar as seguintes:

- Equipamentos de titularidade privada que desempeñan unha clara función pública como centros de ensinanza, residencias de estudantes ou de persoas maiores.
- Sociedades recreativas e deportivas que buscaron emprazamentos atractivos en canto ao grao de naturalidade do entorno.
- Grandes superficies comerciais demandantes de unha grande extensión superficial e de boa accesibilidade.

No concello de Culleredo a materialización deste tipo de actividades tivo lugar principalmente no Monte da Zapateira, apoiándose na estrada provincial que conduce ao Club de Golf, como soporte de accesibilidade e gozando de beneficios e sinerxías como a existencia dun entorno natural, a proximidade á universidade, o custo menor do solo, etc.

O caso particular da Universidade Laboral (hoxe dedicada aos últimos ciclos da ensinanza pública e formación profesional), debe enmarcarse novamente no proceso de descentralización, neste caso de grandes equipamentos, demandantes de extensión superficial e accesibilidade. Con maior ou menor fortuna no seu emprazamento xurdiron outros como o Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, o Complexo Universitario de Elviña, o INEF en Bastiagueiro, o Cemiterio de Feans, ...

- O desenvolvemento residencial no contexto metropolitano.

A función residencial vai experimentar durante o transcurso do século XX unha forte transformación nos concellos dos redores da Coruña, superpoñéndose ao sistema ancestral de asentamento disperso e rural unha sucesión de novas tramas e formas de asentamento residencial.


Dita transformación adquire maior intensidade durante os derradeiros vinte e cinco anos a raíz do fortalecemento económico e social da Coruña que levou implícito un forte dinamismo no seu espazo periférico. A pegada que este fenómeno está deixando no territorio é a dunha grande aglomeración composta de novos tecidos residenciais que presentan diferenzas nos concellos que compoñen este ámbito de relación. É posible recoñecer diferenzas no grao e forma de ocupación do territorio a un lado e a outro do macizo da Zapateira. Así a zona occidental, representada polo concello de Arteixo e a periferia suroeste da Coruña presentan desenvolvementos lineais apoiados no eixo A Coruña-Fisterra, con núcleos como Arteixo, Vilarrodís, Pastoriza e Meicende que experimentaron unha notable medra.

Factores xeomorfolóxicos e, seguramente, a vocación industrial desta área poden ser a causa da “relativa” concentración residencial.

No extremo oposto, os concellos de Oleiros, Sada, Cambre, Bergondo, amosan unhas formas de asentamento máis estendidas e desenvolvidas e menos densas, con casos extremos como os concellos de Sada e Bergondo onde o desenvolvemento da vivenda unifamiliar illada abrangue gran parte da extensión territorial.

O Concello de Culleredo presenta un desenvolvemento residencial mixto, con áreas densamente edificadas coincidindo co espazo da Ría, fronte a outras de asentamento diseminado en convivencia co modelo de asentamento rural disperso. Como se verá si adiante, Culleredo constitúe un laboratorio de formas de asentamento xurdidas en diferentes momentos e con diversas motivacións que deron lugar á formación de tramas características que se superpoñen e conviven nun territorio fragmentado.

1.2. AS DINÁMICAS E OS MOTIVOS DE CRECEMENTO AO LONGO DO TEMPO



Unha maneira de analizar a estrutura de asentamento é coñecendo as dinámicas ao longo do tempo e a motivación xurdida en cada momento froito dos cambios sociais e económicos acontecidos no transcurso da historia.

A modo de introdución convén facer unha breve referencia ao pasado e, en particular, ao período de romanización do territorio galego pois supuxo a orixe da estrutura de asentamento rural que perdurou ata os nosos días. A cultura romana, aínda que de forma tardía en Galicia, introduciu un novo orden de organización social e produtivo que “invitou” aos poboadores dos castros a abandonar os seus emprazamentos en outeiros de carácter defensivo para colonizar as terras baixas, fértiles, aplicando novos modelos e técnicas de explotación agraria.

Xorden así as “*vilae*” ou novos asentamentos de poboación que de forma dispersa se irán desenvolvendo durante o período de influencia romana e posteriormente baixo a influencia dos poboadores proveñentes do norte de Europa.

Varios asentamentos histórico-rurais de Culleredo como Vilaboa, Donepedre, Vigovidín, Cillobre, Burgo, ..., presentan na súa toponimia as raies latinas e xermánicas que evidencian a pegada cultural do pasado.

Fronte a un modelo de asentamento de base agraria ou rural xorde na alta idade media o asentamento do Burgo, de característica urbana. Lembremos que o concepto de “urbano” referido a esa época atribúese aos asentamentos que reúnen unhas condicións tais como emprazamento seguro, defensivo ou estratéxico, unha base social de estrutura gremial, estrutura económica baseada no comercio (consta en fontes históricas que O Burgo foi porto marítimo), así como o apoio institucional.

Chama a atención a escasa pegada existente na actualidade dunha cidade que, segundo fontes documentais, debeu ter importancia.

Atribúeselle tamén unha vinculación directa con Brigantia (A Coruña) pois ámbolos dous emprazamentos sufriron flutuacións demográficas en virtude da conxuntura bélica e de seguridade. Coñécese que a poboación da Coruña se retiraba ao emprazamento do Burgo baixo a ameaza dos ataques normandos atopando aquí maior seguridade. Xa entrado o século XIII, con apoio institucional, prodúcese a repoboación da Coruña en detrimento do Burgo, que termina no seu declive.

O mundo rural experimenta un rexurdimento poboacional en toda Europa tras o descubrimento de América, acadando o seu máximo esplendor nos séculos XVII e XVIII. A introdución de novos produtos, algúns deles tan estendidos en Galicia como o millo e a pataca permitiu conseguir maior cota de sustentabilidade do sistema autárquico.

O territorio galego logrou un alto grao de antropización en consonancia cas condicións do medio físico e a capacidade de acollida da actividade agrícola. Durante este período consolidouse o que foi, ata fai unhas décadas, un sistema de organización social e económico cunha forte dependencia e integración no medio físico articulado en unidades territoriais, chamadas parroquias, que aglutinaban as funcións básicas para o desenvolvemento da vida en comunidade.

O modelo de asentamento rural de Culleredo, a súa división parroquial, o seu espazo agrícola, os seus montes, aínda con todas as transformacións recentes que o desvirtúan ou anula, é a herdanza de dito momento de esplendor.

Durante o século XIX e principios do XX prodúcese un punto de inflexión nunha etapa que podemos chamar de transición cara un novo modelo de asentamento contemporáneo. Esta etapa de transición identifícase coa etapa preindustrial na cal a cidade da Coruña inicia o seu proceso de cambio no orden social e económico deixando unha pegada na súa área de influencia. As vías de comunicación de acceso á cidade que atravesan Culleredo van servir de soporte a unha nova forma de asentamento lineal que responde a motivos de mobilidade e accesibilidade en relación a novas actividades distintas ao sector primario. Comeza polo tanto a se facer visible as relacións de dependencia entre a cidade e a súa periferia.



Vila en Almeiras



Novas urbanizacións residenciais no Monte da Zapateira

Ao mesmo tempo que se dá esta forma de asentamento lineal apoiado nas estradas, proliferan as vilas ou casas da burguesía coruñesa que atopan no territorio periférico enclaves axeitados para a estancia estival. Estas manifestacións localízanse nas parroquias do norte de Culleredo, nas abas que miran cara a Ría do Burgo e ao val do Río Valiñas.

O que na primeira metade do século XX constitúe un fenómeno atribuíble a un estrato social con máis poder económico, vaise xeneralizando no anos 60 e 70 dando lugar á segunda residencia que se concreta na vivenda illada ou “*chalet*”. A proximidade de Culleredo a A Coruña provocou que, de xeito temperán ocorrido en concellos como Sada, Cambre ou Bergondo, a segunda residencia deriva cara a primeira residencia nun proceso de ocupación do espazo agrícola. Grandes extensións das parroquias de Almeiras, Culleredo, Orro e Sésamo fóronse ocupando no transcurso de tres décadas ata que a Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia do ano 2002 prohibiu a edificación residencial en solo rústico.

Na década dos 80 iníciase en Culleredo un forte desenvolvemento urbano ao abeiro do PXOM de 1987, tomando como punto de partida os focos urbanos preexistentes do Burgo, Fonteculler, A Corveira e Vilaboa. Dito proceso comeza sendo unha transformación dos asentamentos lineais de transición da etapa preindustrial, que son substituídos por novos rúes de vivenda colectiva estruturados ao redor aos dous grandes eixos viarios da estrada nacional a Santiago e a estrada de Fonteculler-O Burgo.

Unha segunda fase de desenvolvemento urbano iría cubrindo ocos mediante instrumentos de ordenación e xestión tais como os Plans parciais de Cordeda, A Cros, Acea de Ama, ...

Así durante as décadas dos anos 90 e os 10 do presente século, Culleredo presenta unha da maior explosión demográfica de Galicia, concentrada nun foco urbano periférico de reducida extensión superficial. En vinte anos a parroquia do Burgo multiplica a súa poboación por tres e a parroquia de Rutis, onde se localizan os focos urbanos do Portádegro, A Corveira e Vilaboa, a multiplica por algo máis do dobre. Todo isto inmerso xa nun contexto metropolitano no cal a motivación atópase no prezo da vivenda, máis competitivo en Culleredo respecto a A Coruña, que mesmo atravesa momentos de perda de poboación.


Durante este último período da historia contemporánea de Culleredo vai producirse outro fenómeno característico no proceso de creación de novas formas de asentamento. Trátase da colonización do Monte da Zapateira, compartindo responsabilidade no proceso cos concellos da Coruña e Arteixo. Como se ten explicado no apartado anterior, o lugar ofrece unhas condicións ambientais (grao de naturalidade, paisaxe atractiva, ...) que motivan a implantación de dotacións educativas, asistenciais, socio-deportivas, en gran parte de titularidade privada.

Tamén ten éxito o desenvolvemento de novas urbanizacións residenciais que importan o modelo residencial anglosaxón de vivenda illada ou acaroadada, con cariz de exclusividade nalgúns casos, o cal deixa entrever outra motivación asociada a un estrato social acomodado que desenvolve a función de habitación nestes recintos illados, nalgúns casos literalmente pechados como a urbanización “Os Álamos” e que dependen da mobilidade motorizada para exercer o resto das funcións

1.3. ASPECTOS MORFOLÓXICOS E TIPOLÓXICOS DO ASENTAMENTO

ESTUDO DA TIPOLOXÍA DOS ASENTAMENTOS

- ASENTAMENTOS RURAIS OU DE ORIXE ANTIGA
- CRECEMENTOS ESPONTÁNEOS NO MEDIO RURAL
- CRECEMENTOS LIÑAIS DE TRANSICIÓN
- CRECEMENTOS URBANOS DE ORIXE ESPONTÁNEA DE BAIXA DENSIDADE
- CRECEMENTOS URBANOS DE ORIXE ESPONTÁNEA DE ALTA DENSIDADE
- DESENVOLVEMENTOS URBANOS EN POLÍGONOS DE BAIXA DENSIDADE
- DESENVOLVEMENTOS URBANOS EN POLÍGONOS DE ALTA DENSIDADE
- ENCLAVES INDUSTRIAIS OU LOXÍSTICOS DE ORIXE ESPONTÁNEA
- DESENVOLVEMENTOS INDUSTRIAIS OU LOXÍSTICOS EN POLÍGONO
- GRANDES DOTACIÓNS OU INFRAESTRUTURAS



Outra forma de comprender a estrutura xeral de asentamento de Culleredo é mediante a análise dos aspectos morfolóxicos, tipolóxicos e de uso que caracterizan aos seus asentamentos.

Axudados da expresión gráfica contida nos diferentes planos do Estudo do Modelo de Asentamento e, en particular, do plano EA-02 “Estudo da tipoloxía dos asentamentos”, tipificáronse os seguintes asentamentos:

USO RESIDENCIAL

ASENTAMENTO NO MEDIO RURAL

NÚCLEO HISTÓRICO - TRADICIONAL

CRECEMENTO CONTEMPORÁNEO ESPONTÁNEO

ASENTAMENTO LINEAL DE TRANSICIÓN

ASENTAMENTO URBANO

DE ORIXE ESPONTÁNEA

CRECEMENTOS EN POLÍGONO

USO INDUSTRIAL – LOXÍSTICO – EMPRESA SE SERVIZOS

ASENTAMENTO DE ORIXE ESPONTÁNEA

CRECEMENTOS EN POLÍGONO

Asentamento rural. Núcleo histórico - tradicional.

Recoñécese unha estrutura de asentamento rural de orixe antiga formada por núcleos ou entidades dispersas, con topónimo diferenciado e que se caracteriza pola súa estrutura integrada no territorio rural. A pesar das transformacións acaecidas na sociedade rural, actualmente en situación de crise, os asentamentos conservan en gran parte os trazos morfolóxicos, tipolóxicos e de uso orixinais.

A estrutura viaria e parcelaria así como a edificación residencial e adxectiva ás albores do campo son herdanza dun sistema de asentamento que se desenvolve en resposta a un proceso de adaptación ás condicións do medio físico. De aí que a morfoloxía dos núcleos se caracterice polo desenvolvemento orgánico e adaptado.

Asentamento rural. Crecemento contemporáneo espontáneo.

Tras o ocaso da sociedade rural e do sistema de economía autárquico, xorde durante a segunda metade do século XX unha nova forma de asentamento suxeita a outras leis ou dinámicas cuxo denominador común son a relación de dependencias fóra do ámbito rural inmediato e as posibilidades de mobilidade que ofrece o automóbil.

Xorde así unha forma de asentamento que se estende, baixo o soporte dunha prolífica rede viaria herdada do mundo rural, sobre terreos pertencentes ao antigo espazo agrícola e incluso sobre terreos de monte mediante vivenda unifamiliar illada. Este proceso, espontáneo tamén, ten difícil lectura pois a súa concreción física é pouco clara, e ofrece múltiples resultados froito dunha motivación deformada.

O asentamento disperso desvirtúase coa edificación diseminada sendo difícil o mero recoñecemento.

Porén, atendendo á motivación é posible discernir sobre algúns tipos e estruturas diferenciadas:

- Crecementos contemporáneos sobre a base da existencia dun núcleo histórico-tradicional. Normalmente habitado por poboación que garda relación cos habitantes do núcleo orixinal (descendentes) e que, polo tanto, conservan o apego ao lugar e manteñen lazos de relación e cohesión social.

Son asentamentos de menor densidade edificatoria que utilizan o soporte viario rural e que pouco a pouco consolidaron asentamentos antigos de estrutura polinuclear.

- Novos crecementos desvinculados dos asentamentos histórico-tradicionais, normalmente ocupados por poboación foránea (no seu momento) e que non gardan relación co medio físico e rural.

Son asentamentos de estrutura laxa, pouco ou nada integrada no contexto físico, que de forma espontánea foron constituíndose en agrupación.

Nalgúns casos xurdiron a modo de brote, froito de operacións de reparcelación de terreos chegando a formar agrupacións máis densas que as anteriores.



Asentamento de transición

Asentamento lineal de transición.

Denomina asentamentos de transición aos desenvolvementos acontecidos durante a primeira metade do século XX apoiados nas novas estradas de acceso á cidade da Coruña.

Son asentamentos xeralmente de uso residencial aínda que tamén xurdiron edificacións de uso industrial-comercial, moi dependentes do sistema viario, nos cales se observa unha clara estrutura lineal formada por edificacións de unha, dúas ou ao sumo tres plantas, que presentan un fronte ou fachada principal aliñada ao viario e unha traseira destinada a horta.

Baixo este esquema ocupáronse largos tramos da estrada do Burgo e a súa variante a Sigrás, así como a estrada nacional A Coruña-Santiago e a estrada que, dende a nacional, sube a Culleredo.

A denominación de “transición” leva implícita a curta vixencia temporal que tivo esta forma de asentamento en determinadas zonas de Culleredo, pois empezou a ser substituída en décadas recentes polo novo desenvolvemento urbano.

Asentamento urbano contemporáneo de orixe espontánea.

Formando parte da área urbana de Culleredo atopamos áreas ou zonas que integran a malla urbana e teñen unha orixe espontánea ou pre-planificada.

Diferénciase á súa vez en áreas de asentamento denso e compacto e en áreas de baixa densidade.

As primeiras responden aos inicios do solo urbano de Fonteculler, Vilaboa e O Burgo nun proceso de substitución e transformación dos asentamentos de transición por novas edificacións residenciais, de maior volume edificado, pero baixo o esquema lineal das principais vías de comunicación. Noutros casos, como O Burgo dos anos 70, xurdido dende un plano de aliñacións.

En canto ás áreas de baixa densidade ou de vivenda unifamiliar, trátase de desenvolvementos de orixe espontánea na periferia urbana inmediata, que pronto foron absorbidos e tratados baixo o “status” do urbano, se ben arrastran trazos de ruralidade na súa estrutura viaria e parcelaria.

En ámbolos dous casos o PXOM do 1987 os integrou na ordenación do solo urbano, o que propiciou a súa consolidación.



Asentamento residencial en polígono

Asentamento urbano en polígono.

Comprende os ámbitos de asentamento residencial que foron previstos no Plan do 87. A súa execución é resultado dun proceso de planificación detallada, xestión e urbanización do solo de ámbitos específicos (polígonos) que, en sucesión de agregados, foi conformando a cidade.

Novamente cabe distinguir entre polígonos de alta densidade, que conforman a cidade compacta, e polígonos de baixa densidade en tipoloxía de vivenda unifamiliar. Estes últimos desenvolvidos en ámbitos independentes, desligados da malla urbana densa e con estrutura morfolóxica pouco integrada no medio físico onde se sitúan.

Asentamento industrial de orixe espontánea.

Durante a segunda metade do século XX foise consolidando, nun proceso de implantación espontáneo, a industria de Alvedro e A Marisqueira. Son asentamentos desenvolvidos baixo a influencia da estrada O Burgo-Sigrás no caso da Marisqueira e da estrada nacional A Coruña-Santiago no caso de Alvedro, como soporte principal de acceso e como únicas infraestruturas articuladoras. Ámbolos dous presentan unha estrutura interna desarticulada, froito da espontaneidade.



Polígono Empresarial de Alvedro, en construción

Asentamento industrial en polígono.

Xa entrado o século XXI, ten lugar en Culleredo o desenvolvemento tardío do solo industrial en polígono. Un deles é o Centro Loxístico de Transportes de Ledoño, desenvolvido ao abeiro dun Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal que se beneficia das sinerxías producidas pola conxunción de elementos como o enlace da autovía A-6 en Ledoño, o paso da liña férrea e a proximidade do aeroporto. O outro constitúeno o Polígono Empresarial de Alvedro, promovido pola entidade Xestur en desenvolvemento das previsións do planeamento anterior.

Ámbalas dúas actuacións viñeron a cubrir unha grande carencia que permitiu durante décadas o desenvolvemento espontáneo e desordenado de usos industriais.

2 O MEDIO RURAL E OS SEUS ASENTAMENTOS. O TERRITORIO HUMANIZADO



2.1.- ÁMBITOS TERRITORIAIS E OS SEUS LÍMITES. A PARROQUIA

No presente bloque do estudo do medio rural e do modelo de asentamento de Culleredo vamos a centrar a atención no medio rural e no sistema de asentamento tradicional.

Sabemos de antemán que o medio rural de Culleredo e o seu sistema de núcleos de poboación atópase hoxe desvirtuado ou desaparecido en certas áreas do Concello respecto a un momento anterior que podemos datar ao redor de finais do século XIX e primeiras décadas do século XX. Este proceso de perda de ruralidade atribuímos á influencia que exerceu o medio urbano polarizado na cidade da Coruña e á situación de crise que vive o sector primario a nivel global.

Ante esta situación e co obxectivo de facer unha descrición completa e retrospectiva, é dicir, incorporando áreas de asentamento rural que o foron no pasado, convén abstraerse do proceso de desenvolvemento urbano recente, e de aquelas interferencias que dificultan a observación e interpretación pretendida.

Entendemos por “territorio humanizado”, no seu sentido máis ancestral, a área territorial de influencia do asentamento de orixe rural ou antiga. Esta definición debe asociarse ao concepto de dependencia do medio, o que deu lugar a un territorio transformado que abrangue unha extensión superficial determinada, nin máis nin menos que a necesaria para procurarse o sustento, e que en Galicia respondeu a un sistema de economía autárquica ou de mínimos.

Antes de proseguir coa descrición detallada dos ámbitos humanizados de Culleredo, vamos tratar de definir o escenario xeográfico onde ten lugar e vamos advertir das disfuncións que atopamos entre os límites naturais que definen ditos espazos e os límites administrativos do Concello, que acoutan o alcance do documento.

Unha primeira aproximación condúcenos a identificar o medio rural de Culleredo co espazo definido pola conca do Río Valiñas e co espazo que, cara ao norte, ten continuidade na marxe esquerda do Río Mero e a Ría do Burgo, ata o límite co Concello da Coruña.


Este val, está rodeado en case toda súa totalidade por outeiros e dorsais que o protexen e, ao mesmo tempo, condicionan súa relación cos concellos limítrofes.

Falamos entón dunha forte coincidencia entre límites administrativos, o Concello, e límites ou accidentes xeográficos, que debuxan un mapa municipal sinxelo de entender.

O soporte físico no que se desenvolve este territorio ten unha morfoloxía complexa, feito acentuado polo grande salto de altitude topográfica que se produce entre os extremos do Concello (un máximo de 500 m entre o borde da ría, ao Norte e os Montes de Xalo, no límite con Cerceda, ao Sur).

Por norma xeral, aínda dentro da súa variedade, son os accidentes xeográficos os que marcan os límites administrativos dun concello: ríos, as liñas divisorias naturais das concas destes, un estreitamento ou cambio de orientación dun val, a unión dunha serie de puntos elevados, a directriz dunha dorsal, etc. Quizás, unha excepción significativa a esta norma atopámola na parroquia de Castelo, onde en troques de ser unha dorsal a liña divisoria entre o Concello de Culleredo e o de Carral, é o Rego de Brexa, situado máis ao Surlleste, o que establece o límite entre os dous termos municipais. Un feito lóxico (a canle dun río) pero que chama a atención xa que parte da parroquia de Castelo non "mira" cara Culleredo, senón a Carral.

Algo similar, sucede na parroquia de Orro, na parte Oeste do municipio e no límite con Arteixo, onde a aldea do Souto, intégrase con total naturalidade no Val de Morás, no concello veciño.



O territorio de Culleredo comeza a desenrolarse ao Oeste a través dunha dorsal que nace na ría do Burgo e percorre todo o municipio, con escasas zonas de paso cos Concellos limítrofes da Coruña, Arteixo e A Laracha.

Ao Sur, os límites con A Laracha, Cerceda e Carral, veñen fortemente marcados polos Montes de Xalo e, en menor medida, polo pequeno val do Río Brexa.

Estes montes, con máis de 500 m de altitude, e pendentes que se achegan nalgúns casos ao 50%, son un claro condicionante, non só a nivel visual, senón tamén climatolóxico, paisaxístico e medioambiental, de todo o termo municipal.

Na parte Leste, e limitando cos Concellos de Carral e Cambre, continúa outra dorsal que, de xeito progresivo, vai perdendo altura ata chegar á unión do Val do Río Valiñas co do Río Mero, e súa desembocadura na ría.

Por último, ao Norte, é a Ría do Burgo a que marca o límite natural, entre o Concello da Coruña, e o de Oleiros, xa na outra marxe da ría.

Será nesta parte do termo municipal, onde se produzan as comunicacións máis importantes entre o Concello de Culleredo e os da Coruña, Cambre e Oleiros.

Esta proximidade coa Coruña e a inclusión na súa área metropolitana, é imprescindible para entender gran parte das dinámicas de desenrolo nos últimos anos e os fortes contrastes que se producen no Concello de Culleredo.

Como se dixo antes, gran parte do municipio artéllase a través do Val do Río Valiñas, que discorre cunha orientación Suroeste -Nordeste, a unha cota media de 100 m de altitude, proseguindo cara ao norte pola marxe esquerda.

Dentro desta conca, é posible distinguir outros ámbitos territoriais secundarios mediante unha observación máis detallada do territorio. Xurde entón o concepto de parroquia ou, o que é o mesmo, o ámbito espacial onde se artella a vida comunitaria en virtude das relacións de veciñanza, de traballo, etc., nun marco territorial definido.

A parroquia identifícase e recoñécese no territorio, se ben, se seus límites nuns casos son tan claros como a liña definida por un río ou un monte, noutros son máis sutís; un rego, unha leira ou o cambio de orientación dunha lomba. É por isto que o ámbito parroquial non ten tanto que ver coa definición duns límites senón coa maneira de percibir e habitar un territorio.

Se poñemos en relación o Plano de Distribución Parroquial de Culleredo a escala 1/20.000 e o poñemos en relación co Plano Hipsográfico, compréndese cómo os ámbitos parroquiais se corresponden con unidades xeomorfolóxicas.

A existencia duns simples accidentes xeográficos adquire suma importancia cando contribúen a formalizar un espazo territorial que o home é capaz de percibir; ben porque se produce unha conca visual ou porque as diferenzas xeográficas deixan a pegada no territorio.

Así, na zona central do concello, e en torno a aquel val do que facíamos mención, é onde se ubicarán a maior parte das parroquias de Culleredo. Aproveitando a propia traza do Río Valiñas para establecer os límites parroquiais nas cotas máis baixas e, ocupando os bordes do val, diríxense ata os límites municipais a medida que aumenta a altitude topográfica. Deste xeito, chegamos, xa no Sur do concello, ata a barreira física que supoñen os Montes do Xalo.

En troques, as parroquias do Norte, ou ben se artellan en torno a un pequeno val dun río como sucede no caso de Rutis e o Río de Castro, o ben buscan directamente a saída natural á ría, como no caso das parroquias do Burgo ou Almeiras.

Así, dende unha consideración xeomorfolóxica e espacial, e atendendo a outros motivos xeográficos ou de relación con outras áreas exteriores, pódense recoñecer dous grandes espazos territoriais que dividen o Concello de Culleredo en dúas partes á altura do Monte San Cosme. A parte norte aínda máis fraccionada polo accidente do Macizo de Alvedro que afasta os ámbitos das parroquias de Rutis e O Burgo, artelladas polo Rego de Castro, dos ámbitos que miran aos tramos máis baixos do Mero e Valiñas, nas parroquias de Almeiras e Culleredo. A parte sur do Concello, formado polos ámbitos das parroquias restantes que teñen en común o gran espazo visual da conca alta e media do Valiñas.

Imos facer unha descrición máis polo miúdo destes espazos:

Ámbito da Ría do Burgo. Parroquias de Rutis e O Burgo:

A parroquia de Rutis estrutúrase ao redor do Rego de Castro e estaría formada polos asentamentos de orixe rural de Cordeda, Conduzo, A Laxe, Castro, Vilaboa e Río da Coba. Descoñecemos se o lugar de Acea de Ama responde á existencia dun asentamento ou máis ben é a referencia aos muiños de marea.

O caso é que hoxe en día a parroquia de Rutis atópase moi transformada respecto ao seu momento de esplendor rural, anterior ao século XIX. O seu espazo agrícola está practicamente substituído polo espazo urbano e fragmentado por grandes dotacións e infraestruturas. Así tamén o monte (Alfeirán, Montespiño, Runs), ...), que no pasado foi complemento para o sustento, atópase parcialmente ocupado.

Coa ruptura da relación de dependencia entre a poboación e o medio natural, o espazo de influencia ou territorio humanizado reduciuse á mínima expresión. A poboación que habita hoxe os núcleos rurais é, nunha gran proporción, poboación de idade avanzada que mantén as hortas ou leiras máis próximas como función complementaria.

Noutros casos trátase de descendentes cuxa actividade principal encaixa nos sectores da industria e os servizos. E en todo caso realizan labores de mantemento ou de aproveitamento agrícola de complemento.

É por isto que a parroquia de Rutis, con todas as súas transformacións e mutilacións territoriais mantén, como testemuño do que no pasado foi, a pegada dos seus elementos construídos máis contundentes; isto é, os asentamentos e casaríos constituídos pola súa estrutura viaria e a súa estrutura parcelaria edificada, nuns casos co seu espazo agrícola menos transformado (A Laxe, Castro) e noutros rodeados pola cidade.

Rutis ademais presenta outra cara no rural na súa imaxe retrospectiva. Trátase da parte máis setentrional da parroquia, representada polo topónimo O Portádego, o cal fai referencia á porta de entrada a cidade da Coruña na Alta Idade Media, por motivos xa explicados anteriormente relacionados co relevo e o paso natural pola ribeira esquerda da Ría.

Descoñecemos tamén se a toponimia do entorno do Portádego (Fonteculler, A Corveira) responde a algún asentamento antigo xa desaparecido ou é o nome que foron adoptando os asentamentos camiñeiros de orixe decimonónico ao redor das vías de acceso a cidade.

A parroquia do Burgo reúne características singulares que a fan diferente ao resto. Non é unha parroquia de orixe rural, se non que se circunscribe ao asentamento urbano de orixe medieval. É por isto que a súa extensión é pequena (54 Has) e o seu ámbito de influencia carece de espazo forestal ou monte e o espazo orixinal dedicado ás agras foi de escasa extensión. Hoxe en día a parroquia do Burgo é netamente urbana, polo que será analizada no contexto da área urbana de Culleredo.

Por último cremos necesario, ao falar das relacións de dependencia co medio natural, facer unha referencia aos recursos do mar como fonte complementaria do sustento. A Ría do Burgo foi e segue a ser, pose aos problemas de contaminación actuais, fonte de recurso marisqueiro da poboación ribeirá. Núcleos tradicionais como As Xubias (A Coruña), Perillo (Oleiros), O Temple (Cambre) e xa en Culleredo, Vigovidín, O Burgo, Cordeda, ... tiveron relación coa actividade marisqueira deixando a súa pegada no territorio mediante ramplas, peiraos ou embarcadoiros; algúns deles desaparecidos tras as actuacións no bordo marítimo.

Ámbito da conca baixa dos ríos Mero e Valiñas. Parroquias de Almeiras e Culleredo:

A parroquia de Almeiras desenvólvese ao redor do macizo de Alvedro, estendéndose polas suaves abas que descenden ata os ríos Mero e Valiñas, nos seus tramos inferiores. Os núcleos orixinais de certa entidade son A Choeira, Vigovidín e Alvedro, todos eles situados nas cotas altas do macizo, supoñemos que por razóns de microclima pois debido á proximidade do canle a altitude libéraos das néboas e por razóns xeomorfolóxicas, o macizo de Alvedro presenta unha sección transversal convexa.

O espazo agrícola situábase orixinalmente na penechira internúcleos así como nas abas que miran ao fondo do val. As zonas de monte, escasas, entremestúranse alí onde a pendente do terreo impide o aproveitamento agrícola.

Hoxe a parroquia de Almeiras atópase fortemente alterada, en especial o seu espazo agrícola, ocupado polo aeroporto e as zonas industriais que rodean o macizo.

A zona de asentamento histórico e os seus espazos interiores conserva a estrutura viaria orixinal, a partir da cal, e utilizando a estrutura parcelaria das agras, se foron desenvolvendo as novas edificacións de vivenda unifamiliar durante o transcurso do século XX ata acadar un grao de consolidación elevado.

A área de asentamento residencial é agora un reduto claramente identificable na meseta, limitado polo aeroporto e os ámbitos inferiores onde se estableceron os usos industriais. A descrición destes ámbitos realizarase no apartado da área urbana.

A parroquia de Culleredo, capital actual do Concello, desenvólvese na conca do Rego da Regueira, pequeno tributario do Valiñas. O espazo de asentamento histórico está limitado polo macizo de Alvedro, o Coto de Fontemaior, o Monte de San Miguel e o Monte Costa que configuran unha pequena conca visual que mira sobre si mesma e ten perspectivas sobre o espazo aberto do Valiñas. Os asentamentos orixinais de Liñares, Fontemaior, O Curro, Toroño e Tarrío forman así unha orla a media aba que bordea o espazo das agras articulado polo Rego das Regueiras. En cotas superiores xorde o Monte da Zapateira do cal esta parroquia se leva unha porción considerable repartido coas parroquias de Rutis e Orro.

A parroquia de Culleredo, pola súa especial configuración pechada e protexida dos ventos e a súa posición suficientemente afastada das néboas e da influencia mariña, gozou dun microclima que fixo posible unha horta prolífica, apreciada nos mercados coruñeses. Coa construción do aeroporto e, posteriormente, co considerable desmonte do Monte Costa por mor da seguridade aeroportuaria, as condicións ambientais da parroquia víronse afectadas negativamente, modificándose o réxime de ventos, a paisaxe e aumentando a contaminación atmosférica e ambiental polo ruído e os gases das aeronaves.

O futuro da parroquia de Culleredo é incerto e inquietante pois sobre ela ameazan as previsións do Plan Director do aeroporto, que contempla a ampliación da pista na súa cabeceira sur mediante un gran noiro artificial que avanza sobre o val, facendo desaparecer os asentamentos do Curro e Fontemaior.

A relación da parroquia co resto do Concello dáse a través da estrada provincial DP-3109, que comunica de Norte a Sur todo o Concello. Outra estrada provincial, a DP-1705, discorre de Oeste a Leste, comunicando directamente a parroquia de Culleredo, co Concello de Cambre.

Esta proximidade, tanto espacial como temporal, cos Concellos da Coruña e Cambre, fai que nos últimos vinte anos se asentaran nesta parroquia gran cantidade de vivendas unifamiliares, como primeira ou segunda residencia, pero mantendo unhas densidades baixas, en torno ás 5 ou 6 viv/Ha.

É o caso de núcleos tradicionais como Tarrío, Toroño ou Liñares, onde a partir dos anos 80, a construción de novas vivendas, sen ningún tipo de programación, chegan incluso a duplicar o tamaño dos asentamentos.

Ámbito da conca media do Río Valiñas. Parroquias de Orro, Sésamo, Sueiro e Ledoño:

Este espazo territorial esténdese ao longo de varias parroquias do concello e pódese dicir que é o ámbito máis característico do municipio.

O Val do Río Valiñas é o accidente orográfico máis importante e definitorio desta área. É un territorio moi diferente ao anterior, con asentamentos moito máis dispersos, peor comunicados entre eles e, ata hai pouco tempo, cos concellos limítrofes. Estes núcleos sitúanse nas zonas de borde do Val do Río Valiñas e tamén no medio do mesmo

É un territorio eminentemente rural, onde a implantación de novas infraestruturas e dotacións nos últimos anos, propiciou unha rápida comunicación cos concellos limítrofes e como consecuencia diso, a aparición de fenómenos de nova residencia.

Na paisaxe vemos a predominancia das actividades agropecuarias da agricultura e a explotación forestal. As plantacións masivas de eucalipto van pouco a pouco gañando terreos en detrimento do espazo agrícola, e mesmo dos prados naturais. O sector gandeiro ten aquí pouca relevancia, manténdose en pequenas explotacións de carácter familiar.

Chama a atención a presenza en varias das parroquias deste ámbito, de granxas de gando porcino e aviar. Todas están abandonadas, e fican como testemuña dunha actividade puntual, froito dun desenvolvemento e expansión durante os anos 80, e que debido a factores como os controles sanitarios, as cotas de produción europeas, a centralización dos procesos de produción... fixeron que este tipo de actividade deixase de ser rendible.

A parroquia de Orro ten unha superficie de 804 Ha. Está situada no Oeste do municipio e limita co Concello de Arteixo. Presenta unha orografía complexa, con fortes desniveis e zonas chairas. A pesar da súa extensión, Orro ten unha densidade de poboación de menos de 1 hab/Ha, debido en gran medida a dita orografía.

O Coto Grande, con 275 m, e o Coto de Bregua, con 300, son os dous puntos máis altos, e forman un val que constitúe un paso natural, estratéxico e importante, cara Arteixo. Este paso comunica o Val de Morás, no Concello de Arteixo, co Val do Valiñas. Será neste punto onde se sitúen os únicos asentamentos tradicionais da parroquia: O Souto e Orro.

O primeiro deles ubícase nunha zona que naturalmente está máis vencellada ao Concello de Arteixo que ao de Culleredo, xa que o límite municipal non é o resultado de, por exemplo, a unión de dous puntos elevados, como sería o lóxico pensar neste caso.

Esta particularidade chega ao punto de que parte do núcleo do Souto, pertence a Culleredo, e parte a Arteixo.

En cambio, o núcleo de Orro, aséntase no que chamaremos o borde do val, aos pés do Coto de Bregua, e en torno ao Rego de Orro, que desemboca no Río Valiñas.

Nesta parroquia vese dun xeito claro cómo o relevo inflúe de maneira determinante no xeito en que o home ocupa o territorio.

Neste paso que comunica os dous concellos, é o lugar por onde se trazaron as diferentes vías de comunicación terrestres que estruturan os territorios:

- a estrada provincial DP-0510 Uxes- Culleredo
- a autoestrada A-6 Arteixo- Madrid
- o ferrocarril A Coruña- Vigo



Urbanización en Orro

Ademais destes dous núcleos situados neste paso natural, existe outro asentamento, contemporáneo e moi diseminado, que se apoia na DP-0510, entre os núcleos de Orro e Tarrío.

Este tipo de asentamentos son comúns a varias parroquias de Culleredo, e debido principalmente, á proximidade de vías de comunicación que conectan con A Coruña ou Arteixo.

A proximidade a outros concellos limítrofes fai que en Orro, ao igual que na parroquia de Rutis, xurdan asentamentos contemporáneos, buscando boas orientacións solares e conexións rápidas con A Coruña ou Arteixo.

Un claro exemplo disto vese na Urbanización Vallesur, un asentamento urbano nun medio rural e sen apenas relación co entorno.

A natureza granítica do subsolo fai que a maior parte da superficie da parroquia estea cuberta de monte baixo, matogueira, e explotacións forestais de eucalipto. Só as zonas de menor pendente, resérvanse para a agricultura.

A parroquia de Sésamo está estruturada en torno ao antigo Castro de San Cosme (a 130 m), nesta parroquia existen varios asentamentos, orientados ao Sur e organizados en torno a un viario, forman practicamente un único núcleo complexo, que asoma como un balcón ao Val do Valiñas.

Este asentamento tradicional, formado polos núcleos de Nabeiras, Outeiro de Arriba, Outeiro de Abaixo, Silvar, e Cornedo, está situado na media aba dun outeiro.

Rodeado de terras de labradío, ocupa unha extensión moi fértil regada polo Río Valiñas

Cunha extensión de 334 Ha, e apenas 500 habitantes, ten unha densidade media de 1,5 hab/Ha.

Comunícase co resto do municipio e cos concellos limítrofes, a través de estrada autonómica AC-400, unha vía que discorre en dirección Suroeste-Norleste, conectando Cerceda con Cambre, e atravesando todo o Concello de Culleredo polo Val do Valiñas.

Será a AC-400, a que actúe de soporte na implantación do núcleo do Casal, un asentamento de transición, de principios do século XX, e apoiado directamente sobre a estrada.

Tamén aquí, como na parroquia de Culleredo, a construción dunha gran infraestrutura vai condicionar por completo a relación do home co medio. Neste caso, é a autovía A-6, que ao seu paso por Sésamo, atravesará por completo o Val do Río Valiñas, alterando totalmente a paisaxe circundante.

Ademais, é nesta parroquia onde se atopa o enlace da autovía A-6, coa futura Terceira Rolda AC-14, en fase de construción.

A parroquia de Ledoño está situada entre as parroquias de Orro e Veiga, Ledoño ubícase na parte Oeste do concello, sen chegar a formar parte do límite municipal. Ao Leste, limita coa parroquia de Celas, a través do Río Valiñas.

Está constituída por unha ladeira orientada ao Este, que descende dende o Coto de Bregua, a 300 m, ata o Val do Valiñas, a 30 m.

Ao igual que no caso de Orro, na parte máis alta da parroquia as pendentes son bastante fortes, o que dificultou dende sempre os asentamentos humanos.

Será no punto de inflexión, entre a zona de pendente máis forte e a parte máis chá, onde se sitúen os núcleos desta parroquia que, ao igual que na parroquia de Sésamo, están moi vencellados entre si, e constitúen un único asentamento polinuclear.

O Centro Loxístico de Transportes, situado moi preto dos núcleos e cunha superficie de máis de 30 Ha, ocupa máis dun 10% da superficie de toda a parroquia.

Este exemplo axuda a comprender a complexidade do Concello de Culleredo, no contexto metropolitano.

Hai que destacar, que o Centro Loxístico de Ledoño, está ubicado a escasa distancia do enlace da autovía A-6 coa Terceira Rolda AC-14, situándoo a apenas 6 km do Concello da Coruña, a 3 km do Concello de Arteixo, e a menos de 9 km do Concello de Cerceda.

Deste xeito, continuamente danse situacións de fortes contrastes entre un territorio eminentemente rural e novas infraestruturas e dotacións, como grandes vías de comunicación, grandes equipamentos, ou mesmo novos asentamentos humanos, que se instalan no territorio, en moitas ocasións, de maneira brusca.

De novo, como no caso de Sésamo, a medida que nos aproximamos ao Río Valiñas, e o relevo se suaviza, aparecen as extensións agrícolas que durante anos, abasteceron ao Concello da Coruña.

É importante destacar que, aínda que si queda un uso agrícola do solo, o uso gandeiro apenas existe no concello.

A proximidade con Coruña e súas interdependencias, a evolución cara unha urbanización progresiva do concello, o abandono do rural, e as regularizacións das cotas de produción, son factores que ben seguro influíron na situación actual.

A parroquia de Sueiro está situada no extremo leste do municipio, é a segunda parroquia máis pequena con pouco máis de 180 Ha.

Limita polo Sur coa parroquia de Castelo polo Oeste coa de Celas e polo Norte, coa de Sésamo. O Concello de Cambre é o límite no Leste.

Ten unha orografía máis homoxénea que as parroquias anteriores.

Forma unha aba de pouca pendente que, desde unha pequena dorsal situada no Concello de Cambre, descende cara o Río Valiñas.

Os núcleos tradicionais de Goiente, Barrio e O Vilar, sitúanse en torno ao Rego Pereiras, afluente do Río Valiñas.

O feito de que as pendentes sexan máis suaves que noutras parroquias, fai que os asentamentos estean máis diseminados, xa que hai máis espazos con condicións idóneas para a construción de vivendas.

A proximidade coa N-550, fai que exista unha cómoda e rápida comunicación con Cambre e A Coruña.

Isto ten como resultado a ocupación indiscriminada do territorio, algo que é común a outras parroquias do concello, onde a posibilidade dun acceso rápido e unha boa conexión con A Coruña, fan estes lugares propicios para asentamentos contemporáneos espontáneos, sen un proxecto global que teña en conta moitos máis factores.

Como consecuencia disto, en Sueiro, ademais dos asentamentos tradicionais mencionados con anterioridade, ubícase o asentamento contemporáneo de Fornos, formado por máis de 60 novas vivendas.

Este asentamento, moi diseminado, é o resultado da construción de novas vivendas nun medio eminentemente rural, desde os anos 80 ata agora.

Este fenómeno fai que a pesar de ter unha superficie moi pequena, súa densidade é de case 2 hab/Ha, máis do dobre que a media das parroquias do Val do Valiñas.

as zonas baixas do Val do Valiñas aínda quedan moitas terras de labor, pero mesturadas con pequenas explotacións forestais de eucalipto.

Ámbito da conca Alta do Río Valiñas:

Nel inscribíense as parroquias de Veiga, Celas e Castelo, e constitúen os límites do val do Río Valiñas polo Sur, artellados a través dos Montes do Xalo.

A medida que nos afastamos das vías de comunicacións máis importantes, a densidade de poboación vai diminuíndo, ata o punto de que estas tres parroquias son as que contan cun menor número de habitantes por superficie.

A paisaxe está marcada polo rastro de actividades agropecuarias: agricultura, gandería e explotación forestal. As zonas con menor pendente resérvanse para a agricultura, mentres que as de máis forte pendente, para a explotación forestal, sobre todo o cultivo de eucalipto. A non existencia de concentración parcelaria, fai que o espazo agrícola aínda reflicte a excesiva fragmentación do parcelario. O sector gandeiro ten aquí pouca relevancia, manténdose en pequenas explotacións de carácter familiar.

A parroquia de Veiga está situada na parte máis occidental do municipio, conta cunha superficie de 803 Ha, e unha densidade de 0,46 hab/Ha, a máis baixa de todo o concello.

Ten un orografía complexa, entre outeiros e Os Montes do Xalo. Ao Norte, limita co Coto de Bregua de 300 m e a parroquia de Orro. Polo Oeste, a Pena da Cebola, con 380 m separa os municipios de Arteixo e A Laracha, de Culleredo.

O límite Sur fórmao o Concello de A Laracha, a través da dorsal dos Montes do Xalo., unha vez que deixa paso para a entrada do Río Valiñas, cuxo nacemento prodúcese pouca distancia do límite municipal, xa no propio Concello da Laracha.

Unha vez que o Río Valiñas penetra na parroquia, vai perdendo altura ata formar a chamada "veiga do Valiñas", xa na parroquia de Celas.

Podemos distinguir nesta parroquia dous tipos de asentamentos, claramente diferenciados:

- aqueles que se atopan en zonas altas, a máis de 150 m de altitude no extremo do concello e lugares illados: é o caso de Boedo e Bregua.
- os que se asentan no val do Valiñas, a 60 m de altitude e moi vencellados aos asentamentos da parroquia veciña de Celas.

O Núcleo de Bregua está ubicado nun pequeno val que desemboca no Río Valiñas, cunha orientación Sur.

Tradicionalmente dependeu da liña de ferrocarril A Coruña-Vigo. Esta liña agora está desmantelada, ao quedar obsoleta pola construción do tren de alta velocidade, pero aínda queda a estación, construída nun estilo rexionalista á entrada do núcleo.

É curioso que, sendo Bregua, xunto co Burgo, o único núcleo con estación de ferrocarril, sexa tamén, un dos asentamentos máis illados e con peores comunicacións do municipio.

As xentes do concello desprazábanse ata alí para poder tomar o tren e trasladarse á Coruña principalmente.

Boedo atópase nun paso entre dous vales, o Val do Río Valiñas e o Val de Loureda, en Arteixo. Por aquí pasa a estrada DP-0511, entre Arteixo e A Esfarrapa, onde a través da DP-3109, conecta finalmente co núcleo de Tarrío, capital do concello.

Así pois é un núcleo situado nun dos dous pasos naturais de Culleredo polo Oeste, e desde sempre estivo vencellado ao Concello de Arteixo.

Ao igual que Bregua, por Boedo tamén pasa a liña de ferrocarril A Coruña-Vigo.

Boedo está dividido en barrios, xa que o ferrocarril atravesa o núcleo. A construción do tren de alta velocidade ao seu paso por Boedo levou consigo a execución dun viaduto de máis de 1 km de lonxitude sobre o Río Valiñas, que atravesa o propio asentamento e constitúe unha barreira física moi importante.



Unha vez máis, a construción ou modificación dunha gran infraestrutura, altera de maneira importante o medio.

O cultivo da terra nesta parte alta redúcese aos terreos máis próximos a Boedo e Bregua, nas poucas zonas ás que non chegan as fortes pendentes dos cotos e outeiros que rodean estes núcleos.

Xa no val, sitúanse os núcleos de Lamelas, Cabanas e Peiro de Baixo, situados a moi pouca distancia uns doutros, e "cosidos" por camiños municipais ao longo de cales foron construíndose gran cantidade de vivendas unifamiliares nos últimos anos.

A proximidade deste núcleos con Peiro de Arriba, no Concello de Celas, fai que hoxe en día, formen un único asentamento complexo, onde as vivendas actuais mestúranse cos núcleos tradicionais.

A situación na parte alta do val destes asentamentos, a boa orientación solar, as rápidas comunicacións con A Coruña, Arteixo e Cambre fai que esta sexa unha zona moi apetecible como alternativa a vivir na cidade.

Aquí, os prados e os terreos de labradío son máis amplos, e incluso aínda queda algunha explotación gandeira vacún e porcina.

Unha vez máis, cando aumenta a altitude, tamén aumentan as pendentes, e o solo destínase á plantación de eucalipto.

A parroquia de Celas con 1.253 Ha, é a parroquia con maior extensión de todo o municipio e tamén unha das que ten menor densidade de poboación (0,71 hab/Ha).

Estrutúranse en torno ao Río Valiñas e Rego dos Pregos, afluente deste, formando unha veiga moi fértil, que discorre desde o Suroeste ata o Nordeste da parroquia.

O aproveitamento do Valiñas pódese ver non só nas extensións de labradío ou nas pradarias, senón tamén na existencia de muíños na zona. Un claro exemplo son os do Rego das Xesteiras, un conxunto de 11 muíños, situado moi preto do núcleo de Celas.

A estrada AC-400, que une Cerceda con Cambre, cunha dirección Suroeste- Nordeste, atravesa a parroquia, ao igual que a estrada DP-3102, que une de Oeste a Leste, Ledoño con Sésamo.

De novo e como noutras parroquias, moitos dos núcleos sitúanse en torno destes viarios principais.

Así podemos falar dun asentamento complexo formado polo núcleos de Peiro de Arriba, Celas, A Gándara e Vinxeira Pequena, e que discorre por todo Celas, desde a parroquia veciña de Veiga ata a de Sésamo.

Estes núcleos sucédense un a continuación doutro, utilizando como soporte principal a estrada AC-400.

Ao Sur da parroquia, e xa ao abrigo dos Montes do Xalo, sitúanse os núcleos da Ermida e Ternande, a case 200 m de altitude. Estes asentamentos son, xunto con Bregua na parroquia de Celas, os máis illados do Concello de Culleredo.

Situados na parte máis alta do Val do Río Valiñas, e no punto de inflexión onde comezan as fortes pendentes dos Montes do Xalo, onde en pouco máis de 1 km de distancia, a orografía ascende de 170 m de altitude aos máis de 500 m, que ten o Outeiro da Hermida con 513 m o punto máis alto de todo o termo municipal.

Vinxeira Grande é un núcleo que se atopa na parte oriental da parroquia. Está asentado a media ladeira sobre o antigo camiño que comunica a parroquia de Castelo coa de Celas.

No bordo da estrada DP-3102, sitúase o núcleo de Rumbo, no medio da veiga do Río Valiñas. É un núcleo moi particular xa que está menos alterado que outros municipios do concello. Adoita a forma tradicional de mandorla, cunha ducia de vivendas situadas ao redor dun viario circular, afastado dos viarios principais do redor.

É quizais, un dos núcleos menos alterados e mellor conservado de todo Culleredo.

Máis de metade dos terreos da parroquia de Celas, aínda continúan a conservar seu uso agrícola. Isto supón unha superficie de máis de 500 Ha, o que reflexa a importancia que tivo este val, e súa vinculación co Concello da Coruña, como "despensa" da capital.

Ao igual que noutras parroquias, a medida que aumentan as pendentes das ladeiras, o terreo deixa de ser cómodo para o cultivo agrícola, pasando entón ao cultivo forestal do eucalipto.

No caso dos Montes do Xalo, este eucalipto mestúrase con repoboacións de piñeiros na partes máis altas das abas do Xalo, así como nos cumios.



A parroquia de Castelo desenvólvese nas cotas máis altas do Concello e está situada no límite municipal de Culleredo cos Concellos de Cambre e Carral

Situada na parte máis suroriental do concello, limita ao Norte coa parroquia de Sueiro, e ao Oeste coa de Celas. Polo Leste, os Concellos de Cambre e Carral limitan con ela. Ao Sur, os Regos da Uceira e do Porto do Paleo, establecen o cambio de municipio con Carral.

Unha dorsal atravesa a parroquia en dirección Suroeste- Nordeste, dende o Outeiro da Hermida e o Monte Aguillón, e onde se sitúan os núcleos de Folgueira e Castelo de Arriba.

Pero o límite municipal non segue a dirección desta dorsal, aínda que puidese parecer o máis lóxico, senón que descende cara o Val do Río Brexa, conformando unha ladeira orientada ao Sur, máis vencellada ao Concello de Carral que ao de Culleredo.

Ocorre algo similar ao que sucedía no núcleo do Souto, na parroquia de Orro, onde a decisión de deslinde municipal non ven dada polo relevo e a orografía do terreo. Neste caso, o núcleo de Brexa pertence parte ao Concello de Culleredo, e parte ao de Carral.

Ao falar da litoloxía entramos de novo no “Dominio de Ordes”, sendo o xisto a rocha metamórfica que predomina nesta zona.

Aínda que existe este cambio, non se percibe de maneira clara na paisaxe.

A proximidade coa zona granítica do concello, fai que se sega a utilizar esta pedra nas construcións, aínda que mesturada con xistos nalgúns partes como os aleiros ou en zonas intermedias de muros.

É un espazo territorial particular, xa que os asentamentos desta parroquia están situados a partir dos 200 m de altitude, cunha arquitectura característica, froito de asentamentos máis antigos e menos alterados.

Esta parroquia está a moi pouca distancia dos núcleos de Tabeiao e Carral, xa no concello limítrofe; e conecta co resto do municipio a través da parroquia de Celas.

Isto fai que as comunicacións co Concello de Carral sexan moito máis rápidas e cómodas que cos núcleos do propio municipio.

A pesar das pendentes, o terreo está adicado en gran parte a pastos e labradío; incluso, aínda quedan algunhas explotacións de gando vacún en funcionamento.

2.2.- OS USO DO SOLO

O estudo do territorio precisa da comprensión do conxunto de funcións e actividades que é capaz de soportar o solo. Así, dende un punto de vista físico e biolóxico, o solo constitúe o soporte das relacións entre prantas e animais nun medio afectado polo condicionante climático, xeolóxico, etc.

Na medida na que o ser humano intervén neste proceso, xorden novos enfoques (económicos, sociais, etc.) que condicionan e alteran a función do solo. Non é en ningún caso sinxelo establecer unha definición precisa do uso do solo sabendo que os factores humanos acaban establecendo estreitas relacións cos factores físicos e bióticos.

En Culleredo, como en gran parte da xeografía de Galicia, encontrámonos ante un medio moi alterado pola actividade do home. É importante ter en conta o factor temporal, pois segundo cando, o home deu un determinado uso ao solo.

Sabemos que no pasado, a relación entre home e territorio era de estreita dependencia, o que daba lugar a un uso e control do solo maior do que existe hoxe en día, onde a conxuntura social e económica enturba o proceso ancestral de utilización do mesmo.

Para empezar a enfocar o tema, debe analizarse o estado actual de utilización partindo da elaboración dun Plano de Usos do Solo a escala 1/20.000. A información que ofrece este plano debe poñerse en relación ao conxunto de factores físicos e sociais, o que dará lugar a unha explicación razoada da súa localización no territorio, diferenciando entre motivos físicos e aqueles que derivan da conxuntura. Sobre este último motivo falarase tamén ao tratar o tema da paisaxe rural, pois a definición do criptosistema axuda a comprender e interpretar unha determinada paisaxe.

En Culleredo existen dous factores orográficos que determinan "a priori" a maneira elemental de usar o solo. Non só iso, senón que as singulares configuracións de "val entre dorsais", e de "borde de ría" dan lugar a unidades territoriais completas e homoxéneas que, como xa se explicou, teñen relación estreita cos ámbitos parroquiais, e coa apropiación e dominio do territorio.


Así, a configuración que forma o "Val do río Valiñas", e as abas que descenden ata el, presenta unha sección transversal da mesma, cunha forma cóncava, onde as cotas altas presentan pendente forte e a medida que descende o terreo cara os ríos a pendente suavízase.

Por outra banda, o relevo da zona Norte, formado por unha meseta e unha pequena dorsal que descenden cara a ría, será o responsable, do asentamento dos núcleos de poboación en torno ás vías de comunicación que conectan Culleredo con A Coruña e a proximidade con este concello.

Pero do mesmo xeito que as configuracións xeográficas teñen matices e excepcións, a estrutura do solo reflicte cambios e anomalías produto da evolución social e dos cambios no modo de explotar o solo.

A comparación dos planos Hipsométrico, Clinométrico e Litolóxico co de Usos do Solo é fundamental para entender a maneira en que o home ocupou o territorio. Despréndese que os asentamentos ocupan maioritariamente por unha banda, o espazo do Val do Valiñas, por onde discorren as vías de comunicación de maior antigüidade, a cada unha das marxes do Río Valiñas. Buscase unha posición de protección, xusto antes de comezar as pendentes fortes. Por outra, o borde da Ría do Burgo, nas vías de entrada-saída da cidade da Coruña. O espazo agrícola que circunda o val, desenvólvese en zonas chairas ou con pendente suave e moderada. O monte, a primeira vista, ocupa as áreas de pendentes máis pronunciadas, localizadas nas zonas altas do val, chegando ata máis aló dos 500 m de altitude.

Tras unha primeira observación, apréciase que os asentamentos distribúense polo termo municipal dun xeito aparentemente irregular, pero que na súa estrutura interna responde á configuración xeográfica, de orientación e proximidade ás vías principais de comunicación. Nos ámbitos máis amplos e de maior extensión con pendente suave, os núcleos ocupan unha posición central. Naqueles onde estas extensións son máis reducidas adoita ocupar unha posición de borde ou lateral, como punto de inflexión no cambio de pendente.



Non existe a predominancia dunha orientación solar sobre as outras, senón que están máis condicionados pola orografía do territorio: zonas de paso natural entre vales, o nacemento dun val, o abrigo dunha dorsal ou a fronte marítima da Ría do Burgo, con orientación Norte.

O espazo agrícola que os rodea desenvólvese, sempre que pode, en zonas de pendente suave ou moderada.

Ao realizar a comparación entre os planos de información Clinométrico (IM-04) e Usos do solo (IM-10) agrupáronse as categorías deste último en tres elementos básicos: a edificación dos núcleos, o parcelario relacionado co agrario (terreos de labor, prados, praderías naturais, etc.) e o resto de usos (forestal de todo tipo, matogueira, braña, etc.).

Realízase deste modo un contraste entre o “oco” (parcelario que se ganou ao longo dos séculos para a actividade agrícola) cos “cheos”.

Superpuxéronse os dous planos, dándolle ao terceiro uso (parcelario non agrícola) unha cor que vele ou oculte as cores da escala do clinométrico. Deste xeito ponse de manifesto de maneira clara o tipo de pendente no que se desenvolve o espazo agrícola e os asentamentos.

Máis aló deste simple razoamento, é preciso descubrir os matices que se desmarcan da regra xeral. Así, é posible observar a preferencia dos asentamentos e o seu espazo agrícola pola situación de protección, aos pes das dorsais, pola situación dunha canle fluvial, que pola orientación solar, ou pola estrutura orgánica e mineral do subsolo sobre o que se asentan.

Se o que comparamos agora son os planos Litolóxico (IM-09) e Usos do solo (IM-10), vemos cómo existe unha liña-límite que separa a zona de solos graníticos coa do "Dominio de Órdenes", onde abundan as rochas metamórficas como os xistos. Ao longo desa liña, sitúanse varios núcleos: Cordeda, Conduzo, Castro, Río da Coba, Fontemaior, Culleredo, Tarrío ou Cillobre.

Estes lugares ubicáronse sobre a zona granítica, onde os terreos son máis estables. Por riba destes asentamentos, as fortes pendentes e as características do solo fixeron que eses terreos se adicasen dende hai séculos a monte, xa que nunca foron idóneos para traballar. Ao outro lado, xa na zona do "Dominio de Órdenes", moito máis erosionada, o uso máis importante foi o agrícola.

Historicamente, o uso agrícola do solo tivo sempre máis importancia que o forestal. Aínda que é sabido que dende sempre existen especies forestais con usos específicos, como os bidueiros, carballos, piñeiros ou castiñeiros, o cultivo da terra dende tempos antigos, foille gañando terreo ao monte. A necesidade de pastos para o gando, cultivo de cereais..., precisa de extensións de terreo que se quitan ao monte. Por outra banda, o monte baixo e a matogueira, que precisa de moitos menos coidados que o monte forestal, tamén ten un gran aproveitamento en especies como o toxo ou o breixo.

Ata a chegada do século XX a produción agrícola e gandeira é basicamente de autoconsumo. A agricultura ten preponderancia sobre a gandería polo clima e altitude fundamentalmente. Plantábase cereal en abundancia, legumes e hortalizas.

Aínda quedan moitos muíños no concello como testemuña da produtividade do solo en cultivo de cereais.

O feito de que un terreo nun medio rural, a priori está "naturalizado", fai que haxa que transformalo, traballalo para poder convertelo nun terreo apto para o cultivo. Estas transformacións do solo implican un enorme esforzo por parte das comunidades, que obviamente desenrolaran en terreos con certas calidades para o cultivo. Así pois, os terreos forestal e monte baixo serán aqueles nos que polas súas características, sexa máis complexa súa transformación.

Desta maneira, o feito de que a meirande parte do solo de Culleredo sexa de orixe granítica, fai que os usos agrícolas se desenrolen nas zonas máis erosionadas, quedando nas zonas máis altas e inclinadas, o espazo natural e as matogueiras, mesturados con floracións de bolos e penedos.

En cambio, noutras zonas do concello, como Almeiras ou a meseta de Alvedro, ao estar xa sobre o "Dominio de Órdenes", a maior erosión deste solo fai que ao contrario que antes, o terreo agrícola ocupase dende antigo as zonas altas e próximas aos asentamentos; e o uso forestal se dese máis abaixo, en zonas húmidas, mal orientadas ou de forte pendente.

Algo similar acontece na parroquia de Castelo, onde os núcleos se sitúan nas zonas altas, en lugares con pendentes suaves ou moderadas. As terras de labor ubícanse próximas aos asentamentos, e as frondosas e vexetación de ribeira, nas partes máis baixas, xa no límite con Carral.

Así pois, ata ben entrado o S. XX, as zonas altas e rochosas son ocupadas por terreos onde abunda o monte baixo e a matogueira, acompañados por plantacións espalladas de piñeiro "pinaster".

A situación actual reflectida no Plano de Usos do Solo é moi diferente á de outros momentos onde houbo maior dependencia do medio por parte dos habitantes de Culleredo.

A día de hoxe, o concello está fortemente urbanizado na zona Norte, e vai descendendo ese grao de urbanización a medida que descendemos cara o Sur.

Este proceso de urbanización, como xa comentamos con anterioridade, comezou a fraguarse a comezos do século XX e se acelerou nos últimos 30 anos. O desenvolvemento industrial, terciario e residencial da Coruña, motivaron este crecemento, como resultado da expansión da área metropolitana.

As oscilacións conxunturais ocorridas no último século acabaron de desmembrar unha sociedade rural na que a actividade vital deixa a súa pegada na forma de utilizar o territorio. Observamos, por exemplo, que o espazo cultivado na actualidade mingou considerablemente nalgúns parroquias deixando paso á vexetación espontánea, sobre todo monte baixo e matogueira ou ben reorientándose á produción forestal, principalmente de eucalipto. Así na zona Sur do concello, existen dúas grandes extensións de terreo mancomunado, que con máis de 400 Ha, ocupan a zona dos Montes do Xalo a través de proxectos de repoboación programadas de piñeiros "pinaster" e "radiata".

Na actualidade, o monte esténdese polas abas con pendente forte ou moi forte, sobre todo na metade Sur do municipio. Este monte non é rico en especies, xa que o substrato granítico, con afloramentos de rochas e bolos, non é idóneo para isto suceda. Daranse pois as explotacións de eucalipto, que supoñen a especie forestal con maior presenza, e piñeiros, mesturadas con matogueira e arbustos, configurando o chamado "monte baixo". Nalgúns zonas, a media ladeira, aínda quedan exemplos de fragas de especies de ribeira, sobre todo nas parroquias de Veiga, Celas, Castelo e Sueiro. Tamén en ámbitos de fondo de val, aí onde a pendente é suave, mantense ás veces a vexetación autóctona, con masas de caducifolias frondosas e de especies de ribeira.

Outros terreos, os máis próximos á Coruña, ou a vías de comunicación que conectan con outros núcleos importantes, pasaron de monte baixo ou forestal a solos que se foron colonizando por asentamentos residenciais, algúns espontáneos, como o caso do Coto Grande en Orro, nos Montes da Zapateira en Rutis ou Fornos en Sueiro; outros programados, como a Urbanización Vallesur, en Orro ou as urbanizacións de Augas Mansas ou Ultreya en Rutis.


Como resultado da situación xeográfica de Culleredo con respecto á Coruña, a partir da segunda metade do S.XX, algunhas zonas de terreo agrícola son ocupadas por grandes infraestruturas como o Aeroporto de Alvedro ou O Centro Loxístico de Transportes de Ledoño.

A paulatina perda de dependencia dos habitantes de Culleredo co medio vese no plano de usos, cuxo estado actual é o que queda reflectido na cartografía de Información Urbanística. Este uso actual do solo ten notábeis diferenzas con outros momentos históricos.

A sociedade rural, cuxa actividade deixa a súa pegada na forma de utilizar o territorio, foi pouco a pouco desmembrada polos cambios conxunturais que ocorreron no derradeiro século.

Xa non hai unha dependencia básica do sector primario. Pouco a pouco, as agras vanse abandonando, primeiro as que están máis lonxe dos asentamentos. O uso forestal en ocasións redúcese aos lindeiros de fincas, a través de peches, e á vexetación de ribeira nas canles fluviais.





Ao non se realizar a concentración parcelaria no Concello, as explotacións agrícolas seguen a manter o carácter de autoconsumo, mentres que o sector gandeiro nunca tivo especial relevancia, debido en parte, á fragmentación e diseminación do parcelario en terreos pequenos e afastados uns doutros, coa incomodidade que isto implica.

A entrada de España na Comunidade Económica Europea, conlevará unha serie de cambios estruturais que se reflicten, entre outros aspectos, no incremento do tamaño das explotacións gandeiras para manter a súa rendibilidade. Isto produce unha serie de alteracións que van a ter o seu reflexo no uso do solo.

Por unha banda, a imposibilidade de incrementar o tamaño dalgunhas das explotacións, sumado ao paulatino abandono das actividades do campo, dará como resultado a desmantelación de parte das explotacións. Estes pastos en desuso sufrirán un proceso de forestación paulatina, de maneira natural con especies autóctonas ou mediante plantación de especies de medra rápida (pino e eucalipto). Aínda así, son moi escasas as parcelas nas que se plantan especies autóctonas.

Por outra banda a necesidade de incrementar o número de cabezas de gando nas explotacións que manteñen actividade, fai que se busquen novas áreas para pastos, labrando e acondicionando zonas cun mínimo substrato de terra para esta actividade. Isto non deixa de ser un proceso forzado, que responde máis a razóns económicas que un axuste entre o tipo de cultivo e o solo que o sustenta.

Estes dous procesos, que se poden ver como as dúas caras da mesma moeda, introducen elementos de distorsión dentro da paisaxe tradicional.

Actualmente só subsisten apenas media ducia de explotacións gandeiras de vacún, cunhas 60 cabezas de gando en cada unha delas.

Un fenómeno particular que se deu en Culleredo dende finais dos anos 70, foi a implantación de explotacións gandeiras de porcino e aviar sen base territorial.


Estas granxas, a diferenza das granxas vacúns, non precisan de grandes superficies de terreo para o mantemento das mesmas.

Sitúanse sobre todo en parroquias da metade Sur do concello, Orro, Ledoño, Veiga, Celas e Castelo.

As cotas de produción europeas, o aumento e endurecemento dos controles sanitarios, a pouca rendibilidade común a todo o sector primario e o desapego do campo das novas xeracións, fixeron que nos últimos anos a case totalidade destas explotacións fose desmantelada e abandonada.

Como conclusión, podemos dicir que preto da metade da superficie do concello está destinada á explotación forestal de especies de crecemento rápido, principalmente de eucalipto, que experimentou un forte desenvolvemento nas derradeiras décadas. Esta especie, pasou a invadir as antigas terras de cultivo nun proceso colonizador que modifica a paisaxe. Ademais, se manteñen terreos destinados á produción hortícola, tanto para o abastecemento en mercados da Provincia, como para autoconsumo. Na actualidade, pódense ver na metade Sur do concello, varios exemplos de explotacións agrícolas estruturadas a través de invernadoiros, nas parroquias de Orro ou Celas.

2.3.- A ESTRUTURA VIARIA E PARCELARIA



Camiños antigos de Culleredo

A posición xeográfica de Culleredo observada nun contexto comarcal, fai pensar que o seu territorio fose dende a antigüidade un lugar de tránsito, unha zona de paso obrigado dende as terras altas do Sur, cara a ría. Tamén un espazo territorial de comunicación entre Arteixo e Cambre. E a saída dende A Coruña cara ao Sur e o Leste.

Observando a localización dos asentamentos e manifestacións arqueolóxicas e poñéndoos en relación á forma do territorio e do relevo, despréndese a existencia de rutas prehistóricas coincidindo coas principais dorsais e elevacións máis importantes do concello.

Dúas rutas importantes nacen da Coruña e atravesan o Concello de Culleredo.

Podemos apreciar restos da traza do que foi a antiga ruta de saída dende A Coruña cara o Sur polas dorsais, ao Oeste de Culleredo. Esta ruta está recollida en varias bibliografías sobre camiños históricos e saíndo da Coruña, pasaría polo núcleo de Elviña, atravesaría pola dorsal que forman os Montes da Zapateira, e baixaría ata o núcleo de Orro, na parroquia de Orro. De aí continuaría polo núcleo de Bregua e por último, atravesaría Boedo, ambos na parroquia de Veiga. Este último tramo coincide coa variante do Camiño de Santiago do Norte e que pasa por Tordoia.

A outra ruta que nace na Coruña e atravesa Culleredo en dirección Sur, é o antigo Camiño de Santiago do Norte, que, dende hai séculos, atravesa a parroquia de Rutis xunto á ría; logo o asentamento medieval do Burgo. Continúa xunto o Castro de Alvedro, na parroquia de Almeiras e atravesa o pola ponte medieval da Xira ao Concello de Cambre.

Aínda quedan algúns exemplos de núcleos vencellados a lugares onde antes houbo asentamentos prehistóricos e por onde atravesaban algunhas destas rutas ancestrais. Isto podémolo ver en lugares como o Castro de Alvedro na parroquia de Almeiras, o Castro das Croas, na parroquia de Orro ou O Coto de Boedo na parroquia de Veiga.

A ponte de orixe romana do Burgo, atravesa a Ría do Burgo, comunicando dende hai séculos A Coruña e o Burgo, (cuxa poboación fluctuaba dunha a outro durante o medievo) co asentamento medieval do Temple, e continúa cara Betanzos en dirección Madrid.

Ademáis destas rutas principais de comunicación, o Concello de Culleredo está atravesado por varios camiños moi antigos que conectaban os concellos limítrofes, atravesando varias parroquias do municipio.


A topografía é un factor que condiciona esta estrutura viaria, e seu entendemento pasa pola posta en relación destes viarios cos asentamentos e o uso e actividades do home nun contexto territorial moi antigo.

Así, podemos destacar unha ruta que, partindo de Arteixo, cruza o Val de Loureda e penetra polo Leste en Culleredo a través do paso natural de Boedo, na parroquia de Veiga. Logo pasa polos núcleos de Cabana e Peiro de Arriba, ata chegar a Celas, un dos asentamentos medievais máis importantes do concello. Dende alí toma dúas direccións. A primeira vai ascendendo por Xalo ata Castelo de Arriba, dende a dorsal, baixa polo Val do Río Brexa ata Carral. A outra variante continúa dende Celas ata Castelo de Abaixo e Donepedre, chegando ata o núcleo de Tabeaio, xa no Concello de Carral.

Tamén cunha dirección Oeste-Leste cruza a ruta que nace en Arteixo e atravesa Culleredo ata Cambre. Núcleos como Bregua (outro paso natural entre as dorsais do Oeste), ou Esfarrapa, na parroquia de Veiga, nacen en torno a estes camiños. O mesmo acontece con núcleos como Nabeiras, Silvar, Cornedo... xa na parroquia de Sésamo e que tamén son lugares de paso destas rutas.

Máis ao Norte, outro traxecto comunica Vilarrodís, no Concello de Arteixo con Sigrás, en Cambre. O Souto, Orro ou Tarrío, desenrólase en torno a este percorrido.

Serán viarios de longas e medias distancias que se facían nunha xornada a pé, ou media a cabalo. Nestas traxectos de entre 15 e 20 km, facíanse varias paradas intermedias. Isto supón que algúns asentamentos acadasen un maior desenrolo, como Celas, Tarrío ou Castelo de Arriba. (aínda quedan exemplos nalgúns destes núcleos dos aros aos que se ataban os cabalos).



Rede viaria actual de Culleredo



Autovía A-6 ao seu paso pola parroquia de Orro

Se comparamos estas rutas de paso entre concellos co plano Clinométrico (IM-04), podemos apreciar que todos estes percorridos buscan desenvolvementos cómodos en aba ou val, evitando no posible os coutos ou ríos encaixados, para que homes e animais podan desprazarse do xeito máis cómodo posible.

Grazas a estas rutas, comunícanse entre si os diferentes asentamentos do concello.

Esta trama complétase a través de viarios transversais de curto percorrido que axudan a resolver as comunicacións entre asentamentos dunha mesma parroquia. É o caso dos percorridos que comunican as parroquias da metade Norte, como Orro, Rutis ou Culleredo.

Vemos pois, como existe unha xerarquía viaria na que artella a través da comunicación primeiro entre comarcas e concellos, e logo en parroquias e núcleos.

Co paso do tempo, esta rede homoxénea inevitablemente tende a diferenciarse, pois utilízase como parte da estrutura viaria local, adquirindo calidades específicas.

Xa no século XX, pódese comprobar que aqueles itinerarios máis frecuentados acabaron por anchearse, asfaltarse.... Os camiños públicos, os privados e as servidumes de paso, a medida que as explotacións agrícolas se abandonan, que o campo deixa de traballarse, serven de soporte para o acceso rodado a novas vivendas. Deste xeito, sobre a rede viaria existente superpóñense novos usos que a obrigan a adaptarse.

Hoxe en día esta trama atópase moi alterada, xa que a xeneralización do automóbil e os novos itinerarios e desprazamentos fan que unha nova rede se superpoña á estrutura viaria anterior. Gran parte da rede primaria e secundaria de Culleredo discorre polas rutas que mencionamos con anterioridade, aproveitando os treitos máis favorables, rectificando aqueles cun trazado máis complexo, e creando novos trazados.

É o caso da estrada provincial DP-0511, que une Arteixo coa parte central da metade Sur de Culleredo, ou da DP-0510, que comunica Arteixo coa parte central da metade Norte do concello.

Outra estrada provincial, a DP-3109, é o viario principal que artella de Norte a Sur Culleredo, cosendo parte de antigos camiños.

A estrada autonómica AC-400 é unha das principais vías de comunicación do concello, conectando os municipios de Cerceda e Cambre.

A estrada nacional N-550 A Coruña-Tui, tamén xorde a partir de antigos camiños, ao longo dos cales se van consolidando asentamentos. É o caso tamén das estradas autonómicas AC-211 e AC-213, que comunican Culleredo cos Concellos da Coruña e Cambre polo Norte.

Dende os últimos 30 anos, Culleredo experimentou unha profunda transformación nas súas redes de comunicación terrestre, coa creación de novos viarios cunha estrutura allea e pouco integrada moitas veces no medio.

Isto é debido en parte á construción de varias vías de alta capacidade que dan servizo á área metropolitana da Coruña.

Exemplos disto son a autoestrada AP-9, que une A Coruña con Tui, e que atravesa Culleredo polo Norte e cunha orientación Noroeste-Leste, establece unha barreira física e importante nos asentamentos desta área, como Vilaboa, O Burgo, A Laxe ou Castro.

Tamén a autovía A-6, que comunica Arteixo con Madrid, e que seguindo unha dirección Oeste-Leste, atravesa a zona baixa do Val do Valiñas, cruza polo medio das agras das parroquias de Orro, Sésamo ou Sueiro.

A estrada AC-14, actualmente en construción, e que conecta de Sur a Norte a A-6 e a AP-9 coa Coruña, incorpora unha nova trama que se introduce no territorio na procura de trazados máis regulares e directos; aínda que isto implique enormes movementos de terra e fortes modificacións do territorio.



Xa na metade Sur, a estrada comarcal AC-523 comunica a A-6 no centro do termo municipal, co Concello de Cerceda, tomando unha dirección Nordeste-Suroeste.

O trazado deste tipo de vías cuns requisitos técnicos e de deseño tan esixentes, implica un gran impacto no territorio no que se asenta. Non só pola aparición de noiros e viadutos, se non pola barreira física que supón e que obriga a modificar o trazado do viario existente que atravesa.

E é que os principios que rexen para o deseño destas vías de alta capacidade en absoluto teñen que ver cos que no seu día serviran para o desenvolvemento dos camiños tradicionais. Xa non importa tanto que o novo trazado teña un desenvolvemento cómodo, pois non está pensado para a circulación de persoas o animais de tiro, senón para miles de vehículos diarios.

Na comprensión dun territorio non se debe esquecer o estudo da estrutura da propiedade como factor que complementa e dá senso ao xeito de utilizar o territorio. A pegada do parcelario pode ser perceptible en tanto exista unha utilización do solo acorde ao réxime de propiedade. Noutros casos o parcelario percíbese mediante marcas físicas no territorio froito da actuación humana que busca a adaptación aos condicionantes físicos. Ás veces esa pegada pérdese por culpa dos cambios e transformacións acontecidas, o que pode pór en evidencia unha problemática. Podemos dicir entón que o plano de parcelario é un código de acceso a aquilo que a priori non se ve.

A estrutura parcelaria de Culleredo é o resultado da herdanza dun pasado baseado na división da propiedade por motivos de transferencia, e que responde a un uso tradicional da terra.

Así, resulta inevitable falar do parcelario sen mencionar esa fragmentación, esa división do terreo cunha identificación clara pola súa xeometría, o seu viario asociado, topografía, etc, nun gran número de pequenas parcelas individuais. Estas divisións fraccionan o parcelario de maneira característica.

Da observación do plano catastral de Culleredo apreciamos a existencia de dúas formas de propiedade: unha de tipo minifundista nas agras, e outra vencellada a un aproveitamento forestal ou de monte baixo, nalgúns casos con grandes extensións en man común.

Mantense a estrutura básica do parcelario, na que unha primeira análise revela ese parcelario agrario fragmentado e o forestal con pezas de maior tamaño. A xeometría é tamén un elemento diferenciador da estrutura da propiedade. Así, no ámbito agrario as parcelas presentan unha xeometría máis irregular, “orgánica”, relacionada cun territorio de pendentes máis suaves, e onde a división da propiedade normalmente reflíctese nun límite físico (un peche vexetal, un cambio de cultivo, unha canle fluvial, etc.).

As parcelas de carácter forestal aparecen cando hai un cambio brusco na pendente, cando as distancias cos asentamentos xa son considerables ou cando as características do subsolo non son idóneas para cultivos agrícolas.

Por norma xeral, presentan un tamaño moito maior que o parcelario agrícola.

Neste parcelario forestal, moitas veces mancomunado, hai un momento no que grandes superficies divídense entre particulares, en parcelas estreitas e alongadas cuxos lindes adoitan tomar a dirección da pendente do terreo chegando ata límites insospeitados, especialmente nas parroquias de Orro, Ledoño ou Veiga, onde podemos atopar parcelas de 1 m a 5 m de ancho por 300 m de longo. A pesar destas divisións, aínda se poden intuír os perímetros desas bolsas de terreos forestais que delimitan os antigos montes mancomunados. No concello aínda quedan ao Sur, dúas extensións de monte mancomunado: o Monte Xalo nas parroquias de Veiga e Celas, e o Monte do Castelo, nas parroquias de Celas e Castelo.

Na actualidade, podemos observar cómo sobre unha estrutura parcelaria e viaria antiga, froito dunha relación directa entre o home e o medio, superponse unha nova orde vencellada a fenómenos urbanísticos de nova residencia. Deste xeito, o que antes foron terreos de labradío, agora abandonados, convértense en parcelas sobre as que constrúen novas vivendas. E o que antes eran camiños de carro e servidumes de paso a pastos e cultivos, son agora pistas que permiten o paso dos vehículos ás novas fincas residenciais.

Motivado por criterios económicos, sociais e de dinámicas de crecemento contemporáneo, o parcelario agrícola subdivídese, dun xeito moitas veces artificial e se colmata con novas construcións sen ningún tipo de relación con medio nin co entorno inmediato. Isto sucede en varias parroquias do concello como Orro, Sueiro ou Culleredo.

2.4.- OS ASENTAMENTOS, SITUACIÓN E MORFOLOXÍA.

A existencia de restos arqueolóxicos no territorio de Culleredo confirmanos que o proceso de poboamento comezou en tempos da prehistoria. Este fenómeno propio del noroeste peninsular, está caracterizado pola permanencia ata os nosos días de túmulos funerarios e restos de asentamentos castrexos. Os primeiros son unha evidencia de rutas asociadas ás principais dorsais, por onde a comunicación se volve cómoda e segura. Os segundos, xa na Idade do Ferro, constitúen o primeiro modelo de asentamento estable coñecido caracterizado polos enclaves topograficamente destacados e de estrutura defensiva. Sabemos que este tipo de asentamento mantívose en tempos da romanización, convivindo cun novo modelo que paulatinamente se irá desenvolvendo a través da historia nun proceso de colonización da terra: as *vilae*. Aínda quedan restos etimolóxicos de topónimos romanos como Donepedre (domus/casa de petrus/pedra)

O sistema de poboamento é polo tanto resultado dun proceso secular cuxo fío condutor é a dependencia a un medio rural e natural que deixa tras de si un territorio tremendamente modificado polo home na súa loita pola subsistencia.

Hoxe en día ese medio preséntase con parte daquelas pegadas acumuladas ao longo do tempo en forma de rúeiros, carballeiras, pontes, etc., pero cun montón de interferencias culturais, técnicas e sociais xeradas nas últimas décadas, que nos confunden na percepción e na comprensión do modo de ocupar o territorio.

Aínda así, os principios xeradores do modelo de asentamento e as particularidades, tanto na situación como na morfoloxía dos asentamentos, gardan unha estreita relación cos condicionantes físicos e xeográficos de concello.

Diciamos nos apartados precedentes que o termo municipal de Culleredo presenta un relevo baseado nun val encaixado entre varias dorsais, e que ocuparía as tres cuartas partes do municipio; e outra parte, ao Norte, onde dende as zonas elevadas descendemos cara o mar.. A partir de este val sucédense un conxunto de zonas de borde e de fondo de val, entre o río principal, o Valiñas, e outros ríos de menor entidade, con aptitudes para o asentamento.

O Plano Clinométrico é significativo ao respecto, xa que podemos comprobar que a práctica totalidade dos asentamentos sitúanse en terreos onde a pendente oscila entre o 3 e o 20%, o que deriva nunha segunda conclusión que é a posición dos mesmos en cotas altas dende un punto de vista relativo.

A orientación solar é secundaria, como xa introducimos en capítulos anteriores, e o asentamento deriva dunha situación estratéxica, de paso, de protección fronte a ventos....

De todos os xeitos, cando a orografía o permite, si se busca unha orientación Sur, aínda que non sexa unha constante no xeito de asentarse no territorio.

O tamaño, a forma e o grao de densidade resultan tamén relacionados coa forma do relevo. Así, pode observarse que cando o relevo se suaviza en grandes extensións xorden os asentamentos polinucleares ou en enxame, segundo a clasificación de Fariña Tojo, de estrutura solta e unha rede viaria *multidireccional*, caso de Cabanas, Lamelas ou Peiro de Abaixo, nas parroquias de Veiga e Celas. En contraposición, cando a pendente aumenta ou ben cando escasea a superficie aplanada, os asentamentos adquiren formas compactas. Isto último ocorre en Bregua, Boedo, na parroquia de Veiga, ou nos asentamentos da parroquia de Castelo.

Dentro da variedade e riqueza de asentamentos existen outras constantes que se cumpren en Culleredo. É lóxico pensar que a presenza de auga condiciona fortemente a posición de cada asentamento e polo tanto, a súa forma debe adaptarse ás condicións orográficas de cada enclave.

Observando o Plano Hidrolóxico compréndese a posición de moitos asentamentos en lugares onde manan fontes de auga que máis abaixo se convierten en regos ou regatos. Este tipo de enclaves situados ao borde das zonas de pendentes xera unha sucesión de lugares ou pequenas aldeas que se estruturan seguindo un eixe viario a nivel. Baixo este modelo recoñécense grupos de asentamentos de pequena entidade (lugares) como Bregua en Veiga, As Fontaiñas en Ledoño, Ternande en Celas..

Hoxe en día preséntasenos un modelo de asentamento que sufriu alteracións nas últimas décadas, motivadas polos profundos cambios acontecidos na sociedade rural. Ao igual que en calquera outro punto da xeografía galega situado baixo a influencia do medio urbano, xorden novas formas de implantación no territorio. Novos factores como a mobilidade e a accesibilidade que outorgan as novas vías de comunicación, a posibilidade dun mercado laboral distinto, condicionan novos asentamentos que se apoian nestas infraestruturas seguindo un esquema lineal. O abandono da terra xera unha nova expectativa do solo para a construción de vivenda. Isto tradúcese nunha nova forma de ocupación do territorio, nalgúns casos indiscriminada e sen orde. O modelo de asentamento disperso confúndese co diseminado.

Isto ponse de evidencia de xeito especial en torno á N-550 e á AC-211, nas parroquias de Rutis, O Burgo e Almeiras, cos asentamentos do Portádego, Cordeda, Vilaboa, Fonteculler, Acea de Ama e O Burgo, e en menor medida nas estradas do sistema secundario que conectan coas estradas principais: a DP-3109, a DP-0510 e a AC-400.

Así podemos comprobar cómo a edificación nova adoita localizarse máis próxima ás vías principais, xa sexan de orden autonómico ou municipal, buscando unha mellor comunicación.

Estas transformacións, aínda que son moito máis fortes na parte norte do concello, afectan en maior ou menor medida a todo o termo municipal.

O fenómeno do asentamento é polo tanto complexo e rico en canto a solucións. É ademais imprevisto por canto os cambios acontecen coa suficiente rapidez que fai difícil a adopción de criterios para a mellora e ordenación do medio.

2.5.- A ARQUITECTURA RURAL E DO TERRITORIO.



Principios Xeradores

Cando o home habita un territorio, que transforma e utiliza para lograr a subsistencia, xorde a arquitectura como nexa de unión. Esta relación de dependencia entre o home e o seu medio rural ou natural produciu en Galicia unha arquitectura do territorio que coñecemos como arquitectura popular. Non só falamos da casa ou vivenda tradicional ao referirnos a esta arquitectura, senón que a definición debe estenderse a todos aqueles elementos construídos que fixeron posible o desenvolvemento da actividade humana, como as edificacións destinadas á función produtiva (hórreos, palleiras, alpendres,...), os camiños, os valados, as fontes, os espazos comunitarios, etc. Un conxunto de elementos que son unha resposta física e formal a unha determinada situación social e económica e a unha maneira de relacionarse e servirse do territorio.

Se ben é certo que o home habita estas terras dende o neolítico e que outra referencia posterior son os castros na Idade de Ferro, con varios exemplos no termo municipal de Culleredo, o alcance deste estudo límitase a un período de tempo relativamente recente pero tamén impreciso. Ao falar de arquitectura popular referímonos ao final da Idade Media como posible punto de partida dunha forma de construír que perdurou ata os nosos días ou, máis ben, ata un pasado moi recente. Loxicamente, durante este tempo a arquitectura popular evolucionou, si ben a ausencia de datos non nos permite máis que intuír de que maneira se produciron os cambios.

O estudo particular da arquitectura popular de Culleredo non pode facerse sen ter en conta os estudos e documentación existentes de carácter xeral como forma de aproximación ao noso caso concreto. Así, a escasa pero interesante bibliografía indúcenos a considerar o contexto social, económico e xeográfico como punto de partida ou principio xerador desta arquitectura.

O contexto social non difire en absoluto ao do resto de Galicia, baseado na organización parroquial como elemento que artella as relacións humanas e cunha forte vinculación ao ámbito xeofísico que abrangue a parroquia e ás actividades produtivas que nela se realizan.

O medio físico e xeográfico que actúa como condicionante máis visible constituíndo o motivo salientable das distintas arquitecturas e sobre o que é necesario deterse.

Os condicionantes físicos e os medios dispoñibles

A arquitectura de Culleredo é o resultado dun proceso de adaptación dunhas condicións do medio que a fan característica respecto a outras áreas xeográficas de Galicia e que incluso presenta elementos singulares dentro do termo municipal.

A climatoloxía, que responde ao tipo "oceánico húmido", caracterízase por tres estacións onde a suavidade térmica e a pluviosidade contrastan cunha estación, o verán, onde se pode producir máis seca. Presenta diferenzas sutís de microclima, o que se traduce nunha evolución tipolóxica que marca os contrastes entre unha arquitectura de clima máis benévolo nas parroquias da ribeira, característica da zona "das mariñas" (Rutis, O Burgo, Almeiras...) con elementos característicos como o corredor, solaina, galería... con respecto a dúas zonas no interior:

- Unha máis elevada. (Veiga, Castelo) cun microclima menos benévolo, que produce unha arquitectura máis pechada ao exterior, con escaseza de ocas e aberturas máis reducidas.
- Outra a cota máis baixa, en torno a Val do Valiñas (Celas, Ledoño, Sésamo...), cun microclima máis amable

As características *litolóxicas* do Concello de Culleredo fan que a maior parte do termo municipal estea composto por rochas graníticas con características de dureza e calidade suficiente para a construción. A parte máis oriental do concello está dentro do chamado "Dominio de Ordenes", cuxa pedra principal é o xisto. Ao ser tan pequena esta zona, as diferenzas entre as construcións exprésanse con matices en aleiros, xambas, linteis, xa que aínda que no Dominio de Ordenes o que abunda é o xisto, o granito está moi preto e constitúe unha pedra moito máis idónea par a construción. Haberá entón pequenas diferenzas debido á posibilidade de ter acceso e poder dispoñer de pedra granítica.

Deste xeito, identificamos unha zona coincidente coa representada no plano de información xeolóxico, marcada coa presenza de rocha granítica e que abrangue a case totalidade do municipio. Aquí todas as construcións presentan os muros construídos enteiramente con esta pedra.

E outra zona de transición que abrangue a parte oriental, nas parroquias de Castelo, Culleredo, Sésamo, O Burgo, Rutis e Almeiras onde os elementos construtivos importantes seguen a construírse con pedra de granito pero incorporan xisto e madeira nalgunhas das partes das edificacións.

Nas parroquias de ribeira segue utilizarse o granito, aínda que mesturado con xisto, xa que se dá un tipo de construción relacionada co medio urbano e con vivendas solaregas e de veraneo das clases podentes, situadas nestas parroquias, preto da cidade da Coruña.

Nalgunhas parroquias podemos atopar elementos de madeira en peches de edificacións auxiliares (alpendres, hórreos) e en pezas especiais. É aquí onde as construcións presentan unha maior fragilidade e onde o proceso de perda e deterioro faise máis patente.

A orografía e, en concreto a pendente do terreo, constitúe outro condicionante que establece diferenzas tipolóxicas. Sabido é que os asentamentos das parroquias de Castelo, Sésamo ou algunhas zonas de Celas, presentan unha estrutura densa e pechada. Ao desenvolverse en terreos de máis acusada pendente, contrasta con outras áreas onde o asentamento se desenvolve nas denominadas chanceiras, con estrutura solta e edificacións máis distanciadas. No primeiro caso é frecuente a construción que comparte lindeiros, cunha fachada ou aliñación a un espazo viario. No segundo, a edificación sitúase de forma libre na parcela, polo xeral, de maior tamaño, separada dos lindes e desenvolvida nun corpo principal, a vivenda, e construcións anexas que poden aparecer separadas da principal.

A Arquitectura das Agras.

A arquitectura de Culleredo recoñécese nun contexto denominado “arquitectura das agras coruñesas” que abrangue unha extensa área xeográfica comprendida entre: as serras occidentais que fan de límite natural coa provincia de Lugo, o Río Ulla que separa á provincia de Pontevedra e o mar. O relevo desta área, está dominado polos terreos horizontais e os vales fluviais. Aínda así, son moitos os matices e particularidades que se dan neste ámbito xeográfico.

En concreto, as terras de Culleredo presentan grandes similitudes coas de Arteixo, Carral, Abegondo, nun contexto caracterizado economicamente polo predominio da produción agrícola e gandeira.

Xurde así unha resposta de implantación neste territorio baseada nos principios elementais de adaptación ao medio físico e xeográfico e do maior rendemento a través da produción agropecuaria.

Deste xeito, a arquitectura popular de Culleredo é o resultado dunha lenta evolución que trata de adaptarse a uns condicionantes climatolóxicos e xeomorfolóxicos, conseguindo á vez resolver os problemas de habitabilidade que esixe a produción agrícola.

Trátase, polo tanto, dunha arquitectura que articula un conxunto de elementos volumétricos, cada un destinado a unha función específica (cortes, alpendres, palleiras, hórreos...) en relación á vivenda, pero formando un todo homoxéneo. Esta vinculación entre o elemento principal destinado a vivenda e edificacións complementarias, pode responder a unha organización xerárquica ou non; é dicir, ás veces o tratamento volumétrico e de posición que se lle dá á vivenda é o mesmo que a outras pezas que cumpren funcións produtivas, presentándose así conxuntos construídos que poden configurar un espazo, e onde aparentemente non destaca un volume fronte aos outros.



Casa terrea con sobradoen Rumbo, parroquia de Celas



Casa terrea en Ermida, parroquia de Culleredo




Exemplo de casa con sobrado localizada no lugar de Orro (parroquia de Orro)

En Culleredo detectáronse vivendas de planta rectangular e en forma de “L”. A partir deste esquema xorden adicións volumétricas de construcións ao servizo da produción agrícola, sendo a máis frecuente a composición en base a un volume rectangular.

En canto ao número de plantas, existen poucos exemplos de vivendas de unha planta (casa terrea). Atópanse en mal estado de conservación e responden a unha tipoloxía primitiva e pouco desenvolvida. A casa de dúas plantas é a máis estendida, percibíndose aquelas realizadas nun pasado recente ao dispoñer de maior altura, ser de maiores dimensións e presentar uns aleiros de cuberta de maior inclinación.

Un dos poucos exemplos que quedan deste tipo o constitúe a casa terrea localizada no lugar de Ermida (parroquia de Culleredo).

Cando a casa-vivenda se conforma mediante un corpo rectangular é frecuente que a dirección principal se oriente contra pendente. Desta disposición xorden alturas fraccionadas (a media altura), onde as cortes sitúanse no nivel inferior, o espazo da cociña no nivel intermedio e as habitacións no nivel superior situados encima dos cortellos.




Este esquema coñécese co nome de “vivenda con sobrado” e constitúe o paso intermedio entre a casa terrea e a casa de dous andares.



Casa terrea con sobrado en Vilaverde (parroquia de Castelo)

Non importa tanto a diferenza en si entre unha tipoloxía e outra senón o concepto de adaptación (adaptación á pendente do terreo) como mecanismo que permite chegar a unha solución de habitabilidade cun mínimo esforzo e nun contexto de economía de medios.

Derivado da disposición e forma das construcións, xorde a maneira de realizar a cuberta. Así, en Culleredo, detectáronse multitude de variantes: a dúas e tres augas, a catro augas e cumieira en limatesa, graduadas, continuas cubrindo corpos anexos, etc.



A inclinación oscila entre os 15° e 35°, dependendo da antigüidade das construcións e do material empregado para a súa cubrición.

Así, é preferible recoñecer un tipo de cuberta realizada en tella curva cunha pendente escasa que en ningún caso supera os 25° de inclinación.

A principios do século XX introduciuse a tella plana, a cal precisa de maior inclinación, o que produce un cambio substancial na volumetría e que responde a un tipo de vivenda prismática sen corpos anexos acaroados.

Este tipo de cubrición é característica da metade Norte do concello, coa construción de "villas" e "casas de indiano", situadas ao longo das vías principais de entrada e saída da Coruña

Estas vivendas, xunto con outras edificacións tipo "pazo", e outras de clara influencia europea, forman un conxunto de arquitectura "cult", que expresa o interese de familias podentes nos dous últimos séculos por Culleredo, onde como xa indicamos con anterioridade, a proximidade coa Coruña, e a climatoloxía benévola, facían un concello atractivo para as segundas residencias.

Independentemente deste tipo de arquitectura, o modelo de casa vivenda que máis se repite é a dun corpo rectangular de dúas plantas e cuberta a dúas augas que alberga á cocina e ás cortes na planta baixa e as estancias ou dormitorios na planta alta.

Súas dimensións responden a unha cruxía transversal en torno aos 6 metros e unha lonxitude moi variable que arranca dos 9 ou 10 metros, podendo superar os 20 metros.

En base a este corpo principal articúlase unha serie de corpos ou apéndices de dimensións variables e que fan as funcións complementarias e de apoio á casa e ás actividades agrícolas. Algúns deles, como o forno e os cortellos, cumpren unha función específica e outros constitúen espazos cubertos de uso polivalente. Na medida en que un corpo ou volume se concibe para unha función especializada, a súa disposición é máis independente. Esta arquitectura especializada ten en Culleredo representación no hórreo sobre todo, e tamén na palleira, ao Sur do concello.



Dous exemplos de vivendas con cubrición de tella plana



Dous exemplos de casas-vivenda de dous andares, con anexos.

A tipoloxía de hórreo máis estendida en Culleredo é a de tipo "Maia", hórreo mixto de cámara rectangular, con penais de pedra e elevado sobre cepas. A cámara está constituída por panos de madeira con elementos intercalados de cantería vertical.

Tamén existe a variante do mesmo tipo de hórreo pero elevado sobre pés ou sobre celeiro no canto de cepas.



Hórreo tipo "Carral" en Valverde (parr. de Castelo)



Hórreo tipo "Morrazo" en Vinxeira Pequena (parr. de Celas)



Hórreo tipo "Fisterra" en Conduzo, parroquia de Rutis



hórreo, tipo "Maia" en Ternande (parr. de Celas)

Existen algúns casos que se identifican co hórreo tipo "Carral", unha variedade mixta que se diferencia do tipo "Mahía" en que os costais son por enteiro de madeira, e a cuberta voa sobre os penais.

En determinadas situacións, podemos ver hórreos construídos con pedra na súa totalidade e poden ir sobre cepas ou sobre pés. Na zona Sur, este tipo de hórreos, teñen as doelas dispostas en vertical, e podemos adscribilos á tipoloxía "Morrazo". En cambio, ao Norte do concello, as doelas están colocadas en sentido horizontal, e pola forma, dimensións e disposición dos elementos, pertencen á tipoloxía "Fisterra".

Aínda podemos ver algúns hórreos construídos en madeira, de tipo "Mariñán", pero a fragilidade deste material fronte á pedra, fai que co paso do tempo, apenas queden exemplos en pé.

A palleira é unha construción de planta rectangular e cuberta habitualmente a dúas augas que alberga dous andares; o inferior onde se gardan útiles de labranza e o superior onde se almacena a palla e outros produtos do campo que precisan ambiente seco e saneado. Para esta función a palleira está construída con combinacións de muros cegos deixando o resto da construción aberto mediante un cerramento calado de táboas de madeira.

O abandono do campo en Culleredo fai que estas construcións están a desaparecer ou a transformarse en edificacións destinadas a outros usos, pero aínda quedan exemplos nas parroquias de Celas, Castelo ou Veiga.



Palleira en Xalo, parroquia de Castelo

3 A ÁREA URBANA DE CULLEREDO



3.1.- O MARCO XEOGRÁFICO E OS SEUS LÍMITES



Aglomeración urbana no espazo da Ría do Burgo



Límite do bordo marítimo da Ría do Burgo

O estudo do medio urbano require previamente a definición dun escenario o espazo físico na cal se recoñece a pegada que a actividade humana deixou no territorio. Dentro de ese escenario identifícanse límites: administrativos, físicos e naturais que acoutan e modelan a forma urbana.

Dende unha escala metropolitana recoñécese o espazo da Ría do Burgo onde os concellos de Oleiros, Cambre, A Coruña e Culleredo participan dunha aglomeración urbana que acolle a unha poboación próxima aos 50.000 habitantes.

Os límites deste grande espazo están claramente definidos por accidentes tais como o Monte da Zapateira, na marxe esquerda da conca, e a dorsal de Montrove, o Monte de San Marcos e o Monte da Pega, na marxe dereita.

A xeomorfoloxía da área é de conca con suaves pendentes que caen cara á Ría, máis acusadas na marxe esquerda debido a unha litoloxía granítica (A Zapateira). Un dos elementos máis sobresaíntes o constitúe o espazo intermareal da Ría, no cal se alterna ciclicamente a lámina de auga coas superficie de area ou de marisma.

Destaca tamén o espazo dunar de Santa Cristina que, xunto ao espazo marítimo-terrestre restante, outorgan á área un alto grao de naturalidade que contrasta co alto grao de urbanización acadado.

O Concello de Culleredo participa deste gran espazo metropolitano nunha área que abrangue dende o límite coa Coruña, ao norte, ata o Rego das Regueiras, en Alvedro, ao sur, e dende o Alto da Zapateira, ao oeste, ata o Río Mero e a Ría do Burgo, ao leste e nordeste.

É agora cando se pode particularizar o escenario urbano de Culleredo en dúas subzonas claramente diferenciadas; unha sería a cidade propiamente dita, situada nas coutas baixas ou ribeirás que abarca os lugares de Fonteculler, Portádego, A Corveira, Cordeda, Conduzo, Vilaboa, Acea de Ama, O Burgo e Alvedro. A outra, as urbanizacións desconexas da Zapateira situadas nun espazo dorsal que abarca dende o Monte Alfeirán ata o Monte das Arcas, compartindo espazo cos Concello da Coruña e Arteixo.

O desenvolvemento urbano de Culleredo está fortemente condicionado pola existencia de límites; vamos ver de que natureza son:

A coincidencia de límites administrativos (deslindes entre concellos) e límites naturais (accidentes xeográficos) é frecuente na organización territorial, pois responde á lóxica e ao principio de identidade e racionalidade na xestión dos recursos. Culleredo sométese a este tipo de límite en todo o bordo marítimo da Ría do Burgo e nos bordos fluviais do Río Mero e o seu afluente, o Río Valiñas, deslindándose de forma natural cos concellos de Oleiros e Cambre.

A potencia deste corredor marítimo-fluvial faise máis forte canto máis abaixo, ou, o que é o mesmo, cuanto máis ancha é a lámina de auga. Recordamos agora que a Ría do Burgo se cruza en dous puntos mediante viais convencionais: a Ponte da Pasaxe e a Ponte do Burgo. O tramo do Río Mero comprendido entre a Ría e o encontro co Río Valiñas non é cruzado por ningunha estrada, mentres que o Río Valiñas, de menor sección, é cruzado por dous estradas convencionais no lugar de Alvedro, poñendo en relación esta parte de Culleredo coa parroquia de Sigrás, en Cambre.

Dende o límite municipal coa Coruña, no lugar de Fonteculler, ata o paso da estrada nacional sobre o Río Valiñas en Alvedro, a área urbana preséntase esgotando as posibilidades do propio límite. Así o tramo marítimo preséntase consolidado polos terreos gañados ao mar onde hoxe se estende o parque urbano do Burgo mentres que as áreas industriais de A Marisqueira e Alvedro precipítanse sobre o bordo fluvial dos ríos Mero e Valiñas.

No extremo oposto da área urbana, é dicir, no bordo de contacto co termo da Coruña preséntase unha problemática que merece consideración.

O deslinde orixinal entre ámbolos dous concellos obedeceu historicamente a unha liña dorsal que, dende a couta máis baixa en Fonteculler, ascendía por unha das estribacións do macizo da Zapateira, unindo os cotos do Monte Alfeirán, Penasquedo e Monte das Arcas.

O desenvolvemento urbano das derradeiras décadas materializouse nun continuo urbanizado que ocupa dita franxa dorsal estruturada pola estrada provincial que, dende a Avenida de Alfonso Molina, conduce ao Club de Golf, producíndose unha clara disfunción territorial e organizativa entre concellos. Elo desembocou na redefinición da liña de deslinde municipal, acordada entre os concellos da Coruña e Culleredo que se adaptou á recente realidade urbana. Mais a pesar do reaxuste benintencionado a liña de deslinde actual perdeu a súa motivación xeofísica desenvolvéndose a ambos lados da estrada provincial, deixando en evidencia a existencia dun problema que necesariamente debe abordarse dende a escala supramunicipal.

Ao falar do asentamento na dorsal da Zapateira ven ao fío desta exposición facer mención a outros límites de natureza xeomorfolóxica: A altitude e a pendente.

O condicionante da altitude, de grande incidencia nos sistemas de asentamento tradicional ou adaptados, foi perdendo forza no modo de asentamento urbano contemporáneo. Como exemplo, a colonización recente da Zapateira, en cotas superiores aos 200 metros que, pola súa condición de dorsal aplanada, admite a urbanización, solucionando os problemas técnicos (subministros) ou de mobilidade que se foron presentando.

Debemos polo tanto admitir que aquilo que no pasado foi motivo de asentamento, a preferencia polas cotas baixas de mellor clima, fonte de recursos para a subsistencia, deixa hoxe de selo pese á transgresión da lóxica. E que os parámetros no que se move o individuo á hora de escoller o asentamento son diferentes e atribuíbles ás formas de mobilidade actuais, aos avances técnicos así como á diferente maneira de relacionarse co medio natural.

O factor pendente (inclinación do terreo), mantén certa vixencia como elemento límite ou condicionante. Hai algo evidente en elo e é que a urbanización se fai difícil sobre terreos con pendente superior ao 20%. Observando o plano clinométrico da colección de planos do medio físico compréndese a importancia desta variable na definición da contorna urbana da zona baixa (ribeirá) de Culleredo, no seu bordo occidental. Así a diferenciación do medio urbano en dous subámbitos afastados atende non só a motivos de altimetría se non a un contundente límite xerado pola pendente do terreo nas abas inferiores do macizo da Zapateira.

A modo de orla sucédese unha franxa de terreo con pendentes superiores ao 20% que vai dende o Monte Alfeirán ata a cabeceira norte do aeroporto, cun paso natural e estriro definido pola directriz do Rego de Castro que permite a comunicación entre as urbanizacións da Zapateira e Vilaboa.

Unha vez identificado o espazo físico ou escenario da área urbana de Culleredo mediante a definición dos seus límites naturais e administrativos, convén advertir da existencia de límites de natureza artificial que condicionan e modelan o desenvolvemento urbano. Neste concepto inclúese a infraestrutura da autoestrada AP-9, cunha clara calidade segregadora pese a ser permeable mediante oito pasos de viario a distinto nivel.

Os terreos dotacionais da Universidade Laboral, pola súa dimensión, posición encaixada entre a AP-9 e o bordo marítimo e pola súa calidade pouco permeable constitúe outro elemento limitante do desenvolvemento ou da relacións urbana, pois mantén afastadas as zonas urbanas de Vilaboa-Cordeda co Burgo. Na actualidade estase a redactar o PE-3, Plan especial no ámbito da Universidade Laboral en Culleredo. En dito documento tomouse conciencia do problema urbano que xera a impermeabilidade do equipamento, polo que entre os obxectivos deste Plan especial incluíuse a mellora das conexións.

E por último, o aeroporto e as súas zonas de afección que, pola súa calidade netamente impermeable e a súa forma penetrante cara ao norte, agrava a separación, xa natural, entre Vilaboa e Alvedro.



3.2.- O RECOÑECEMENTO DO MEDIO URBANO A TRAVÉS DOS PLANOS DE INFORMACIÓN

A complexidade do fenómeno urbano de Culleredo invita a reflexionar sobre o método de análise e as ferramentas que permiten a elaboración dun diagnóstico axeitado que, a súa vez, facilite a toma de decisión.

A realidade urbana admite enfoques parciais e é susceptible do estudo separado dos elementos que a compoñen. Todo aquilo que deixa pegada no territorio pode ser expresado graficamente de forma temática coa finalidade de facilitar a comprensión do todo.

Para estudar a problemática urbana consideráronse varios temas de análise, cada un deles desenvolvidos ou expresados en diferentes planos de información. Son os seguintes:

- USO E TIPOLOXÍA DA EDIFICACIÓN
 - * Plano de usos da edificación. Dotacións de uso público.
 - * Plano de tipoloxías residenciais en relación á trama urbana.

- INTENSIDADE EDIFICATORIA
 - * Plano de alturas da edificación.
 - * Plano de densidade residencial.

- ESTRUCTURA VIARIA, TRANSPORTE E MOBILIDADE
 - * Plano de estrutura viaria, transporte e mobilidade.

- DEFINICIÓN DA URBANIZACIÓN
 - * Plano de materiais de acabado do viario.
 - * Plano de abastecemento de auga.
 - * Plano de saneamento de augas residuais.
 - * Plano da rede de gas.
 - * Plano de telecomunicacións.
 - * Plano de redes de electricidade.

- INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA
 - * Ortofoto do ano 2007.
 - * Plano de planeamento vixente e nivel de desenvolvemento das súas previsións.
 - * Plano de distritos.
 - * Plano do parcelario catastral.

Uso e tipoloxía da edificación.

Mediante o estudo dos usos e as tipoloxías da edificación accedese ao coñecemento dun dos compoñentes definidores da trama urbana.

No plano de usos diferéncianse usos privados ou lucrativos de usos dotacionais públicos, distinguindo tamén entre usos principais e complementarios. Recoñécense e delimitan as parcelas dotacionais como espazos libres, equipamentos e infraestruturas existentes.

O plano de tipoloxías pretende recoñecer as diferentes formas de implantación na parcela, en virtude do grao de ocupación, posición, etc. da edificación.

Intensidade edificatoria.

O grao de compacidade da trama urbana exprésase graficamente mediante o plano de alturas da edificación e o plano de densidade residencial. Para o cálculo da densidade tómase o número de vivendas entre a superficie dun ámbito de características tipolóxicas homoxéneas, incluíndo en dita superficie a parte que lle corresponde de espazo público.

Estrutura viaria, transporte e mobilidade.

Mediante este plano analízase o soporte viario e os modos de desprazamento. A rede viaria que atravesa o Concello diferénciase xerarquicamente en función da súa importancia e a súa intensidade de tráfico. Exprésanse itinerarios peonís e ciclista así como puntos de intermodalidade.

Definición da urbanización.

Exprésase mediante unha colección de planos o grao de urbanización efectiva da área urbana. Esta información é importante para determinar o alcance e desenvolvemento da malla urbana e, polo tanto, para determinar o alcance do solo urbano e a súa diferenciación en consolidado e non consolidado.

Información complementaria.

De forma complementaria apórtase un plano da ortofoto do último voo dispoñible, un plano de parcelario catastral, o planeamento vixente e un plano final no cal se recoñecen os distritos propostos polo Plan.

O plano de planeamento vixente expresa ademais o grao de desenvolvemento acadado nos ámbitos previstos polo Plan anterior así como a referencia á figura de planeamento de detalle.

A modo de conclusión e tomando como referencia o artigo 49 da Lei 9/2002 elabórase un plano coa delimitación do solo urbano con identificación dos distritos.

3.3.- O ESTUDO DA ÁREA URBANA A TRAVÉS DAS SÚAS PARTES. OS DISTRITOS

O fenómeno urbano pode entenderse como o resultado dos agregados de pezas que xurdiron no tempo e no espazo e que hoxe son recoñecibles por ter identidade propia.

A área urbana de Culleredo, aínda caracterizada pola súa contemporaneidade, recoñécese como o resultado dun proceso no tempo no cal cada momento ou período responde cun xeito de facer e concretar a cidade. Recordando o expresado en apartados anteriores, na área urbana de Culleredo coexisten tramas de orixes e motivacións distintas: os asentamentos rurais de orixe antiga, a etapa preindustrial, o desenvolvemento espontáneo, en polígono, etc.

O espazo físico caracterizado pola existencia de microespazos constitúe outro motivo de identificación da cidade en partes ou agregados.

O espazo urbano vese fragmentado polos accidentes naturais e artificiais: as formas do relevo, a pendente, a fenda da autoestrada, o aeroporto, etc.; é dicir, polos límites dos que xa temos falado no apartado anterior.

Unha vez identificados os aspectos temporais e espaciais dos agregados da cidade, xorde un terceiro motivo que ten que ver coa identidade dos moradores e o seu apego ao lugar. Aparece así o concepto de barrio ou agrupación de barrios que, segundo a Lei, deben ser delimitados en distritos.

A referencia legal de termo “distrito” aparece recollida no artigo 49 da Lei 9/2002, que di textualmente:

“1. A totalidade do solo urbano dividirase polo plan xeral en distritos, atendendo a racionalidade e calidade da ordenación urbanística e a accesibilidade da poboación ás dotacións, utilizando preferentemente como límites os sistemas xerais e os elementos estruturantes da ordenación urbanística, e coincidindo na maior parte da súa extensión cos barrios, parroquias ou unidades territoriais con características homoxéneas.”

Consonte dita definición e logo da análise da información urbanística, o Plan divide o solo urbano en oito distritos:

- D1. PORTÁDEGO – VILABOA NORTE
- D2. ACEA DE AMA – O BURGO
- D3. VILABOA SUR
- D4. A MARISQUEIRA
- D5. ALVEDRO
- D6. MONTESPIÑO
- D7. VALLESUR
- D8. LEDOÑO C.L.T.



Distrito 1. Portádego – Vilaboa Norte.

Comprende o ámbito espacial delimitado pola liña de deslinde co termo municipal da Coruña, o bordo litoral da Ría, os terreos da Universidade Laboral e a autoestrada AP-9.

Dende un punto de vista xeomorfolóxico o ámbito desenvólvese sobre as abas que arrancan no Coto do Monte Alfeirán no extremo noroeste e descenden ata os límites definidos anteriormente, con orientacións predominantes ao leste e ao sur, e con pendentes que en zonas puntuais condicionaron a urbanización.

O mallado urbano actual é resultado da coexistencia e superposición de mallados de diferente morfoloxía froito do devenir histórico e a motivación do asentamento.

Neste distrito recoñecemos as tramas de orixe antiga dos asentamentos de Conduzo e Cordeda así como os vestixios do asentamento de transición apoiado na estrada nacional A Coruña- Santiago e na estrada do Burgo, anteriores portas de entrada á cidade da Coruña.

Sobre o esquema lineal herdado desenvolvéronse novas tramas, con mellor ou peor inserción nas preexistencias, ata acadar un alto nivel de consolidación urbana e destacando esta zona, xunto ao distrito do Burgo, como a de maior densidade poboacional da área metropolitana.

Dentro do propio distrito pódese advertir da existencia de dúas realidades: unha identificada na parte oriental, comprendida entre a estrada nacional e o bordo marítimo, onde o tecido urbano se mostra denso e máis consolidado, representado polos lugares do Portádego, Fonteculler, Cordeda (Plan parcial), A Corveira e Vilaboa.

A outra, menos consolidada, incluso con ocos dentro e fora do solo urbano, comprendida na franxa occidental, entre a nacional e a autoestrada, representada polos lugares de Monte Alfeirán, Urbanización Os Álamos e o asentamento de orixe rural de Conduzo. Neste caso a trama urbana componse tamén de agregados de diferente orixe e motivación, con escasa relación e continuidade, se ben non falto de interese, como puidera ser o asentamento orixinal de Conduzo, o cal conserva a súa estrutura viaria, parcelaria e edificada.





Distrito 2. Acea de Ama – O Burgo.

Constituído por un ámbito urbano claramente recoñecido e limitado pola Ría do Burgo, a autoestrada AP-9 e os terreos da Universidade Laboral. Gran parte da superficie coincide coa parroquia do Burgo, dende a Ponte do Burgo ata o Rego de Trabe. A parte restante, aínda que pertence á parroquia de Rutis, incorporouse ao distrito por razóns funcionais e de relación. Certo é que os terreos da Universidade Laboral, pola súa incidencia supramunicipal non deben vincularse funcionalmente a ningún distrito, pero o feito de que os accesos principais se realicen dende a Avenida de Rutis, vía que articula o polígono de Acea de Ama, motivan a súa adscrición a este distrito.

Dende un punto de vista xeomorfolóxico, o distrito abrangue as cotas inferiores do macizo de Alvedro, no seu extremo norte, entre as desembocaduras dos regos de Trabe e de Almeiras, con suaves abas que miran aos ventos oeste, norte e leste. Unha porción do ámbito está constituído por terreos artificiais gañados ao mar, probablemente sobre marisma, que debuxan un perfil recortado sobre a Ría. Mais non só o recheo sobre a Ría, se non outros elementos artificiais como a liña do ferrocarril, a autoestrada e aínda a cabeceira norte da pista de aterraxe así como a densidade da trama urbana, fan que o exercicio de busca de referencias xeomorfolóxicas se converta nun xogo de suposición.

O distrito de Acea de Ama – O Burgo constitúese hoxe como unha das zonas urbanas de Culleredo máis transformadas e de maior densidade.

O distrito leva o nome composto de dous topónimos que nos trasladan ao pasado. Acea de Ama, lugar que fai referencia á moenda de cereal e onde hoxe se conservan restos (restaurados) de muíños de marea que datan do século XII. E O Burgo, que fai referencia ao asentamento de característica urbano-medieval, situado nun enclave estratéxico dende o punto de vista das comunicacións.

Pero o certo é que poucas pegadas quedaron na trama urbana daquilo, que se presupón foi un asentamento importante, máis que os vestixios da ponte, a igrexa románica de Santiago e o camiño ou ruta de entrada á Coruña, hoxe convertida en estrada.

O desenvolvemento urbano contemporáneo tivo un dinamismo que incluso borrou as marcas dos tecidos do pasado recente. Poucas edificacións quedan do período preindustrial ao redor do eixo da estrada, substituídas por novos bloques residenciais. Os terreos gañados ao mar para a implantación de industrias foron xa reconvertidos mediante procesos de reforma urbana en novas áreas residenciais e dotacionais. É o caso do Plan parcial da CROS, cunha ordenación que propón a conservación do edificio principal da fábrica como testemuña do pasado industrial.

Enmarcado e constrinxido polos seus límites, o distrito do Burgo caracterízase pola súa trama urbana consolidada e a súa elevada densidade residencial e dotacional, o que o sitúa nun estatus propio de cidade.



Distrito 3. Vilaboa Sur.

Comprende o ámbito urbano situado entre a autoestrada AP-9, as abas do Monte Run e o aeroporto, que ocupa unha porción de territorio con morfoloxía de conca articulada polo Rego de Trabe e o seu afluente o Rego de Castro.

Na súa estrutura urbana débil e inconexa, salientada polo esquema lineal da estrada nacional, atopamos restos de mallados de orixe antiga como é o caso do asentamento orixinal de Vilaboa que conserva a súa estrutura viaria e as súas imponentes edificacións palacianas. Como no caso de Conduzo, trátase dun asentamento antigo que quedou atrapado entre infraestruturas e novos mallados urbanos.

En semellantes circunstancias que o distrito de Vilaboa Norte, xa que teñen en común o eixo vertebral da estrada nacional, apréciase a debilidade da trama urbana así como a superposición e coexistencia de estruturas de diferente morfoloxía.



Distrito 4. A Marisqueira.

O distrito da Marisqueira comprende o ámbito situado entre o Río Mero, a estrada de Sigrás – Os Campos (AC-213) e a autoestrada AP-9. Desenvolveuse sobre uns terreos de topografía chá que foron ocupados por usos industriais e comerciais nun proceso espontáneo iniciado na metade do século XX. A ocupación desta zona ribeira enmárcase no contexto de descentralización de usos na cidade da Coruña e a conseguinte migración de actividades económicas ás áreas periféricas, entre elas a pretendida zona industrial do Burgo, materializada en parte e á vez xa reconvertida noutros usos, como ocorreu nos terreos da fábrica CROS.

Na Marisqueira o uso industrial atópase arraigado e en activo, con licenzas recentes de obra nova, se ben obsérvanse signos de decadencia como é o caso da fábrica BUNGE, situada sobre unha zona gañada á Ría a mediados do século pasado.

Consecuencia do seu desenvolvemento espontáneo durante seis décadas (a partir do PXOU do 87 recoñécense aliñacións), a estrutura urbana preséntase con debilidade na trama viaria e nas dotacións públicas (non existen zonas verdes nin equipamentos), sendo a estrada autonómica AC-213 o único elemento que confire certa estrutura ao distrito.

A falta de orden exemplifícase tamén coa mestura de usos no eixo da estrada, onde pervive o uso residencial dos asentamentos de transición da Choeira, A Silva, A Telva, etc., entremesturando coa industria, enclaves comerciais e de servizo.

O distrito atópase fragmentado en tres zonas claramente diferenciadas. Os extremos norte e sur, de estrutura máis tupida e con vías en anel que conectan coa estrada autonómica. E a parte central, ocupada por dous grandes enclaves, a fábrica BUNGE e a factoría cárnica FRICOSA, que afastan fisicamente os dous extremos do distrito e impiden a súa relación.

Como curiosidade menciónase a posición singular dos terreos da fábrica BUNGE, illados pola liña de ferrocarril e cun único acceso dende o termo municipal de Cambre.



Distrito 5. Alvedro.

O distrito de Alvedro desenvólvese na aba sur do macizo do mesmo nome, dende o núcleo rural e orixinal de Alvedro, ao norte, ata o encontro do Rego da Regueira co Valiñas, ao sur.

Trátase dun ámbito urbano de clara vocación industrial e empresarial pois, ao igual que A Marisqueira, foi obxecto de ocupación por este tipo de usos dende mediados do século XX.

A estrada nacional a Santiago foi e segue a ser o eixo vertebrador e impulsor do desenvolvemento urbano que serviu nuns casos como un mero soporte de acceso directo a enclaves espontáneos e noutros como estrutura básica de desenvolvemento ordenado. Baixo este enfoque evidéncianse claramente dúas realidades dentro do propio distrito e que se localizan a cada lado da nacional.

Na marxe esquerda en dirección á Coruña e en colindancia co núcleo antigo e residencial de Alvedro, atópase o primeiro foco de uso industrial, de estrutura edificada moi densa e débil armazón viario. Máis abaixo do cruce coa estrada provincial (Rúa Liñares) mingua claramente a densidade de edificación, coexistindo usos industriais, terciarios e vivenda unifamiliar illada, baixo o soporte principal da nacional.

No extremo inferior e a ámbalas dúas marxes do Rego da Regueira xorden dous grandes enclaves, un deles, a antiga fábrica LA TOJA, coa edificación en proceso de substitución.

Na marxe dereita o mallado urbano é diferente e resultado do proceso de desenvolvemento recente mediante un Plan parcial en solo urbanizable do Plan anterior. Trátase do denominado Parque Empresarial de Alvedro, promovido pola entidade pública XESTUR. Mediante a rúa principal deste polígono conéctase a estrada nacional N-550 coa estrada de Sigrás (AC-213), o que fai posible a relación entre os dous distritos de Alvedro e A Marisqueira de usos e actividades empresariais.



Distrito 6. Montespino.

Denominamos Montespino ao distrito discontinuo que reúne as urbanizacións ULTREYA, MANSOSOL e AUGAS MANSAS, situadas na parte alta da conca do Rego de Castro, na Zapateira.

O motivo polo que se constitúe en tres ámbitos discontinuos non é outro que por ser o resultado de tres desenvolvementos en sectores de solo urbanizable previstos no planeamento e, que por haber finalizado o proceso de urbanización e xestión, acadaron o estatus de solo urbano.

As tres teñen en común o motivo da súa existencia, marcado pola presión urbanística da cidade da Coruña, a estrutura da súa malla urbana, caracterizada pola implantación en vivenda unifamiliar apoiada en viarios adaptados á forte pendente do terreo, así como a súa condición illada ou autónoma. Comparten espazo con outros enclaves urbanizados, como é o caso da urbanización VALAIRE, no termo municipal da Coruña e tamén con grandes enclaves dotacionais, como residencias, colexios e sociedades recreativas de titularidade privada, que no seu día xurdiron en solo rústico ou non urbanizable. Todos eles apoiados no eixo viario da estrada da Zapateira que serve de soporte fundamental de acceso.

Todo isto e no seu conxunto, independentemente do réxime de solo aplicable, evidencia un alto grao de alteración que xunto ao problema de disfunción territorial por mor do deslinde municipal, require unha solución cun enfoque integrador.

Distrito 7. Valle Sur.

Vallesur constitúe outro reduto urbanizado situado en Monte das Arcas, A Zapateira.


Comparte espazo con outras urbanizacións colindantes no termo municipal de Arteixo, todas elas de tipo residencial en vivenda unifamiliar e asentamentos xurdidos anteriormente en solo rústico.

O acceso á urbanización realízase dende Arteixo utilizando unha pista que une o núcleo de Uxes coa estrada provincial ao Club de Golf, o que dá idea da falta de relación entre o distrito e outras áreas urbanas de Culleredo e do problema de orden territorial derivado da converxencia de concellos no macizo da Zapateira.



48

3.-a área urbana de Culleredo



Distrito 8. Ledoño C.L.T.

O distrito de Ledoño abarca a parte urbanizada do Centro Loxístico de Transportes situado na parroquia homónima, en proximidade á autovía A-6.

O C.L.T. de Ledoño desenvolveuse mediante un Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal; se ben, só se executou unha das fases, a que presenta un mallado urbano composto por un viario interno en retícula que conforma un conxunto de rúas para a implantación de usos industriais, loxísticos e de almacenaxe.

A fase non urbanizada deseñouse para a implantación dun nó intermodal en contacto coa vía de ferrocarril.

É por isto que a día de hoxe, e entanto non se execute a segunda fase e se renove a liña vella do ferrocarril, desmantelada tras a implantación da nova liña do AVE, o C.L.T. de Ledoño, pola súa estrutura morfolóxica e de usos actual, presenta características semellantes á dun parque empresarial.

4 ESTUDO DA PAISAXE DE CULLEREDO



49

4.-estudo da paisaxe de Culleredo

4.1.- INTRODUCCIÓN



Enténdese como paisaxe dun territorio á relación que existe entre un suxeito observador e un obxecto observado, do que se destacan principalmente calidades visuais e espaciais. É o escenario da vida cotiá, e o resultado de todo un conxunto de múltiples factores, como o medio natural, o medio humanizado, os costumes, a economía, a estrutura social...

Todo isto debuxa e dá forma á identidade dun lugar, define características propias que poden ser traducidas nunha imaxe ou recordo, a través da vista fundamentalmente, pero tamén do olfacto, do oído, ou da sensación térmica.

A paisaxe é a suma desta actividade aplicada nun espazo e nun tempo concretos, e forma parte da identidade dunha comunidade.

É algo moi fráxil e que ata hai ben pouco non tivo a importancia que realmente se merece en canto ao seu coidado e protección. As accións realizadas polo home no derradeiro século trouxeron consecuencias sobre o medio dificilmente recuperables. Actualmente, e por fortuna, existe suficiente lexislación en materia sectorial e de ordenación territorial que impón a conservación da paisaxe ou, a corrección de impactos non desexados.

No caso de Culleredo, a paisaxe forma parte da área metropolitana da Coruña, dentro da comarca das Mariñas Coruñesas.

É un territorio fortemente humanizado, en maior medida na zona de contacto coa propia cidade da Coruña, onde as densidades de poboación chegan ata os 800 hab/km.

Culleredo limita coa Coruña, polo Leste. Polo tanto, é un concello que está moi ligado á vida urbana desta cidade.

Todo isto inflúe de maneira directa na súa paisaxe, o escenario onde se desenrolan as actividades das xentes.

A vinculación coa cidade da Coruña é total, ata o punto que o Aeroporto da cidade, ou o Centro Loxístico de Transporte, atópanse en Culleredo.

O mesmo acontece cos grandes sistemas de comunicación, como as autoestradas, as estradas importantes e as redes ferroviarias que chegan á cidade da Coruña atravesando este concello.

É un territorio que se desenrola de Norte a Sur, dende a costa da Ría da Coruña, ata os Montes do Xalo, a pouco máis de 10 km de distancia, no límite municipal con Carral. Estes montes, con máis de 500 metros de altura, conforman a elevación máxima do concello.

O Río Valiñas atravesa o concello de Suroeste a Norleste, ata conformar o límite municipal con Cambre, e finalmente desembocar no Río Mero, dando lugar a un conxunto fluvial que caracteriza o territorio, e por ende, a súa paisaxe.

Así, pódese dicir que a case totalidade de Culleredo vólcase cara o Río Valiñas e o Río Mero, un dos seus afluentes principais, o cal forma un val que se desenrola ao longo de boa parte do concello.

O municipio sitúase, entre o Dominio de Ordes e o das Mariñas Coruñesas, co predominio deste último.

Así, dende o punto de vista litolóxico, a maior parte do concello está asentado sobre rochas graníticas, características das Mariñas coruñesas.

Ao Leste e ocupando algo menos dunha terceira parte do territorio, Culleredo atópase sobre o Dominio de Ordes, abundando os xistos.

Estas características do subsolo pódense observar na superficie, en forma de penedos e bolos, na zona granítica, ou láminas metamórficas e exfoliables, na parte máis oriental do concello.

No proceso de análise dunha paisaxe, acontecen toda unha serie de sensacións e percepcións que axudan a poder dar unha interpretación da mesma.

Esta experiencia sensorial é maioritariamente visual, e en menor medida pertence a outros sentidos como o olfacto, o oído ou a sensación térmica, que aínda que aportan datos obxectivos, afectan a cada persoa de xeito subxectivo.

Pero tamén existen outras relacións internas directamente vencelladas a transformacións económico-sociais que condicionan a evolución desa paisaxe e que precisan doutra análise máis complexa e non tanxible "a simple vista".

Así pois, é preciso atender a conceptos metodolóxicos que nos acheguen a una valoración obxectiva.

No proceso de análise, estudo, clasificación e valoración final dunha paisaxe, atopámonos con diferentes teorías e xeitos de abordalo.

Ímonos decantar pola que define catro grandes conceptos mediante os cales é posíbel afrontar o estudo dunha paisaxe:

- O suxeito ou persoa que percibe e asimila unha determinada paisaxe. Non é obxecto deste traballo analizar este factor, xa que ten unha compoñente subxectiva importante.
- O medio ou vía de transmisión. A atmosfera como elemento de transmisión de luz (imaxe visual), de ruídos, sons e cheiros.
- O fenosistema ou conxunto de elementos do medio que forma parte da escena, e que se perciben a través dos sentidos. En función da súa natureza, poden ser: abióticos (físicos), bióticos ou antrópicos.
- O criptosistema ou conxunto de elementos e relacións que non se perciben, pero subxacen e dan a explicación ao fenosistema.

Nunha primeira aproximación, apréciase unha paisaxe formada principalmente por terras baixas, formadas por pequenos vales aos pés dos bordes montañosos, regados polos afluentes que verten ao Río Mero, e con pequenos outeiros dispersos pola superficie do municipio.

Dende o punto de vista xeomorfolóxico, Culleredo pódese dividir en dúas zonas claramente diferenciadas:

- a zona oriental, caracterizada por relevos suaves e poucas variacións de cota, sobre un substrato rochoso de xistos e gneises, propios dun metamorfismo rexional.
- a zona occidental, de maior extensión e relevos máis acusados, incluída nun macizo granítico. As cotas chegan a superar os 500 m de altura. Esta zona presenta fallas, ás que se adaptan as canles fluviais.

Artellando a práctica totalidade do territorio, discorre o Río Valiñas e os seus afluentes.

Ao comezar a estudar un territorio, sempre se poden atopar varias características particulares que fan que se establezan diferenzas paisaxísticas entre unhas zonas e outras do concello.

Estas diferenzas que existen na paisaxe de Culleredo teñen que ver con dous motivos fundamentais: o grao de intervención humana no conxunto do territorio e as características topográficas e xeofísicas.

Estes parámetros e outros, axudan a configurar distintas unidades paisaxísticas que posúen características propias.

Farase pois unha análise máis profunda que tente definir e buscar explicación sobre os elementos e motivos que fixeron posible unha determinada paisaxe para posteriormente chegar a unhas conclusións que axuden a ordenar este territorio e impedir que o valor atribuído á paisaxe se perda.

4.2.- UNIDADES DA PAISAXE

A detección zonas cuns parámetros paisaxísticos propios, facilita o estudo e a comprensión dos elementos que definen a paisaxe. A análise partirá destes conxuntos con características comúns, así como por medio da delimitación de conchas visuais e áreas de intervisibilidade, que posúan morfoloxías e contidos capaces de potenciar ou destacar no conxunto. En Culleredo pódense distinguir catro unidades paisaxísticas:

A paisaxe urbana:

Normalmente, as diferentes unidades paisaxísticas que podan existir nun territorio defínense fundamentalmente, a partir dos seus elementos derivados do chamado *fenosistema*, é dicir, a través dos elementos que podemos percibir polos sentidos.

Polo xeral, serán os elementos abióticos ou físicos (xeomorfoloxía, pendente do terreo, presenza de auga...), xunto cos bióticos (fauna, vexetación, sons, olores...), os que dean as pautas á hora de definir estas zonas.

No caso concreto de Culleredo, a proximidade con Coruña fai que os graos de antropización e urbanización sexan tan elevados que acaben por dar nome e definir á primeira destas unidades.

Á súa vez, dentro desta unidade paisaxística podemos diferenciar dúas grandes áreas:

1. da ría do Burgo, ao Norte do concello
2. do Río Mero, ao Norleste, coincidindo coa súa desembocadura na Ría do Burgo

1. Área da ría do Burgo

Esta primeira área pódese subdividir en dous ámbitos claramente diferenciados:

- 1.1. Vencellado á fronte marítima da desembocadura da ría, e que forma unha área autónoma.

No límite septentrional co Concello, a desembocadura do Mero na Ría do Burgo, protagoniza esta área que se desenrola principalmente ao longo das estradas N-550 e AC-211.

Dentro desta área, aínda queda a traza do asentamento máis antigo do concello, O Burgo, que data do Medievo e que expresa claramente a situación estratéxica como zona de paso e conexión entre A Coruña e outros municipios.

Desde finais do século XIX, esta parte do concello foise convertindo pouco a pouco no lugar de residencia das épocas estivais das clases acomodadas, en forma de pazos primeiro, e máis tarde, coas "villas" señoriais da primeira metade do século XX.

Percíbese unha forte presenza de lámina de auga, constituída principalmente pola Ría da Coruña na desembocadura do Río Mero.

Dende o Monte Alfeirán, as vistas cara a ría son envexables.

No referente aos aspectos xeomorfolóxicos, este conxunto paisaxístico non forma unha conca visual propiamente dita, senón que constitúe unha área de intervisibilidade que se desenrola nos tramos finais do Río Mero e do Rego de Castro e o de Trabe, e se abre en torno ao espazo visual da Ría.

Varios outeiros de ata 200m de altitude protexen polo Oeste e polo Sur este territorio e van descendendo cunhas pendentes de entre o 20 e o 50 %, ata a costa, conformando un espazo recollido.

O relevo constitúe pois, unha barreira que abriga a esta parte do municipio, e que polo tanto, ten características propias en canto a morfoloxía e climatoloxía.

Dende o punto de vista biótico, ao tratarse dun entorno tan antropizado, apenas quedan especies forestais autóctonas.



Área da ría do Burgo

1.2. Desenvolvido en torno á conca visual que forma o Rego de Castro.

Configurado pola conca que envolve o Rego de Castro. E sobre el, están asentados os núcleos de Castro e A Laxe.

Esta conca está protexida polo Monte Alfeirán ao Norte, e polos Montes da Zapateira e polo Monte Runs ao Sur. O resultado é unha área cun microclima benévolo.

Na zonas máis afastadas dos asentamentos, abundan as repoboacións de eucaliptos e a matogueira, xa que ao tratarse de solo graníticos, non se desenrolan en boas condicións moitas especies vexetais.

Tamén quedan vestixios do que no seu día foron zonas de cultivo nas zonas de menor pendente, próximas ao río.

Nesta conca aínda quedan especies de ribeira como salgueiros, ameneiros ou abeleiras que acompañan o curso do Rego de Castro. Nas zonas máis urbanizadas, esta vexetación foi substituída por parques urbanos e árbores ornamentais.

Ao igual que na zona da ría, aquí danse uns fenómenos de urbanización moi fortes, que teñen como resultado un "horizonte" construído nunha paisaxe rural, e onde casas de aldea se mesturan con novas urbanizacións.

2. Área do río Mero

A outra gran área da unidade paisaxística urbana está vencellada ao tramo final do curso do Río Mero, na zona máis Nororiental do concello.

O responsable en grande medida da división da unidade paisaxística urbana en dúas grandes áreas, é o Aeroporto de Alvedro.

A súa altura con respecto á Ría do Burgo e ao Río Mero, e a súa orientación Norleste-Suroeste, fai que non haxa unha conexión visual entre as dúas zonas.

O outro elemento que separa é a autoestrada AP-9.

Aquí, ao igual que na área da Ría do Burgo, tamén podemos diferenciar dous ámbitos:

2.1. A ladeira Oeste da desembocadura do Río Mero.

A primeira destas áreas desenrólase en torno ao límite municipal entre Culleredo e Cambre, e conforma unha conca aberta, de pendentes suaves. Esta paisaxe está dominada polo Monte de Alvedro, cunha altura duns 100 m.

É unha ladeira bastante lineal e homoxénea sobre a que se apoian a estrada N-550 na zona máis alta, e a estrada AC-213 nas cotas máis baixas.

Este espazo tamén é atravesado dende hai séculos polo camiño de Santiago do Norte.

A nivel antrópico, vese o enorme desenrolo urbanístico dos últimos anos, moitas das veces non programado e que fai que todo este ámbito estea dominado por solos industriais vencellados ás dúas vías de comunicación antes mencionadas.

Actuacións realmente desafortunadas que empobreceron de maneira clara os niveis de calidade ambiental e paisaxístico desta zona de Almeiras.

Destacan varios asentamentos rurais: A Choeira, Vigovidín, Alvedro ou Liñares, todos eles moi alterados por novas construcións residenciais e industriais.

2.2. Vencellado á conca de Tarrío.

Está formado polo espazo en torno ao que están asentados os núcleos de Tarrío e de Toroño.

É unha conca aberta cara o Río Mero polo Leste e rodeada de zona elevadas no resto das direccións, entre o Monte San Miguel ao Oeste, o Monte de San Cosme ao Sur, e o altiplano do aeroporto ao Norte.

Trátase dunha zona de transición entre a unidade paisaxística urbana e a rural, atopándose nela equipamentos como a Casa Consistorial ou centros educativos.

Así, a nivel xeomorfolóxico, conforma unha pequena conca moi recollida e protexida, o que lle confire un microclima moi especial.

Isto reflíctese nos elementos bióticos, abundantes en cultivos agrícolas e froiteiros.

A medida que nos afastamos dos núcleos, os terreos agrícolas vanse abandonando e son substituídos por plantacións de eucalipto, que non precisan de tanto traballo e reportan beneficios económicos.

Dende o punto de vista antrópico, vese o desenrolo e crecemento destes asentamentos tradicionais, a través de novas construcións residenciais unifamiliares, e de equipamentos como centros educativos ou deportivos.

Como resumo pódese concluír que, nesta paisaxe tan "urbana", son moito máis importantes os fenómenos antrópicos que os físicos e bióticos:

A modificación do territorio por parte do home chega a un grao moi elevado, ata o punto de transformar unha pequena dorsal nun aeroporto, rebaixar a altura dun outeiro para mellorar o transporte aeroportuario, ou modificar o perfil do relevo para a construción dunha autoestrada ou de vías de alta capacidade.

Tamén é importante mencionar o impacto ambiental que ten esta paisaxe a nivel acústico, debido á gran cantidade de tráfico metropolitano que soportan as súas vías terrestres, así como o tráfico aeroportuario, os cales chegan ás veces a alterar a vida diaria desta zona do municipio.

Dende o punto de vista do *criptosistema*, a proximidade de Culleredo con Coruña, e unha serie de factores económico-sociais, fan que a partires da segunda metade do século XX, esta zona do municipio experimente un maior desenrolo, froito do continuo crecemento da cidade da Coruña, onde por unha banda, o menor prezo do solo e por outra, a calidade visual e paisaxística dos lugares máis elevados, fixeron que diferentes clases sociais fosen rapidamente colonizando esta parte do concello.

A instalación de industrias como a Cros ao borde da ría, e posteriormente, de equipamentos como a Universidade Laboral, axudaron a dinamizar o desenrolo urbano desta zona de Culleredo.

Actualmente, conforma un tecido urbano consolidado, no que habita máis do 85% de toda a poboación do concello.

A paisaxe destes dous ámbitos, pódese observar de varios xeitos:

- Dende os puntos de cota máis alta, e con visión descendente apreciarase o tecido urbano e a fronte marítima, ao Norte, e os asentamentos menos urbanizados ao Sur.
- Dende o interior desta área de intervisibilidade, inmersos na propia trama urbana, nunha serie de planos radioconcéntricos e onde destaca o noiro do aeroporto ao Suroeste, os Montes da Zapateira ao Suroeste, o Monte da Corveira ao Oeste e o Concello de Oleiros ao Norte, ao outro lado da ría.
- Dende o Concello de Oleiros, na marxe oposta da Ría da Coruña, a unidade obsérvase como unha fronte marítima completamente urbanizada, como un horizonte construído e flanqueado polo aeroporto e o Monte da Corveira.

Como lugares destacables, ben pola súa calidade paisaxístico ambiental, ou ben pola súa posición xeográfica e topográfica, pódese mencionar o Monte Alfeirán, na zona máis ao Norte desta unidade paisaxística, o Monte Costa e o fronte marítimo da Ría do Burgo.

Os dous primeiros accidentes xeográficos, son importantes pola súa altura, xa que desde eles pódese contemplar case toda esta unidade paisaxística e súas relacións coas outras partes do concello.

Ademais, o nivel de fragilidade é elevado nestes dous elementos, xa que no primeiro deles as urbanizacións e as repoboacións de eucalipto están a comerlle terreo; no segundo, a súa proximidade co aeroporto fixo que tivese que ser rebaixado en altura.

O fronte marítimo da Ría do Burgo, aínda que é máis perceptible na súa totalidade dende os Concellos de Oleiros e Cambre, pódese entender como a "fachada" de Culleredo.

Aínda que a recuperación desta ribeira a través dun parque metropolitano mellorou moito a imaxe desta zona do concello, a densidade edificatoria fai que se deba ser cautos e coidadosos á hora de formular novas actuacións urbanísticas que preserven o grao de calidade ambiental conseguido.

Como conclusión, pódese dicir que esta paisaxe urbana, unha vez rexenerada a súa liña de borde marítimo, unha vez reconvertida do seu pasado industrial, resulta un lugar que posúe uns niveis de confort urbanístico e ambiental máis que aceptables.

A paisaxe rural:

Esta unidade paisaxística abrangue a maior parte do concello, e está directamente vencellada á subconca fluvial do Valiñas, e á conca principal, a do Río Mero, no tramo final deste último.

Dende un punto de vista xeomorfolóxico, esta paisaxe está conformada por unha gran ámbito ao que verten diferentes afluentes do Río Valiñas.

As pendentes varían entre o 0% e o 50 % agás na "parede" que forman ao Sur os Montes do Xalo, onde superan o 70% de inclinación.

Non se trata dunha conca visual perfecta. É máis, posúe unha certa complexidade dende o punto de vista xeomorfolóxico xa que varios outeiros reducen os puntos de visión de conxunto, e ademais, varios vales conectan con esta conca dende os concellos limítrofes. Así resultará, máis axeitado adoitar a denominación de área de intervisibilidade.

A característica principal desta unidade é a dunha paisaxe propia das agras coruñesas, na que nas zonas altas dos vales convexos, atópanse as especies forestais, sobre todo eucalipto e piñeiro, xunto con matogueira e monte baixo:

Nos bordes dos vales sitúanse os núcleos máis tradicionais; as pradarías e espazos de cultivo localízanse entre estes e o monte, ademais de no medio do val.

Nos últimos anos, e froito do desenrolo da área metropolitana da Coruña, estase a ver un crecemento dos asentamentos tradicionais ao longo das estradas que comunican o val do Valiñas, coa construción de novas vivendas unifamiliares espalladas polo territorio.

A pouca pendente do Río Valiñas fai que seu trazado non sexa lineal, habendo moitas zonas de pequenos meandros que fai que os terreos máis próximos sexan moi brañentos.



Paisaxe rural de Culleredo

O espazo agrícola que envolve o Val do Valiñas desenrólase por medio de cultivos anuais e de horta. Atópanse algúns invernadoiros en mal estado, que falan da recesión deste sector. As especies que bordean o espazo agrícola son ripísticas, e nalgúns casos chegan a formarse pequenos bosques de frondosas.

Espallados por todo o val, unha vintena de muíños, case todos abandonados, deixan constancia do aproveitamento do solo rural durante o século XX.

Aínda que moito menor que na unidade urbana descrita con anterioridade, aquí tamén existe unha antropización da paisaxe que vai en aumento:

- Grandes vías de comunicación atravesan o val alterando tanto os espazos inmediatos, como todo o entorno, e incluso, chegando a afectar ao fondo escénico. Supoñen non só unha barreira visual, senón tamén física xa que cortan as comunicacións entre os diferentes asentamentos tradicionais.
- Ademais, a presenza do Parque Loxístico de Culleredo, cunha superficie de máis de 50 Has, tamén supón un impacto, visual, ambiental e paisaxístico moi importante.

Todos estes fenómenos está directamente relacionados co chamado *criptosistema*, o conxunto de elementos que aínda non son percibibles a través dos sentidos, si son resultado da lóxica e do raciocinio dentro da evolución do sistema.

A situación xeográfica de Culleredo, ao limitar polo Oeste co Concello da Coruña, é responsable directa de todas estas transformacións de dinámica socio-económica, nas que tamén se ven implicados os concellos limítrofes.

A necesidade de solo empresarial, xa esgotado no centro da metrópole; a procura dunha calidade de vida fora da cidade e en contacto coa natureza; a esixencia de mellorar as vías de comunicación que conectan A Coruña co resto do territorio, a necesidade de abastecer de enerxía a toda a área metropolitana a través de liñas de alta tensión...

Son factores que alteran unha paisaxe eminentemente rural, moi vencellada ao medio ata hai pouco tempo.

Aínda poden verse polo territorio varias granxas de gando porcino e vacún, moitas delas abandonadas, froito da necesidade de abastecer á área metropolitana da Coruña, a partires do crecemento demográfico dos anos 70.

Tamén subsiste a día de hoxe algunha granxa de gando vacún, situadas en zonas de pouca pendente para aproveitar os terreos como pradarías.

Esta unidade paisaxística pódese observar dende diferentes puntos:

- Dende o centro do val, obtendo unha visión moi ampla e con diferentes planos de visión en tódalas direccións. Existen varias zonas do centro do val onde se pode percibir unha lectura global de toda a área de intervisibilidade.
- Dende calquera das zonas de borde do mesmo, onde a visión redúcese máis ou menos en función da posición e da dirección na que se observa.

Esta visión máis ou menos completa do entorno, varía principalmente segundo a altura á que o suxeito se sitúe, sendo dende o punto máis elevado do concello, nos Montes do Xalo, dende onde mellor se percibe esta paisaxe.

Dadas as irregularidades e as peculiaridades desta unidade paisaxística, parece necesaria unha análise máis polo miúdo, que divida o espazo en diferentes concas visuais máis pequenas:

A orografía pouco a pouco vai gañando altura a través de varios outeiros ou cotos entres vales, que se localizan de Norte a Sur e que van desde os pouco máis de 200 metros, ata os máis de 500.

Orro



Área de intervisibilidade de Orro:

Adoita unha forma estreita e longa, no punto de conexión de dous vales distintos que se xuntan, e que se van estreitando a medida que conflúen. Os dous asentamentos que se localizan nesta área son Orro e Souto. Este último, está vencellado de maneira natural ao Val de Uxes, dentro do Concello de Arteixo. A paisaxe que se percebe dende este asentamento, desenrólase fora do municipio.

Bregua



Conca de Bregua:

De maneira similar ao caso anterior, pero menos significativo. Trátase de dous vales que se estreitan a medida que se achegan dende concellos diferentes e se unen nun pequeno porto. Por unha banda, o Val de Morás, en Arteixo. Por outra, o Val do Valiñas. Aquí pérdese a visión conxunta, dando como resultando planos de visión moi limitados, estreitos e unidireccionais, cara ao Val do Valiñas. Na particular oroxénese deste lugar, o Coto de Bregua, con 305 metros, domina esta paisaxe, acompañado do Coto da Parrocha, a 283 metros. Mentres, a aldea de Bregua aséntase a 150 metros de altitude.

A paisaxe resultante é unha pequena conca na que afloran os bolos e penedos entre matogueiras e repoboacións de eucalipto.

Un espazo moi recollido e protexido, pero tamén falto de accesibilidade e comunicación co resto do municipio.

Boedo



Conca de Boedo

Na parte máis Suroeste do concello, o asentamento de Boedo, localízase sobre un pequeno porto a 160 metros de altitude, no punto de confluencia de dous vales, o Val de Loureda en Arteixo e o Val do Valiñas.

Pouco a pouco, o relevo vai gañando altura e neste caso, a paisaxe vese limitada polo Coto da Parrocha, a 283 m de altitude, e o Coto de Carboeiro, de 382 m.

Conforma un dos pasos naturais entre Arteixo, Culleredo e Carral, e está atravesado por a liña de ferrocarril.

O novo trazado do tren de alta velocidade, supón un impacto paisaxístico moi forte, xa que un viaduto de máis de 1 quilómetro de lonxitude, atravesa Boedo, dividíndoo en dous.

Conca da Ermida e Ternande

Constitúe un dos lugares máis particulares e característicos do concello. Está situada aos pés dos Montes do Xalo e forma unha conca visual moi regular, de pequeno tamaño e bastante pechada. Nela localízanse os asentamentos de Ternande e A Ermida, a unha altura duns 150 metros.

Ao redor deles, levántanse as paredes graníticas dos Montes do Xalo, ata máis de 500 metros de altura.

Os planos de visión son practicamente todos próximos ou intermedios, condicionados pola orografía dos Montes do Xalo.

Tan só na dirección Norte, eses planos se amplían ata o que se chama fondo escénico, podendo apreciar o Val do Valiñas.

Celas - Vinxeira



Área de Celas e Vinxeira:

Ao Sur de Culleredo, correspóndese cos vales de Veiga e de Celas.

Dende o punto de vista xeomorfolóxico, este ámbito é complexo, con elementos que condicionan as relacións de intervisibilidade a unhas determinadas cotas, pero non a outras, e que fan que esta área non adoite unha forma rotunda e ben definida nos seus límites.

Polo Oeste limita cos Montes de Boedo e Bregua; no Leste, cos Montes de Castelo; ao Norte, o Monte de San Cosme fai ás veces de fondo escénico.

Desenrólase entre a cota 50 e a cota 100, e conta cunha superficie bastante extensa, de tal xeito que hai claras variacións visuais entre os diferentes lugares da área.

Estes espazos desenrólanse en torno ao Río Valiñas e ao Rego das Pereiras, afluente do anterior na súa marxe dereita.

A nivel biolóxico, abundan os terreos agrícolas, todos eles moi fértiles. Tamén quedan as pegadas dun pasado gandeiro. Isto vese reflectido na existencia dalgunhas granxas de vacúns e porcinas.

Ocupa aproximadamente o espazo das agras dos lugares de Vinxeira Grande e Pequena, e de Celas e Peiro, onde tradicionalmente se desenrolou un traballo vencellado ao sector primario, no que destaca a produción hortofrutícola, co protagonismo da cereixa.

A protección dos ventos do Noroeste e a diferenza de cota entre o val e o monte que delimita toda a veiga do Río Valiñas, fai que existan un microclima moi especial, benigno, con ausencia de xeadas, e sen demasiados contrastes térmicos.

Ben é certo, que nas últimas décadas, estas labores agrícolas sufriron un forte retroceso, e os terreos de cultivo máis próximos aos asentamentos foron abandonados, ou ben transformados en “soares”.

Dáse un fenómeno de crecementos dos asentamentos tradicionais, en forma de novas tipoloxías edificatorias unifamiliares, consecuencia en parte da proximidade e boa comunicación de Culleredo coa Coruña, e en parte pola atracción de novos entendementos da vida contemporánea, na que a xente traballa na cidade, pero busca ao final do día a tranquilidade do campo.

A medida que os antigos terreos de labor se afastan dos asentamentos, estes acaban por converterse ás máis das veces, en repoboacións de eucalipto principalmente e, de piñeiros. Outros, abandónanse convertidos en matogueira.

Conca de Ledoño:

Localízase na parte central de Culleredo, e forma unha conca visual limitada polos Montes de Orro ao Oeste, o Monte da Gándara ao Sur, e que se abre cara o Leste, seguindo o curso de Río Valiñas.

A zona central ten moi pouca pendente e o Río Valiñas desenrólase en pequenos meandros.

Aquí tamén abundan os terreos agrícolas salpicados de especies ripícolas que denotan a presenza das canles fluviais do Valiñas e dos seus afluentes.

Nos montes que rodean esta conca, abundan as repoboacións de eucalipto e a matogueira.

A actuación do home vese reflectida nesta parte de Culleredo de xeito moi patente: a autoestrada A-6 atravesa o concello de Leste a Oeste, e divide esta zona de Ledoño en dous. Ademais da A-6, tamén se localiza nesta conca a conexión da A-6 coa AC-14, e coa estrada AC-400. Establécese así un nó de comunicacións moi importante onde tamén se sitúa o Parque Loxístico de Ledoño.

O resultado é unha paisaxe agrícola moi alterada por elementos antrópicos, e onde asentamentos tradicionais como Rumbo ou Sta. Marta de Ledoño se atopan nunha situación moi vulnerable.

Conca de Sueiro e Sésamo:

Xa na parte media do Río Valiñas, este espazo sitúase na parte central de Culleredo, ao Leste.

Limita polo Sur cos Montes de Castelo, polo Leste coa dorsal de Almeiras, no Concello de Cambre, e ao Norte, co Monte de San Cosme.

Cunha orografía máis complexa que a conca de Ledoño, os asentamentos tradicionais sitúanse no punto de inflexión entre o val e o monte, tentando buscar unha boa orientación e protección.

Volta a repetirse a situación de outras concas: os terreos de cultivo están entre o Río Valiñas e os asentamentos, mesturados con vexetación de ribeira. Nos montes que rodean a conca, case toda a superficie está ocupada por repoboacións de piñeiros.

É unha área que está ben comunicada con Cambre, e preto do enlace coa autoestrada A-6.

Isto fai que estes asentamentos tradicionais estean bastante alterados por construcións de novas tipoloxías residenciais.

Ademais, ao igual que na conca de Ledoño, aquí a autoestrada A-6, tamén actúa como barreira visual e ambiental de todo o entorno.

Vese claramente, como un novo elemento antrópico, condiciona as relacións dunha paisaxe rural.

A medida que nos achegamos ao Norte, atopámonos cunha paisaxe con elementos cada vez máis urbanos, entre pequenas áreas diseminadas de labor agrícola con vexetación natural dispersa, no marco dunha poboación rural, aínda rural.

A modo de conclusión, pódese dicir que esta paisaxe é a que caracteriza á maior parte do Concello de Culleredo. O val do Valiñas, unha zona de pouca pendente e solo fértiles que durante anos funcionaron como a chamada "despensa da Coruña".

Co tempo, o abandono do campo e as conseguíntes repoboacións de especies vexetais non autóctonas, así como as novas formas de asentarse no territorio rural por parte do ser humano, fixeron que este val vaia pouco a pouco perdendo peso específico e fai imprescindible unha labor de conservación e recuperación das ribeiras do Valiñas e dos seus afluentes.

Ademais do propio val do Valiñas, é importante destacar zonas como a conca da Ermida e Ternande, onde agás polas novas construcións residenciais, está moi pouco alterada con respecto ao resto do municipio, ou o discurso do Valiñas ao seu paso por Ledoño, e onde o Parque Loxístico e a autoestrada A-6, alteraron por completo o equilibrio desta parte do val.

Tamén o entorno do Monte de San Cosme, ata agora un lugar estratéxico e privilexiado do concello, viuse profundamente alterado polas repoboacións de eucalipto e pola construcións de novas infraestruturas de transporte e comunicacións.

A paisaxe de transición:

Entre a paisaxe rural que abrangue a maior parte do territorio de Culleredo e a paisaxe de monte, que conforma o límite natural do concello polo Oeste e polo Sur, existe outra paisaxe de transición, formada por unha estrutura de territorio moi antiga e rural, pero situada nunha posición xeográfica moi deferente á do val do Río Valiñas.

Esta paisaxe localízase na parroquia de Castelo, en torno a unha dorsal a uns 235 m de altura.

A nivel xeomorfolóxico, esta dorsal separa dúas zonas claramente diferenciadas;

- A conca de Vilaverde: unha ladeira que mira ao Sureste e que forma unha conca visual pequena e complexa en torno ao Rego de Brexa, xa na paisaxe do Concello de Carral.
- Outra ladeira menos inclinada que como un balcón, mira dende o Suroeste ao val do Río Valiñas.

Sons solos que están entre o macizo granítico e o Dominio de Ordenes, abundante en xistos.

Destacan as praderías nos terreos preto dos asentamentos, onde aínda quedan varias granxas de gando vacún.

Tamén abundan o terreos de labradío.

Esta zona non está ben comunicada co resto do concello. Isto fai que os asentamentos desta parroquia non medrasen demasiado e que non se atopen moi alterados.

Conca de Vilaverde:

Localizado ao Suroeste do municipio, é o resultado do discorrer do Rego do Porto de Paleo, que fai de límite municipal natural entre Culleredo e Carral.

Ao igual que acontece coa área de Orro, esta conca visual desenrólase fora do concello, nun val extremo onde de maneira escalonada se sitúan as aldeas de Vilaverde, Brexa e Xián.

Os terreos son principalmente agrícolas, con praderías e cultivos de horta e millo. Na parte baixa do val, a vexetación de ribeira acompaña ao Rego de Brexa.

É unha conca pouco alterada a non ser polas repoboacións de eucalipto.

Unha estrada estreita e sinuosa conecta o val con Carral.

Área de Castelo:

Formada por unha ladeira orientada cara o val de Vinxeira e Celas, localízanse os asentamentos de Castelo, Donepedre e Xalo, en torno aos 200 m de altura. Estes asentamentos vese, pola súa estrutura e polo traballo da pedra, que son moi antigos, e apenas están alterados.

Abundan os terreos de labradío e as praderías. Aínda así, este é un fenómeno en retroceso, xa que cada vez máis terras de labor son transformadas en repoboacións de eucalipto.

Esta zona de transición, xunto coas áreas de Bregua e Boedo mencionadas con anterioridade, son as partes de Culleredo que sufriron un menor dinamismo nos últimos anos.

Desta paisaxe destaca sobre todo a parte que mira cara o concello, cara o val de Valiñas. É unha zona máis aberta, situada a unha cota elevada e cuns asentamentos moi antigos, a cabalo entre a zona granítica e o Dominio de Ordenes.

Realmente, é o miradoiro previo á subida aos Montes do Xalo.

O principal elemento que dificulta a súa conservación é o eucalipto, xa que impide gran parte das relacións visuais e ambientais co resto do concello. Polo demais, é unha zona de Culleredo con moi pouco desenvolvemento urbanístico e onde o núcleo existentes aínda non foron moi alterados.



Castelo

A paisaxe de monte:

Ademais das paisaxes urbana, rural e de transición que se dan no Concello de Culleredo, existe outra unidade paisaxística que se desenrola en dúas zonas moi concretas do municipio:

- A primeira destas zonas localízase ao Oeste, nos Montes da Zapateira, que establecen unha barreira física entre os Concellos da Coruña e Culleredo.

Cun desnivel medio duns 120 metros sobre o Val de Castro e O val do Valiñas, caracterízase por unhas abas convexas, que van subindo de cota de maneira progresiva, e presenta unhas formas bastante uniformes

O punto máis elevado destes montes atópase no lugar chamado Coto Grande, que cunha altura de máis de 270 metros, permite contemplar toda a conca fluvial do Río Valiñas e o Val de Morás, en Arteixo.

Non existe a presenza de lámina de auga, agás nalgunhas zonas brañentas, froito dalgún manancial e do auga de choiva ao ficar estancada no substrato granítico.

Esta parte do municipio está practicamente despoboadada, dadas as condicións de climatoloxía e orografía, as cales dan como resultado un terreo improdutivo, desprotexido e moi exposto. Aínda así, quedan restos arqueolóxicos de enterramentos, que si intúen unha colonización hai séculos, entre outras razóns, por motivos defensivos derivados do propio relevo e alturas.

No referente aos elementos bióticos, toda esta zona está repoboada por eucaliptos, xa que debido ás características do terreo, e da súa xeomorfoloxía, nunca foi unha zona idónea para os cultivos. Os solos son pobres, pouco fondos e degradados. Proba diso é a presenza da especie vexetal *Asphodelus albus*, propia de terreos vítimas de incendios ou con moi pouca fertilidade.

As repoboacións de eucaliptos alternan con especies arbustivas como os toxos ou as xestas

- A segunda zona de Culleredo que corresponde a este tipo de unidade paisaxística, abrangue a zona Sur do municipio, e a forman os Montes do Xalo.

Aquí a paisaxe é moito máis rotunda. Trátase dun macizo granítico de abas convexas e con pendentes moi fortes, que forman unha auténtica parede de remate de val.

Agora a altura é moito maior, chegando a case 400 metros de desnivel.

A xeomorfoloxía desta zona condiciona por completo esta paisaxe. É a formación montañosa máis elevada da comarca, e a que recibe e frea moitas das borrascas que chegan polo Suroeste.

O punto máis alto localízase no chamado Outeiro da Hermida e ten unha altura de máis de 520 metros.

A humidade, as temperaturas, a exposición... a climatoloxía está fortemente condicionada pola orografía.



Estas características do relevo afectan tamén aos elementos biolóxicos. Ao tratarse de terreos graníticos e con pouco substrato fértil, as especies forestais non son moi variadas.

Abundan as repoboacións de eucaliptos a media aba e de piñeiros nas partes máis altas.

Ademais destas dúas especies forestais, nos Montes do Xalo, atópase monte baixo e a matogueira, con predominancia de toxos, xestas e uces.

Os afloramentos de bolos e penedos axudan a facer desta zona un lugar característico dende hai séculos. De feito, ao igual que nos Montes da Zapateira, tamén quedan restos arqueolóxicos.

Pola súa orografía e pola súa posición, que domina todo o concello ata a Ría do Burgo, polo feito de tratarse duns montes veciñais, onde hai un interese e un coidado nas repoboacións forestais, os Montes do Xalo resultan unhas das zonas máis atractivas pero tamén fráxiles de todo o concello de Culleredo.



Imaxes dos Montes de Xalo

Entre os Montes da Zapateira e os Montes do Xalo, existe toda unha paisaxe similar, que pon en contacto as dúas zonas antes mencionadas e que se desenrola por todo o Oeste do concello. Unha orografía que establece unha barreira visual entre Culleredo e Arteixo e A Laracha, pero que permite dende seus puntos máis elevados a visión de a case totalidade do concello.

Os Montes de Orro, o Coto de Bregua, ou a Pena da Cebola, conforman unha paisaxe granítica, que vai gañando altura ata chegar aos Montes do Xalo, e onde abundan as repoboacións de eucalipto e a matogueira, todo isto salpicado por penedos e bolo graníticos que impiden o crecemento de calquera tipo de especie forestal.

Atravesando este conxunto granítico de Oeste a Leste, atópanse os vales de Uxes, de Morás e de Loureda, que dende Arteixo, penetran no concello de Culleredo.

Dentro desta unidade paisaxística de monte, pódense destacar aqueles lugares que pola súa posición xeográfica e pola súa topografía, son puntos de dominio visual e paisaxístico.

Estes lugares en moitas ocasións coinciden con antigos achádegos arqueolóxicos, como castros ou mámoas.

Podemos destacar de Norte a Sur e de Oeste a Este, os seguintes:

- o Monte da Castiñeira, no entorno dos Montes da Zapateira, que cunha altura de máis de 230m, domina todo curso baixo do Río Valiñas e a zona da Ría do Burgo.
- o Coto Grande, a máis de 270m e tamén nos Montes da Zapateira e no límite municipal. Dende este lugar divísanse os Concellos de Arteixo, A Laracha e o propio Culleredo.
- xa na metade Sur de Culleredo, o Coto de Bregua, de 300m de altura e o Coto do Carboeiro de máis de 380m, dominan toda a parte Suroccidental do concello.
- por último, os Montes do Xalo, que con altitudes que varían entre os 400m e os 500m, constitúen o fondo escénico de todo Culleredo.

Destacan lugares como o Monte do Castro, o Castelo da Veiga, a Pena de Santa Marta, ou o Outeiro da Ermida.

Nos Montes do Xalo, pola súa característica de monte comunal, as repoboacións forestais están máis controladas e coidadas.


No que respecta ao resto da unidade paisaxística de monte, o nivel de fragilidade está condicionado principalmente á presenza de eucalipto na meirande parte da súa superficie, en terreos xa de por si degradados e de pouca fertilidade.

O eucalipto constitúe unha barreira visual infranqueable e que empobrece a paisaxe circundante.


ANEXO 1:
PLANOS-FICHAS DO ESTUDO DA PAISAXE

ÍNDICE GUÍA


- EP-01 UNIDADE PAISAXÍSTICA URBANA
- EP-02 UNIDADE PAISAXÍSTICA RURAL
- EP-03 UNIDADE PAISAXÍSTICA DE TRANSICIÓN
- EP-04 UNIDADE PAISAXÍSTICA DE MONTE
- EP-05 ÁREA DE INTERVISIBILIDADE RÍA DA CORUÑA, ÁREA DE VILABOA-O BURGO
- EP-06 ÁREA DE INTERVISIBILIDADE RÍA DA CORUÑA, CONCA DE CASTRO
- EP-07 ÁREA DE INTERVISIBILIDADE DO RÍO MERO, CONCA DE ALMEIRAS
- EP-08 ÁREA DE INTERVISIBILIDADE DO RÍO MERO, CONCA DE TARRÍO
- EP-09 ÁREA DE INTERVISIBILIDADE DO RÍO VALIÑAS, CONCA DE ORRO-SOUTO
- EP-10 ÁREA DE INTERVISIBILIDADE DO RÍO VALIÑAS, CONCA DE BREGUA
- EP-11 ÁREA DE INTERVISIBILIDADE DO RÍO VALIÑAS, CONCA DE BOEDO
- EP-12 ÁREA DE INTERVISIBILIDADE DO RÍO VALIÑAS, CONCA DE A ERMIDA-TERNANDE
- EP-13 ÁREA DE INTERVISIBILIDADE DO RÍO VALIÑAS, CONCA DE CELAS-VINXEIRA
- EP-14 ÁREA DE INTERVISIBILIDADE DO RÍO VALIÑAS, CONCA DE LEDOÑO
- EP-15 ÁREA DE INTERVISIBILIDADE DO RÍO VALIÑAS, CONCA DE SÉSAMO-SUEIRO
- EP-16 ÁREA DE INTERVISIBILIDADE DE CASTELO, ÁREA DE CASTELO
- EP-17 ÁREA DE INTERVISIBILIDADE DE CASTELO, CONCA DE VILAVERDE





	UNIDADE PAISAXÍSTICA URBANA		ÁREAS CON POTENCIAL PAISAXÍSTICO OU AMBIENTAL, FRÁXILES OU DEGRADADAS
	UNIDADE PAISAXÍSTICA RURAL		ÁREAS CON INTERESE ARQUEOLÓXICO
	UNIDADE PAISAXÍSTICA DE TRANSICIÓN		
	UNIDADE PAISAXÍSTICA DE MONTE		





ELEMENTOS DESTACABLES DO FENOSISTEMA			XEOMETRÍA DA CONCA		ESTUDO DA PAISAXE	
FISICOS	BIOLÓXICOS	ANTRÓPICOS	Extensión da envolvente visual:	Variable	UNIDADE PAISAXÍSTICA URBANA	EP-01
Xeomorfoloxía: Desembocadura de ría e vales entre outeiros	Arboredo autóctono: Escasa vexetación de ribeira e matogueira	Accesibilidade: Variable	Compacidade (densidade de puntos visibles):	Variable		
Exposición: Media-Alta	Arboredo alóctono: Eucalipto/piñeiro	Asentamentos: Tradicionais moi alterados e con novos crecementos	Dirección da visual:	Variable		
Pendente: 0-40%	Repoioación forestal: Eucalipto/piñeiro	Elementos históricos: Igrexa do Burgo, Ponte Medieval do Burgo	Forma da conca:	Variable		
Orientación: Varias	Cultivos: En claro retroceso	Arquitectura do territorio: Non	Densidade de planos de visión:	Variable		
Lámina de auga: Ría e varios regos que desembocan na ría	Outros: Marisqueo de bivalvos na ría	Intrusións externas: Aeroporto, vías de comunicación, industria				
Sons e ruidos: Autoestrada AP-9, Terceira Ronda, Aeroporto, Industria		Outros: Novos crecementos periurbanos				
Nivel de fragilidade: Media		Valoración: Media-Alta				




ELEMENTOS DESTACABLES DO FENOSISTEMA			XEOMETRÍA DA CONCA		ESTUDO DA PAISAXE	
FÍSICOS	BIOLÓXICOS	ANTRÓPICOS	Extensión da envolvente visual:	Variable	UNIDADE PAISAXÍSTICA RURAL	EP-02
Xeomorfoloxía: Vales de diferentes formas, tamaños e pendentes	Arboredo autóctono: Arbustos e vexetación de ribeira	Accesibilidade: Variable	Compacidade (densidade de puntos visibles):	Variable		
Exposición: Media-Alta	Arboredo alóctono: Eucalipto/piñeiro	Asentamentos: Tradicionais alterados e con novos crecements	Dirección da visual:	Variable		
Pendente: 0-50%	Reposición forestal: Eucalipto/piñeiro	Elementos históricos: Muíños, hórreos e xacementos arqueolóxicos	Forma da conca:	Variable		
Orientación: Varias	Cultivos: En retroceso	Arquitectura do territorio: Variable: cómaros, pequenas terrazas	Densidade de planos de visión:	Variable		
Lámina de auga: Presenza dunha canle fluvial principal e seus afluentes	Outros: Zonas de brañas próximas ó río	Intrusións externas: Parque Loxístico de Ledoño, vías de comunicación				
Sons e ruidos: Autoestrada A-6, Terceira Ronda, Aeroporto		Outros: Novos crecements contemporáneos mal integrados				
Nivel de fragilidade: Media-Alta		Valoración: Media-Alta				




ELEMENTOS DESTACABLES DO FENOSISTEMA			XEOMETRÍA DA CONCA		ESTUDO DA PAISAXE	
FÍSICOS	BIOLÓXICOS	ANTRÓPICOS	Extensión da envolvente visual:	Variable	UNIDADE PAISAXÍSTICA DE TRANSICIÓN	EP-03
Xeomorfoloxía: Variable	Arboredo autóctono: Frondosas e vexetación de ribeira	Accesibilidade: Regular, mala	Compacidade (densidade de puntos visibles):	Media		
Exposición: Media-Alta	Arboredo alóctono: Eucalipto	Asentamentos: Tradicionais algo alterados	Dirección da visual:	Ascendente/Descendente		
Pendente: Variable	Repoboación forestal: Eucalipto/piñeiro	Elementos históricos: Non	Forma da conca:	Alongada		
Orientación: Suroeste-Nordeste	Cultivos: Herbáceas, pradaría, millo	Arquitectura do territorio: Córmaros	Densidade de planos de visión:	Variable		
Lámina de auga: Pequenas canles fluviais	Animais domésticos: Gando vacún	Intrusións externas: Repoboación no espazo agrícola				
Sons e ruidos:	Outros:	Outros: Novos crecementsos contemporáneos mal integrados				
Nivel de fragilidade: Media-Alta		Valoración: Media-Alta				




ELEMENTOS DESTACABLES DO FENOSISTEMA			XEOMETRÍA DA CONCA		ESTUDO DA PAISAXE	
FÍSICOS	BIOLÓXICOS	ANTRÓPICOS	Extensión da envolvente visual:	Perímetro municipal	UNIDADE PAISAXÍSTICA DE MONTE	EP-04
Xeomorfoloxía: Penichairas	Arboredo autóctono: Arbustos e matogueira	Accesibilidade: Regular	Compacidade (densidade de puntos visibles):	Variable		
Exposición: Media-Alta	Arboredo alóctono: Eucalipto/piñeiro	Asentamentos: Non	Dirección da visual:	Variable		
Pendente: 0-50%	Repoboación forestal: Eucalipto/piñeiro	Elementos históricos: Xacementos arqueolóxicos	Forma da conca:	Variable		
Orientación: Varias	Cultivos: En retroceso	Arquitectura do territorio:	Densidade de planos de visión:	Variable		
Lámina de auga: Imperceptible	Outros: Afloramentos de penedos e bolos graníticos	Intrusións externas: Repoboación no espazo agrícola				
Sons e ruidos:	Algunhas zonas con terreos degradados	Outros: Novos crecementsos contemporáneos mal integrados				
Nivel de fragilidade: Media-Alta		Valoración: Media-Alta				



ELEMENTOS DESTACABLES DO FENOSISTEMA			XEOMETRÍA DA CONCA		ESTUDO DA PAISAXE	
FÍSICOS	BIOLÓXICOS	ANTRÓPICOS	Extensión da envolvente visual:	Grande	ÁREA DE INTERVISIBILIDADE RÍA DA CORUÑA ÁREA DE VILABOA-O BURGO	EP-05
Xeomorfoloxía: Desembocadura de ría	Arboredo autóctono: Vexetación de ribeira (escasa)	Accesibilidade: Boa	Compacidade (densidade de puntos visibles):	Media-Alta		
Exposición: Alta	Arboredo alóctono: Eucalipto/ornamentais	Asentamentos: Urbanos	Dirección da visual:	Horizontal		
Pendente: 0-30%	Repoboación forestal: Eucalipto	Elementos Históricos: Ponte Medieval do Burgo	Forma da conca:	Ovalada e aberta		
Orientación: Noreste	Cultivos: Xa extinguidos	Arquitectura do territorio: Non	Densidade de planos de visión:	Media		
Lámina de auga: Moi presente. Desembocadura do Río Mero.	Outros: Cultivo de bivaldos na ría	Intrusións externas: Aeroporto, autoestrada, industria...				
Sons e ruidos: Tecido urbano consolidado, autoestrada AP-9, estrada N-550, aeroporto		Outros: Asimilación aos barrios dormitoriois periurbanos				
Nivel de fragilidade: Media		Valoración: Media				



ELEMENTOS DESTACABLES DO FENOSISTEMA			XEOMETRÍA DA CONCA		ESTUDO DA PAISAXE	
FÍSICOS Xeomorfoloxía: Val estreito de ladeiras cóncavas de pendentes medias Exposición: Media Pendente: 10-40% Orientación: Noroeste-Surleste Lámina de auga: Perceptible debido a unha canle fluvial no centro do val Sons e ruidos: Autoestrada AP-9, aeroporto Nivel de fragor: Media-Alta	BIOLÓXICOS Arboredo autóctono: Vexetación de ribeira (escasa) Arboredo alóctono: Eucalipto/ornamentais Repoboación forestal: Eucalipto Cultivos: De autoconsumo nos núcleos tradicionais e en claro retroceso Outros:	ANTRÓPICOS Accesibilidade: Regular Asentamentos: Tradicionais alterados Elementos Históricos: Castro de Castro Arquitectura do territorio: Non Intrusións externas: Grandes equipamentos, Terceira Ronda, novos asentamentos residenciais Outros:	Extensión da envolvente visual: Media Compacidade (densidade de puntos visibles): Media-Alta Dirección da visual: Ascendente/descendente Forma da conca: Alongada Densidade de planos de visión: Media	ÁREA DE INTERVISIBILIDADE DA RÍA DA CORUÑA CONCA DE CASTRO		EP-06
			Valoración: Media-Baixa			



ELEMENTOS DESTACABLES DO FENOSISTEMA		ANTRÓPICOS		XEOMETRÍA DA CONCA		ESTUDO DA PAISAXE			
FÍSICOS Xeomorfoloxía: Val moi aberto na confluencia do Río Valiñas e o Mero Exposición: Media-Alta Pendente: 0-20% Orientación: Suroeste-Nordeste Lámina de auga: Desembocadura do Río Mero Sons e ruidos: Aeroporto, industria, estrada N-550, autoestrada AP-9		BIOLÓXICOS Arboredo autóctono: Vexetación de ribeira Arboredo alóctono: Eucalipto Repoboación forestal: Eucalipto Cultivos: En retroceso. Pequena agricultura de autoconsumo Outros:		Accesibilidade: Boa Asentamentos: Tradicionais alterados Elementos históricos: Castro de Alvedro Arquitectura do territorio: Ecosistema de braña Intrusións externas: Talude artificial do aeroporto, crecemento industrial e residencial desordenado Outros:		Extensión da envolvente visual: Media-Alta Compacidade (densidade de puntos visibles): Media-Alta Dirección da visual: Ascendente-Descendente Forma da conca: Ovalada e aberta Densidade de planos de visión: Media-Alta		ÁREA DE INTERVISIBILIDADE DO RÍO MERO CONCA DE ALMEIRAS	EP-07
Nivel de fragilidade: Media		Valoración: Media-Baixa							




1



2




3





72

ANEXO 1


ELEMENTOS DESTACABLES DO FENOSISTEMA			XEOMETRÍA DA CONCA		ESTUDO DA PAISAXE	
FÍSICOS	BIOLÓXICOS	ANTRÓPICOS	Extensión da envolvente visual:	Media	ÁREA DE INTERVISIBILIDADE DO RÍO MERO CONCA DE TARRÍO	EP-08
Xeomorfoloxía: Val entre outeiros	Arboredo autóctono: Vexetación de ribeira	Accesibilidade: Regular	Compacidade (densidade de puntos visibles):	Media-Alta		
Exposición: Media	Arboredo alóctono: Eucalipto	Asentamentos: Tradicionais alterados	Dirección da visual:	Ascendente/Descendente		
Pendente: 10-30%	Repoboación forestal: Eucalipto	Elementos históricos: Igrexa de San Estevo de Tarrío	Forma da conca:	Amorfa		
Orientación: Oeste-Este	Cultivos: En retroceso. Herbáceos, millo, pradería	Arquitectura do territorio: Terreos e muiños adaptados á canle fluvial	Densidade de planos de visión:	Media-Alta		
Lámina de auga: Perceptible debido a unha canle fluvial no centro do val	Outros:	Intrusións externas: Talude artificial do aeroporto, Equipamentos				
Sons e ruidos: Aeroporto, Terceira Ronda		Outros:				
Nivel de fragilidade: Media-Baixa		Valoración: Media-Baixa				




ELEMENTOS DESTACABLES DO FENOSISTEMA			XEOMETRÍA DA CONCA		ESTUDO DA PAISAXE	
FÍSICOS Xeomorfoloxía: Paso entre outeiros Exposición: Media-Alta Pendente: 0-30% Orientación: Noroeste-Surleste Lámina de auga: Só perceptible a través de planos cortos do Rego de Orro Sons e ruidos: Ferrocarril, autoestrada A-6 Nivel de fragilidade: Media	BIOLÓXICOS Arboredo autóctono: Vexetación de ribeira e algunha masa de frondosas Arboredo alóctono: Eucalipto, piñeiro Repoboación forestal: Eucalipto Cultivos: Hortaliñas, leguminosas, Presenza de invernadoiros Outros:	ANTRÓPICOS Accesibilidade: Regular Asentamentos: Tradicionais algo alterados e novos crecementsos Elementos históricos: Muíños e hórreos Arquitectura do territorio: Córmaros e pequenas terrazas Intrusións externas: Autoestrada A-6, liña AVE. Outros: Algunha urbanización residencial. Valoración: Media-Baixa	Extensión da envolvente visual: Media Compacidade (densidade de puntos visibles): Media-Alta Dirección da visual: Ascendente/Descendente Forma da conca: Alongada Densidade de planos de visión: Media	ÁREA DE INTERVISIBILIDADE DO RÍO VALIÑAS CONCA DE ORRO-SOUTO		EP-09




ELEMENTOS DESTACABLES DO FENOSISTEMA			XEOMETRÍA DA CONCA		ESTUDO DA PAISAXE	
FÍSICOS Xeomorfoloxía: Pequeno val encaixado entre varios outeiros Exposición: Media Pendente: 10-50% Orientación: Noroeste-Sudeste Lámina de auga: Só perceptible a través de planos cortos do rego Sons e ruidos:	BIOLÓXICOS Arboredo autóctono: Arbustos e vexetación de ribeira Arboredo alóctono: Eucalipto Repoboación forestal: Eucalipto Cultivos: Legumes, hortalizas e pradaría Outros: Zona de braña á beira do cauce	ANTRÓPICOS Accesibilidade: Mala Asentamentos: Tradicionais alterados Elementos históricos: Muíños e hórreos Arquitectura do territorio: Non Intrusións externas: Antigo apeadeiro do tren, hoxe desmantelado Outros:	Extensión da envolvente visual: Pequena Compacidade (densidade de puntos visibles): Media Dirección da visual: Ascendente/Descendente Forma da conca: Ovalada Densidade de planos de visión: Media	ÁREA DE INTERVISIBILIDADE DO RÍO VALIÑAS CONCA DE BREGUA		EP-10
Nivel de fragilidade: Media-Alta			Valoración: Media-Alta			




ELEMENTOS DESTACABLES DO FENOSISTEMA			XEOMETRÍA DA CONCA		ESTUDO DA PAISAXE	
FÍSICOS	BIOLÓXICOS	ANTRÓPICOS	Extensión da envolvente visual:	Media	ÁREA DE INTERVISIBILIDADE DO RÍO VALIÑAS CONCA DE BOEDO	EP-11
Xeomorfoloxía: Porto entre dous vales entre dous concellos	Arboredo autóctono: Algunhas masas de frondosas e de ribeira	Accesibilidade: Regular	Compacidade (densidade de puntos visibles):	Media		
Exposición: Media	Arboredo alóctono: Eucalipto	Asentamentos: Tradicionais algo alterados	Dirección da visual:	Ascendente/Descendente		
Pendente: 5-50%	Reposoación forestal: Eucalipto	Elementos históricos: Hórreos	Forma da conca:	Alongada		
Orientación: Noroeste-Surleste	Cultivos: Legumes, hortalizas e pradaría	Intrusións externas: Viaduto AVE	Densidade de planos de visión:	Media		
Lámina de auga: Só perceptible a través de planos cortos do Río Valiñas	Outros:	Outros:				
Sons e ruidos: Ferrocarril						
Nivel de fragilidade: Media-Alta		Valoración: Media-Alta				




ELEMENTOS DESTACABLES DO FENOSISTEMA			XEOMETRÍA DA CONCA		ESTUDO DA PAISAXE	
FÍSICOS Xeomorfoloxía: Val pequeno e pechado Exposición: Alta Pendente: 0 - >50% Orientación: Suroeste-Noreste Lámina de auga: Só perceptible en planos cortos do Rego das Xesteiras Sons e ruidos:	BIOLÓXICOS Arboredo autóctono: Algunhas masas de frondosas e de ribeira Arboredo alóctono: Eucalipto/piñeiro Repoboación forestal: Eucalipto/piñeiro Cultivos: Millo, pradaría, leguminosas Animais domésticos: Gando vacún Outros: Zonas de brañas na marxe do Rego das Xesteiras	ANTRÓPICOS Accesibilidade: Mala Asentamentos: Tradicionais algo alterados e novos crecementsos Elementos históricos: Varios muiños e hórreos Arquitectura do territorio: Non Intrusións externas: Novas tipoloxías de vivenda unifamiliar moderna Outros:	Extensión da envolvente visual: Pequena Compacidade (densidade de puntos visibles): Media-Alta Dirección da visual: Ascendente/Descendente Forma da conca: Ovalada Densidade de planos de visión: Media-Alta	ÁREA DE INTERVISIBILIDADE DO RÍO VALIÑAS CONCA DE A ERMIDA-TERNANDE		EP-12
Nivel de fragilidade: Media-Baixa			Valoración: Alta			




ELEMENTOS DESTACABLES DO FENOSISTEMA			XEOMETRÍA DA CONCA		ESTUDO DA PAISAXE	
FÍSICOS Xeomorfoloxía: Val moi aberto de ladeiras cóncavas suaves Exposición: Media Pendente: 0-20% Orientación: Suroeste-Noreste Lámina de auga: Río de Valiñas e o Rego dos Pregos Sons e ruidos: AC-400 Nivel de fragilidade: Media	BIOLÓXICOS Arboredo autóctono: Vexetación de ribeira e algunha masa frondosa Arboredo alóctono: Eucalipto/piñeiro Repoboación forestal: Eucalipto/piñeiro Cultivos: Millo, pradaría, herbáceas.. Animais domésticos: Gando vacún Outros: Algunhas explotacións gandeiras, en retroceso	ANTRÓPICOS Accesibilidade: Regular Asentamentos: Tradicionais algo alterados Elementos históricos: Algúns muíños e hórreos Arquitectura do territorio: Non Intrusións externas: Crecemento dos asentamentos ao longo das vías de comunicación Outros: Presenza de invernadoiros Valoración: Media	Extensión da envolvente visual: Media-Alta Compacidade (densidade de puntos visibles): Media-Alta Dirección da visual: Horizontal Forma da conca: Amorfa Densidade de planos de visión: Media-Alta	ÁREA DE INTERVISIBILIDADE DO RÍO VALIÑAS CONCA DE CELAS-VINXEIRA		EP-13




ELEMENTOS DESTACABLES DO FENOSISTEMA			XEOMETRÍA DA CONCA		ESTUDO DA PAISAXE	
FÍSICOS Xeomorfoloxía: Pequeno val entre outeiros Exposición: Media Pendente: 0-20% Orientación: Suroeste-Noreste Lámina de auga: Perceptible nos arredores do Río Valiñas Sons e ruidos: Parque Loxístico de Ledoño, Autoestrada A-6 Estrada AC-523, Terceira Ronda Nivel de fragilidade: Media-Alta	BIOLÓXICOS Arboredo autóctono: Vexetación de ribeira e algunha masa frondosa Arboredo alóctono: Eucalipto Repoboación forestal: Eucalipto Cultivos: Pradaría, millo, herbáceas. Animais domésticos: Gando vacún Outros: Algunhas explotacións gandeiras, en retroceso	ANTRÓPICOS Accesibilidade: Boa Asentamentos: Tradicionais pouco alterados Elementos históricos: Rumbo, Sta Marta de Ledoño Arquitectura do territorio: Non.Os terreos de laboura están en zonas chans Intrusións externas: Parque Loxístico de Ledoño, Autoestrada A-6 Terceira Ronda Outros:	Extensión da envolvente visual: Media Compacidade (densidade de puntos visibles): Media-Alta Dirección da visual: Horizontal Forma da conca: Ovalada Densidade de planos de visión: Media	ÁREA DE INTERVISIBILIDADE DO RÍO VALIÑAS CONCA DE LEDOÑO		EP-14
		Valoración: Media				



ELEMENTOS DESTACABLES DO FENOSISTEMA			XEOMETRÍA DA CONCA		ESTUDO DA PAISAXE	
FÍSICOS Xeomorfoloxía: Val aberto entre outeiros Exposición: Media-Alta Pendente: 0-40% Orientación: Suroeste-Noreste Lámina de auga: Na confluencia do Rego das Pereiras co Río Valiñas Sons e ruidos: Autoestrada A-6 Nivel de fragilidade: Media	BIOLÓXICOS Arboredo autóctono: Vexetación de ribeira e algunha masa frondosa Arboredo alóctono: Eucalipto/piñeiro Repoboación forestal: Eucalipto/piñeiro Cultivos: Pradaría, leguminosas Outros:	ANTRÓPICOS Accesibilidade: Regular Asentamentos: Tradicionais algo alterados Elementos históricos: Ermida de San Cosme, algúns muíños Arquitectura do territorio: Vivendas construídas a turr monte Intrusións externas: Autoestrada A-6 Outros: Crecementos espontáneos ao longo das vías de comunicación Valoración: Media	Extensión da envolvente visual: Media Compacidade (densidade de puntos visibles): Media-Alta Dirección da visual: Ascendente/Descendente Forma da conca: Ovalada Densidade de planos de visión: Media-Alta	ÁREA DE INTERVISIBILIDADE DO RÍO VALIÑAS CONCA DE SÉSAMO-SUEIRO		EP-15



ELEMENTOS DESTACABLES DO FENOSISTEMA			XEOMETRÍA DA CONCA		ESTUDO DA PAISAXE	
FÍSICOS Xeomorfoloxía: Ladeira de dorsal orientada a val moi aberto Exposición: Media-Alta Pendente: 10-40% Orientación: Suroeste-Nordeste Lámina de auga: Imperceptible Sons e ruidos:	BIOLÓXICOS Arboredo autóctono: Pequenas masas de frondosas Arboredo alóctono: Eucalipto Repoboación forestal: Eucalipto/Piñeiro Cultivos: Herbáceas, pradaría, millo Animais domésticos: Gando vacún Outros:	ANTRÓPICOS Accesibilidade: Regular Asentamentos: Tradicionais algo alterados Elementos históricos: Non Arquitectura do territorio: Cómaros Intrusións externas: Repoboación na espazo agrícola Outros:	Extensión da envolvente visual: Media-Alta Compacidade (densidade de puntos visibles): Media Dirección da visual: Ascendente/Descendente Forma da conca: Alongada Densidade de planos de visión: Media-alta	ÁREA DE INTERVISIBILIDADE DE CASTELO ÁREA DE CASTELO		EP-16
Nivel de fragilidade: Media-Alta		Valoración: Media-Alta				



ELEMENTOS DESTACABLES DO FENOSISTEMA			XEOMETRÍA DA CONCA		ESTUDO DA PAISAXE	
FÍSICOS	BIOLÓXICOS	ANTRÓPICOS	Extensión da envolvente visual:	Media	ÁREA DE INTERVISIBILIDADE DE CASTELO CONCA DE VILAVERDE	EP-17
Xeomorfoloxía: Ladeira de val encaixado	Arboredo autóctono: Masas de frondosas e vexetación de ribeira	Accesibilidade: Mala	Compacidade (densidade de puntos visibles):	Media		
Exposición: Media-Alta	Arboredo alóctono: Eucalipto	Asentamentos: Tradicionais pouco alterados	Dirección da visual:	Ascendente/Descendente		
Pendente: 0-20%	Repoboación forestal: Eucalipto/piñeiro	Elementos históricos: Non	Forma da conca:	Alongada		
Orientación: Suroeste-Norleste	Cultivos: Herbáceas, pradaría, millo	Intrusións externas: Cómáros	Densidade de planos de visión:	Media		
Lámina de auga: Perceptible debido a unha canle fluvial no centro do val	Outros:	Outros:				
Sons e ruidos:		Valoración: Media				
Nivel de fragilidade: Media-Alta						

ANEXO 2:
METODOLOXÍA E SÍNTESE DO ESTUDO DO MODELO DE
ASENTAMENTO RURAL.
PROPOSTA DO SISTEMA DE NÚCLEOS RURAIS

Durante o desenvolvemento deste traballo de estudo do medio urbano e rural e do modelo de asentamento de Culleredo procurouse explicar os procesos e dinámicas que tiveron lugar no “territorio humanizado” ata acadar o estado actual. As transformacións contemporáneas consecuencia da evolución da sociedade e materializadas no avance da cidade e en novas formas de ocupar e utilizar o territorio, fan que este traballo de análise presente dificultades.

O que vemos hoxe en Culleredo é un territorio en estado de transformación en diferentes graos; existen áreas xa transformadas onde o tecido urbano acaparou unha determinada superficie, outras áreas presentan a invasión dunhas tramas sobre o modelo territorial ancestral, ou ben a superposición ou substitución duns tecidos sobre outros, e outras en troques manteñen as estruturas rurais con diferentes estados de alteración.

